



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 57

VIII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 20 de xullo de 2010

Presidencia da Excma. Sra. D.^a Pilar Rojo Noguera

ORDE DO DÍA

1. Textos lexislativos

1.1 Debate de totalidade do Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia 08/PL-0012 (36940)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 247, do 08.06.2010

Publicación asignación Comisión, BOPG núm. 254, do 17.06.2010

Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 261, do 28.06.2010

1.2 Debate de totalidade do Proxecto de lei de augas de Galicia 08/PL-0013 (37112)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 247, do 08.06.2010

Publicación asignación Comisión, BOPG núm. 254, do 17.06.2010

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 258, do 23.06.2010

Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 261, do 28.06.2010

2. Comparecencia do presidente da Xunta para -ao abeiro do artigo 144 do Regulamento- avaliar a situación económica e financeira da Comunidade Autónoma e informar das accións e propostas que o Goberno galego está a adoptar neste contexto 08/CPP-0145 (41247)

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate de totalidade do Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 4.)

Defensa da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39599): *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 7.)

Defensa da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39649): *Sra. Fraga Santos (S).* (Páx. 10.)

Rolda de portavoces para fixar posicións: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 14.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)* (Páx. 17.) e *Sra. Fraga Santos (S).* (Páx. 18.)

Debate de totalidade do Proxecto de lei de augas de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación do proxecto de lei: *Sr. conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Hernández Fernández de Rojas).* (Páx. 19.)

Defensa da emenda á totalidade de devolución do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39595): *Sra. Sánchez Montenegro (BNG).* (Páx. 22.)

Defensa da emenda á totalidade de devolución do G. P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39648): *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 25.)

Rolda de portavoces para fixar posicións: *Sr. Varela Suanzes-Carpegna (P).* (Páx. 29.)

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Sánchez Montenegro (BNG)* (Páx. 31.) e *Sra. Gallego Calvar (S).* (Páx. 33.)

A señora presidenta anuncia que se van poñer a votación os textos lexislativos debatidos.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller: rexeitada por 35 votos a favor e 38 en contra. (Páx. 34)

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller: rexeitada por 35 votos a favor e 38 en contra. (Páx. 34.)

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ao Proxecto de lei de augas de Galicia: rexeitada por 35 votos a favor e 38 en contra.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ao Proxecto de lei de augas de Galicia: rexeitada por 35 votos a favor e 38 en contra.

A señora presidenta informa de que estes proxectos de lei continuarán a tramitación parlamentaria coa súa adscrición ás correspondentes comisións.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para –ao abeiro do artigo 144 do Regulamento– avaliar a situación económica e financeira da Comunidade Autónoma e informar das accións e propostas que o Goberno galego está a adoptar neste contexto. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 35.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 44.), Sr. Vázquez Fernández (S) (Páx. 47.) e Sr. Ruíz Rivas (P). (Páx. 50.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 52.)

A señora presidenta abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. .) Nesta rolda interveñen o Sr. Aymerich Cano (BNG) (Páx. 58.), o señor Vázquez Fernández (S) (Páx. 60), o Sr. Ruíz Rivas (P) (Páx. 61.) e o señor presidente da Xunta de Galicia, Sr. Núñez Feijóo. (Páx. 63.)

Remata a sesión ás tres e media da tarde.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

A señora PRESIDENTA: Bos días, señorías.

Por favor, vaian ocupando os seus escanos.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 275, do 16 de xullo de 2010, polo que non se procede á súa lectura.

Xustificou a súa inasistencia o deputado don Henrique Viéitez Alonso.

Entramos pois, señorías, se lles parece, na orde do día, comezando polo punto un, de textos lexislativos.

Debate de totalidade do proxecto de lei polo que se suprima o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller e se modifican determinados artigos da Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para a presentación deste proxecto de lei ten a palabra o conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, don Alfonso Rueda Valenzuela, por un tempo de quince minutos.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señorías, bos días.

Vaia por diante ante todo no debate deste proxecto de lei algo que o Goberno galego ten moi claro e moi presente, e que é que as políticas de igualdade constitúen para nós un compromiso de dobre dirección: primeiro, entender a igualdade como un dereito –iso ante todo–, como unha necesidade esencial, pero tamén entendelo –e máis nestes intres– como unha oportunidade real e tanxible para a reactivación económica. Estamos convencidos de que investir en igualdade é o mesmo nestes intres que facelo en capacidades, facelo en enerxías, facelo en emprego, facelo en talento; facelo, en definitiva, nunha sociedade máis forte e máis

equilibrada e polo tanto que dispoña de máis armas para superar o difícil momento no que nos atopamos.

E como tiñamos isto claro dende o comezo da lexislatura, marcámonos como un obxectivo ineludible, como un dos principais obxectivos, reforzar as políticas de igualdade, sobre tres eixes fundamentais: queríamos darlle a máxima visibilidade, queríamos que tivera a meirande unidade de acción posible e queríamos tamén que fose –¿por que non?– neste eido a eficiencia unha premisa central na súa actuación precisamente para poder conseguir resultados, e resultados tanxibles.

E por iso cremos que hoxe en Galicia ese compromiso se reflexa –tiña que reflexarse así– dándolle á igualdade a máxima entidade política. E por iso a igualdade está situada na máxima, na primeira liña de prioridades, baixo o impulso directo dunha secretaría xeral que depende da Presidencia da Xunta.

E a esta finalidade diríxese tamén o proxecto de lei que hoxe debatemos. Probablemente sería fácil, se se quixera facer demagogia, dicir que é unha cousa diferente á que é a realidade. E a realidade é que contamos cunha secretaría xeral que a día de hoxe centraliza e coordina as políticas de igualdade de todos os departamentos da Xunta de Galicia, é dicir, que exerce unha transversalidade que o que busca é a eficacia e que as políticas de igualdade se convertan –como dicía– en resultados reais.

Nunca antes, señorías, nos preto de vinte anos de autogoberno, as políticas de igualdade tiveron a posición institucional tan destacada e acaída –cremos– para aplicar o principio de transversalidade que teñen hoxe coa creación desta Secretaría Xeral de Igualdade. Non se trata só de defender e promocionar a igualdade dende un punto de vista formal, que tamén ten a súa importancia, senón sobre todo –como dicía– de acadar dende o primeiro momento resultados reais.

Señorías, conseguir resultados en todos os eidos, e no eido da igualdade tamén, require concentrar os recursos no que é verdadeiramente importante: nos programas e nos servizos que serven para atender á cidadanía. Esta debe ser, polo menos é a nosa primeira prioridade de goberno, e a esta prioridade é á que responde este proxecto de lei.

O proxecto de lei que hoxe traemos a esta Cámara busca precisamente –como dicía– avanzar na eficiencia para conseguir resultados en algo tan importante: racionalizar e conseguir a integridade social das políticas de igualdade coa idea de optimizar recursos e evitar conseguir que non se dilúan en gastos que ao final non conseguen os fins e crean certa frustración.

É certo que o texto propón un cambio na estrutura organizativa en materia de igualdade, é certo. ¿E que buscamos con isto? Algo moi sinxelo: detectamos –detectouno a sociedade galega– que existía unha bicefalia nas políticas de igualdade e o que quixemos foi centralas –como dicía– nun único centro directivo para conseguir esa eficacia. A nosa responsabilidade como Goberno era superar –como digo– esta dualidade, herdada da anterior lexislatura, incomprendible para nós e para moitísima xente, e que se traducía en que existían dous centros directivos traballando sobre as mesmas competencias, con funcións análogas pero con modelos diferenciados dentro do mesmo Goberno, con distintos niveis de autonomía, de poder, de recursos e sobre todo sen coordinación, sen unha coordinación imprescindible.

E foi claro e evidente que desta situación derivou que, lonxe de impulsar avances, esta estrutura dual conseguiu xustamente o contrario: ralentizar a implantación de medidas, xerar confusión na cidadanía polo feito de teren que acudir a órganos diferentes para a tramitación de solicitudes que coincidían en moitísimas cousas, incrementando ademais os custos de xestión. En definitiva, todo aquilo que debería ter sido dedicado aos servizos perdíase en moitas ocasións en maquinaria burocrática que non conseguía resultados en algo tan importante como a igualdade.

E como máis burocracia, señorías, non é normalmente –e, dende logo, non o era neste caso– sinónimo de máis ou de mellores resultados, pensamos que había que facer un cambio na estrutura organizativa para conseguir estes resultados. Tratábase de favorecer a xestión máis alá das vontades ou das capacidades das persoas que dirixían en cada momento igualdades. Aquí estamos falando de poñer, por suposto, á fronte os mellores, pero que estean tamén á fronte dos organismos máis eficientes, máis eficaces e que poidan conseguir –como dicía– os mellores resultados. Eu creo que todos estaremos de acordo en que toda a política que

solape recursos, que disperse actividades e que duplique estruturas de decisión ten sempre moitas máis posibilidades de fracasar que de acadar os obxectivos esperados.

Este Goberno, señorías, cónstalles que cree nas fusións intelixentes, e aquí en políticas de igualdade fixemos unha fusión intelixente, compartimos o traballo para conseguir este plantexamento global de acadar resultados tanxibles en algo que necesita que estes resultados sexan tanxibles e que poidan ser percibidos pola sociedade.

Quede claro, señorías, quede moi claro que a supresión do Servizo Galego de Igualdade supón un cambio de estruturas, pero non supón en ningún caso unha alteración dos compromisos que todo Goberno debe ter, por encima de cores políticas, en materia de igualdades.

O Servizo Galego de Igualdade desempeñou ou desenvolveu ao longo da súa historia un papel moi importante en Galicia –ninguén o nega–, e por iso imos seguir aproveitando a súa experiencia, imos seguir mantendo os programas que teñan que ser mantidos e, por suposto, imos seguir contando coa experiencia e co magnífico labor dos seus profesionais. E por iso todas as funcións, as competencias, os programas, o persoal do Servizo Galego de Igualdade intégranse no ámbito de xestión da secretaría xeral, que coordina agora –como dicía– de xeito transversal estas políticas.

Esta é a realidade palpable que está detrás deste proxecto de lei, é a realidade entendible e é a realidade que só pode negar quen se poida empeñar en facer demagogia e en non querer entender o que cremos que é facilmente entendible se se quere ver dende un punto de vista obxectivo e dende un punto de vista de conseguir os resultados que todo o mundo espera. A ecuación, señorías, é sinxela: reducimos gasto burocrático para destinalo a investimento en materia de igualdade. Ese é o obxectivo, non se detrae ningún recurso senón que se mellora a xestión e se melloran os resultados.

Pero, dende logo, non só é a eficiencia o que estamos buscando –que é moi importante, insisto, nunha materia como esta–, e a eficiencia ímola conseguir unificando estes servizos comúns. Vaise gañar en operatividade, tamén se vai gañar en seguridade xurídica, se vai gañar en planificación, en eficacia e en axilidade. Pero, ademais, estes cambios tamén teñen unha función moi importante na dimensión dos

contidos de todo aquilo que se refire á igualdade. Queremos clarificar e reordenar o mapa competencial nun ámbito tan importante como este. De aí as modificacións tamén que plantexamos na Lei do ano 2007, por exemplo, sobre os programas municipais de conciliación da vida persoal, laboral e familiar, que a partir de agora, con esta modificación proposta, van estar mellor estruturados, van ter un mando único e van estar moito mellor coordinados.

Hoxe as políticas de conciliación con este proxecto de lei, señorías, volven ao lugar onde sempre deberon estar, ao departamento competente en materia de igualdade. Estamos firmemente convencidos que as estratexias de conciliación non podían quedar limitadas, como estaban ata o de agora, ás políticas de traballo; son algo máis, son moito máis. A conciliación é tamén sanidade, a conciliación é tamén educación, é tamén cultura, é tamén traballo no mundo das empresas, no mundo rural e moitísimas cousas. E por iso debe ser un centro directivo con impacto transversal quen se encargue das políticas de conciliación. A anterior Consellería de Traballo non conseguía, dende logo, este resultado na súa totalidade; as eivas eran claras e os pobres resultados nesta materia así o amosaron. Hoxe o desafío da conciliación responde a un único proxecto que é global e que está compartido e no que cren e traballan na mesma dirección todos e cada un dos diferentes departamentos da Xunta de Galicia.

Señorías, é hora de que fagamos da crise que estamos vivindo unha oportunidade para mellorar en todo aquilo que se poida mellorar, para acometer unha reforma, onde faga falta, da administración —insisto—, para que os resultados que nos plantexamos se poidan conseguir dun xeito máis áxil, dun xeito máis dinámico e —¿por que non tamén?— dun xeito máis innovador. É posible en aspectos tan importantes como a igualdade, en aspectos tan importantes como a conciliación, unha administración ben dimensionada que traballe moitísimo mellor.

Por iso, en nome do Goberno, pídolles desde esta tribuna a todos os grupos da Cámara a máxima coherencia nas súas propostas. Non tería moita lóxica que por unha banda se estea reclamando un adelgazamento da administración co obxectivo loable e entendible por todos e apoiado por todos —entendo tamén— de que sexa máis eficaz e, por outro lado, se estea criticando que en algo tan importante como as polí-

ticas de igualdade esteamos precisamente querendo facer iso, querendo facer unha administración máis eficiente, unha administración que concentre os recursos, que concentre a dirección precisamente para conseguir eses resultados.

E, dende logo, non é a primeira vez, señorías —e hai que recordalo—, que a Xunta de Galicia recoñece a necesidade de facer un redeseño organizativo nas políticas de igualdade. Xa o dixen desde esta tribuna unha vez; xa na época do bipartito se encargou un traballo —que se pagou con fondos públicos, por certo—, onde se recoñecía como evidente a necesidade de emprender un cambio no modelo actual —e por actual era o do bipartito— de xestión das políticas de igualdade. Díciase que tiña que estar acorde co tempo en que vivimos, díciase que ese modelo tiña que ser capaz de adaptarse ás novas circunstancias con axilidade e díciase que tiña que conservar por suposto o carácter pleno da administración pública. O malo é que todo isto se dicía e estaba nun estudo que —insisto— se pagou con fondos públicos, pero, como tantas outras cousas, quedaron simplemente nun desexo, nun desiderátum que non se levou á realidade.

Pois nós queremos facer, precisamente, dar un paso máis, non quedarnos en estudos que se encargan para logo non facer nada; imos ser valentes, imos pasar da dimensión do diagnóstico á dimensión dos feitos e imos concretar actuacións de mellora. E esta é unha actuación de mellora clara que busca que as cousas melloren en materia de igualdade. Non cremos por suposto que haxa que facer, por exemplo, o que fixo o señor Barreda en Castilla-La Mancha, suprimir o Servizo de Igualdade, rebaixalo a unha categoría de servizo dentro dunha dirección xeral. A Xunta de Galicia, o Goberno da Xunta de Galicia, cre na necesidade de todo o contrario, en elevar de rango e en concentrar —como dicía— nunha única dirección política con capacidade para tomar decisións de xeito transversal as políticas de igualdade.

Iso é o que queremos facer e iso é o que propoñemos neste proxecto de lei. Iso é o que está no proxecto de lei, iso é o que estamos buscando e para iso, señorías, pedimos o apoio. Pensamos sinceramente que apoiar este proxecto de lei é unha boa oportunidade para que a clase política, todos nós, demostramos coherencia co que estamos dicindo respecto dunha administración eficaz, respecto dunha administración que cumpre os seus obxectivos en todo aquilo que consideramos primordial —e a igualdade, volvo insistir, o é

para todos nós— e con todo aquilo que nos están esixindo a día de hoxe os galegos e as galegas.

Queremos potenciar a igualdade, queremos colocala —e está colocada de feito e este proxecto de lei contribúe a reforzar definitivamente ese plantexamento— no lugar que merece no Goberno, para poder conseguir os resultados. Queremos impulsar as políticas de igualdade dun xeito transversal e queremos ser eficaces en políticas de igualdade nun momento especialmente difícil no que toca demostrar que o realmente importante se pode facer aínda mellor.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Defensa das emendas á totalidade de devolución.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Señora presidenta, señores e señoras deputadas.

Señor conselleiro da Presidencia, se non me equivoco, hoxe é día 20 de xullo do ano 2010, é dicir, levan vostedes quince meses gobernando, e a verdade é que sorprende ver a un conselleiro que leva pois —como digo— xa quince meses, que é unha parte importante da lexislatura, vir aquí cun discurso de oposición a nada, cun discurso de oposición a un Goberno que xa non existe e que demostra que neste terreo vostedes non saben como xustificar a supresión do Servizo Galego de Igualdade, e que lles pilla este debate co pé cambiado, porque creo que algunhas das valoracións que vostede fixo están fóra de lugar, a non ser que vostede estea dicindo que esa é a situación que se vive no Goberno do que vostede forma parte, porque creo que hai unha cousa que é evidente, e é que a estrutura deste Goberno, a estrutura que vostedes decidiron establecer no ámbito da igualdade non a herdaron de ninguén, definírona vostedes; vostedes definírona despois de gañar as eleccións o ano pasado; crearon a Secretaría Xeral de Igualdade, decidírono vostedes, e vostedes deciden suprimir o Servizo Galego de Igualdade.

Eu non creo que teña nada que ver coa racionalidade administrativa, ten moito máis que ver co problema que

teñen vostedes de falta de ideas no ámbito de igualdade e cunha obsesión por ir eliminando e adelgazando a presenza das políticas de igualdade na Xunta de Galiza, porque ese é o debate de fondo que estamos dando hoxe aquí.

Nós non cremos que isto teña nada que ver coa racionalidade administrativa, nin con adelgazar a administración naquilo que se considera superfluo, é dicir, naquilo que non serve para nada, e aí por exemplo, se vostedes tiveran moita prisa e de verdade ese compromiso que adquiriron en sede parlamentaria no que dicían que ían eliminar chiringuitos, ¿non? —que era do que tanto nos falaban na pasada lexislatura—, hai un ano que podían ter eliminado trinta e cinco, porque hai unha lei aprobada por este Parlamento no ano 2008 que permitía a eliminación das fundacións comarcais e das Odeco, e vostedes levan máis dun ano sen aplicar esa lei, e sen querer desvincularse e eliminar eses chiringuitos.

Evidentemente, iso si que é superfluo, porque eses eran organismos que non cumpriron ningunha función, que non servían para nada; e iso é como entendemos desde o Bloque Nacionalista Galego que hai que facer política de racionalización administrativa, non eliminando un servizo como o Servizo Galego de Igualdade, que nós si que cremos que cumpría funcións.

Porque non estamos aquí —e non o imos facer nós— para avaliar as políticas de igualdade que ao longo dos dezaseis anos do Goberno Fraga se fixeron —porque poderíamos entrar nese debate—, pero nós si que cremos que o Servizo Galego de Igualdade tiña unha virtude, que é a que vostedes eliminan, e que garantía que en calquera Goberno, fora da cor política que fora, ía existir un organismo que ía ter esas competencias, e que ademais había unha obriga establecida por lei de atender as discriminacións, de loitar contra a discriminación no ámbito laboral, de atender o impulso das políticas de igualdade dentro de calquera Goberno, e vostedes o que fan coa eliminación desta lei é eliminar precisamente esas garantías, porque pasadomáñ o Goberno da Xunta de Galiza pode reducir a igualdade a un servizo ou eliminala de calquera estrutura da Xunta de Galiza.

Entón, ¿cal é o avance desta lei? Ningún, é que non avanzan vostedes nada. Imos cara atrás, porque aquí estamos voltando ao debate que houbo nos anos 80 de por que había que crear organismos de igualdade, por que había que crealos

ademaís por lei e centralalos. Houbo diferentes fórmulas; a maior parte optaron por institutos ou por outro tipo de formulacións similares ou por, neste caso, un Servizo Galego de Igualdade, pero que tiña rango de dirección xeral.

¿Por que se deu ese debate? Precisamente para que existiran esas garantías, e o que fan neste proxecto de lei é volvernos a unha situación de hai vinte anos e eliminar todo ese tipo de garantías para a igualdade, porque –insisto– mañá mesmo o presidente da Xunta de Galiza pode cambiar a súa estrutura de Goberno e eliminar calquera departamento que teña que ver coa igualdade, porque ten capacidade para poder facelo.

Co cal, ¿onde está o avance para as mulleres? ¿Onde está o avance para as políticas de igualdade? Nós, desde logo, non o vemos e creo que, ademaís, é unha falacia. Porque falaba vostede de que na pasada lexislatura se fixo un estudo, non para eliminar o Servizo de Igualdade, para melloralo, para transformalo nun organismo máis eficaz, tendo en conta tamén os cambios que se producían no ámbito da regulación da administración pública, que daba fórmulas novas en canto a como se podía estruturar, que podía mellorar a capacidade de actuacións, pero nunca se falou de eliminalo. Polo tanto, non veñan vostedes aquí intentar dicir e falarnos de algo que nunca existiu e que non estaba para nada na nosa intencionalidade.

E eu tamén quixera chamar a atención sobre os argumentos que aparecen na exposición de motivos que xustifican a supresión do Servizo Galego de Igualdade e ao que algún deles fixo tamén vostede hoxe mención.

Falan na exposición de motivos de que a eliminación do SGI é para mellorar a coordinación, a racionalidade, a eficacia administrativa e a unidade na materia. Estes argumentos valen para xustificar isto e o contrario; é dicir, son argumentos baleiros de contido, e en todo caso o que nos terá vostede que explicar e terá tamén que dar contas neste Parlamento é se da valoración que fan destes quince meses das políticas de igualdade é que houbo descoordinación, irracionalidade, ineficacia administrativa e desunión na materia. Terá que vostede dicirnos cal é a descoordinación que teñen no seu Goberno, cal é a irracionalidade da estrutura que vostedes mesmos decidiron crear, en que vai mellorar a eficacia administrativa, por-

que non serve con dicilo, terá vostede que xustificarnos por que é máis eficaz.

E sabe que ademaís con esta modificación nin hai aforro nin hai un cambio real no tratamento das políticas de igualdade, porque, ata onde eu sei, o organismo autónomo, o Servizo Galego de Igualdade, estaba funcionando baixo as fórmulas de dereito administrativo, ten a mesma regulación que vai ter a Secretaría Xeral de Igualdade; a única diferenza é que o organismo autónomo podía cobrar taxas, e neste caso cando se cobren taxas van para a Caixa Xeral, non van para o organismo autónomo.

¿Cal é a diferenza na xestión das políticas de igualdade? Non a hai, simplemente isto é un paso máis no desmantelamento das políticas de igualdade que vostedes están protagonizando, porque vostede dicíanos na súa intervención que o obxectivo deste Goberno era reforzar as políticas de igualdade. Pois sinceramente, se ese é o obxectivo deste Goberno, fracasaron rotundamente, fracasaron rotundamente, e aos feitos nos imos remitir. Porque ¿como se pode dicir que se queren reforzar as políticas de igualdade e que este sexa o primeiro Goberno que está protagonizando a eliminación de servizos de igualdade, non só do SGI, senón doutro tipo de recursos á disposición de mulleres?

Son vostedes o primeiro Goberno que hai desde que temos autonomía que elimina servizos de igualdade, que elimina servizos para as mulleres. Empezaron cos puntos de información ás mulleres, a continuación tivemos os despedidos das traballadoras do ámbito de igualdade das oficinas de I+B –por certo, despedidos que xa teñen sentenzas que demostran que foron despedidos ilegais e que polo tanto a administración vai ter que indemnizalas–. Esa é a xestión transparente e esa é a maneira que vostedes teñen de gobernar, despedindo a traballadoras do ámbito da igualdade.

Eliminaron as axudas que había no Servizo Galego de Igualdade á cotitularidade, as axudas que había para mulleres solteiras, para mulleres que foran nais –perdón– e que quixeran reincorporarse aos seus estudos. Eliminaron os programas para traballar coas redeiras. Eliminaron e están desmantelando programas importantísimos como o Programa Rodela, de acompañamento ás vítimas de violencia de xénero. E esta fin de semana, o venres pasado, enterámonos que o seu programa de desmantelamento vai máis alá e que

teñen aprobado xa no Consello da Xunta unha orde que vai supoñer que a maior parte dos centros de información ás mulleres este ano van pechar porque non van ter recursos da Xunta de Galiza para poder financiar as traballadoras dos CIM; e que é unha orde que nin pactaron cos concellos nin que pactaron absolutamente con ninguén, e sabe vostede que o venres tiveron unha reunión non para pactar a orde senón para comunicarlles esa orde ás traballadoras e ás concelleiras de igualdade, que non tivo o aval absolutamente de ninguén, e que ou a modifican ou o que vai pasar na práctica é que a maior parte dos centros de información ás mulleres van pechar, porque as condicións que vostedes establecen nesa orde de axudas van supoñer o peche de moitos centros de información ás mulleres.

Realmente, eu creo que, señor Rueda, vostede non pode vir aquí dicirnos que este é un Goberno que aposta pola igualdade, cando o único, o único que levan feito nestes quince meses é desmantelar servizos e non poñer en marcha nin unha soa medida que favoreza as mulleres deste país.

É máis, falábanos vostedes da conciliación, ¿non?, e da importancia que vostedes lle dan. Pero se non foron capaces nin de abrir os centros de día, pero se xa nos dixo vostede aquí que o esforzo deste Goberno este ano coa conciliación en elementos tan importantes como a dotación de escolas infantís ía ser a apertura de dúas novas escolas infantís financiadas a cargo dos fondos da Xunta de Galiza.

Eu creo que, sinceramente, non se pode vir aquí facer da igualdade un floreiro, para tapar que realmente este Goberno o que ten é un plan de desmantelamento de todo o que ten a ver coas políticas de igualdade, porque, sinceramente, o único que vemos nós é que a vostedes ese é un concepto que parece que non lles gusta, un concepto que parece que lles molesta.

E creo que tamén son dignos de mencionar e de que vostede nos explique aquí cales son os cambios reais que hai no ámbito da Lei de igualdade no traballo, porque hai cambios máis substanciais que aqueles dos que vostedes falou aquí e dos que se nomean na propia exposición de motivos.

Imos ver. Fan unha cousa que, sinceramente, nós non acabamos de entender –estaría ben que vostede nola explicara–; non sei por que na creación que se fai dunha unidade

específica para fomentar a igualdade no ámbito da Consellería de Traballo vostedes a desvinculan da secretaría xeral; terán que explicarnos por que a desvinculan da secretaría xeral, que é o que lle pode dar capacidade de actuación transversal dentro da consellería; non sabemos cal é o motivo desa desvinculación.

E logo o que nos parece máis significativo de todo este proxecto de lei é que vostedes o que eliminan son apoios da Xunta de Galiza á posta en marcha de mecanismos de conciliación por parte dos concellos. Porque, por exemplo, no artigo 42, que se fai referencia á posta en marcha de medidas municipais de conciliación, aí o único que fan é eliminar a referencia á creación dunha comisión de asesoramento aos concellos nesta materia, conformada por persoas expertas. Iso o eliminan, ¿non? –o asesoramento aos concellos nesta materia non é necesario–, pero logo no artigo 46 ese artigo establecía na redacción orixinal que os bancos municipais de tempo que puxeran en marcha os concellos recibirían subvencións para a contratación de persoas traballadoras desempregadas para a xestión, a organización e a posta en marcha destes bancos municipais de tempo e que esta subvención cubriría a totalidade do custo dos salarios da Seguridade Social; vostedes eliminan iso da lei, porque, claro, non están a favor deste tipo de medidas nin están a favor de contratar e de poñer en marcha recursos para que os concellos poidan poñer en marcha bancos de tempo municipais.

Tamén nos plans de programación do tempo nas cidades tamén eliminan a referencia a que se tiñan que contratar a traballadores desempregados e desempregadas para a súa posta en marcha.

É dicir, vostedes o que fan é eliminar os compromisos que establecía a lei para a posta en marcha de medidas de apoio no ámbito municipal, de medidas de conciliación. Eu creo que isto é desde logo unha curiosa maneira de entender un apoio e un reforzamento das políticas de conciliación, porque na práctica vostedes non están apoiando para nada a conciliación. Xa llo teño dito máis veces: reduciron drasticamente na Secretaría Xeral de Igualdade e no Servizo Galego de Igualdade todos os fondos que había para a conciliación; de case 5 millóns de euros pasamos a menos de 1 millón de euros; iso é o que se ve nos seus orzamentos, e esa

é a maneira que teñen vostedes de demostrar como na práctica non están facendo políticas neste terreo.

E o desmantelamento do Servizo Galego de Igualdade non é un debate sobre racionalidade, non é un debate sobre cal é o funcionamento da administración, é un debate de fondo sobre o papel que teñen as políticas de igualdade, que para vostedes está absolutamente secundarizado e desaparecido, porque, mire, a nós pareceunos ben que crearan unha secretaría xeral no ámbito adscrita a Presidencia; o que non nos parece ben é que logo o que fan é recortarlle fondos a esa secretaría xeral e non ver cal é a capacidade maior de actuación, porque cando alguén quere facer política, cando alguén quere mellorar a situación neste caso das mulleres, a eficacia do funcionamento das políticas públicas de igualdade, o que fai é ampliar os recursos que ten, non reduci-lo, que é o que están vostedes facendo.

E o problema é ese, que a vostedes, como non teñen ideas para aplicar no ámbito da igualdade, sóbralles o Servizo Galego de Igualdade, pero é que case lles sobraría a secretaría xeral, porque o problema de fondo é que non cren nas políticas de igualdade e que non teñen ningún deseño que se poida aplicar.

Na mesma maneira que é unha contradición —e creo que é importante de mención e a nós parécenos moi grave— que vostedes, para evitar un informe negativo do CES, evitan que esta lei, ¡eh!, pasara polo Consello Económico e Social. Porque a mellor mostra de que esta lei tiña que pasar polo Consello Económico e Social o temos na documentación que votades nos remitiron, en que logo vén que os sindicatos tiñan que alegar a esta lei, porque ten implicacións no ámbito social. Sen embargo, vulneran o que está establecido por lei, vulneran o que debe de ser a relación normal...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ... co Consello Económico e Social e non tramitan esta lei nin lle solicitan un informe.

Nós, de verdade, xa sabemos que non van votar a nosa emenda. Pero o que si que pode facer o Goberno —e pedí-mosllo— é solicitar a retirada deste proxecto de lei. Solicítá-moslle que retiren este proxecto de lei, porque é un proxecc-

to regresivo para as mulleres, porque non nace con consenso e porque non vai supoñer ningunha mellora de garantía para o exercicio das políticas de igualdade; todo o contrario: retrocedemos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señora Pontón.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Fraga Santos.

A señora FRAGA SANTOS: Grazas, señora presidenta.

Bos días, señores deputados, señoras deputadas. Bos días, señor Rueda.

¡Que difícil é vir aquí intentar xustificar o inxustificable!
¡Que difícil é vir aquí escribir unha páxina negra na historia das políticas de igualdade en Galicia! Vostedes están escribindo cada día un renglón ou unha páxina desa historia negra, e fano a marchas forzadas —como lle dicía e xa lle teño dito noutras ocasións nesta Cámara—.

Non podo pasar por menos que por recordar e facer un relatorio de todo o que levan feito dende que vostedes chegaron ao Goberno, para despois chegar hoxe aquí no mes de xullo, con moita présa, para suprimir un órgano que se ve que lles molesta notablemente como é o Servizo Galego de Igualdade.

Comezaron no seu día —e non me fartarei de repetilo— incumprindo unha lei, incumprindo a Lei de igualdade no traballo das mulleres en Galicia, que tamén hoxe veñen modificar, incumpríndoa formando un Goberno non paritario. Continuaron realizando numerosas declaracións sexistas tanto por parte do Goberno da Xunta de Galicia e dos seus membros como de distintos deputados neste Parlamento. Paralizaron numerosas e ambiciosas medidas postas en marcha polo anterior Goberno. E recentemente veñen aprobar aquí unha lei que supón un claro ataque contra a liberdade, contra a opción da muller a decidir sobre o seu propio corpo, pretendendo —na liña do que fan normalmente— boicotear as medidas implementadas polo Goberno central e neste caso as medidas que pretenden loitar pola consecución da igualdade entre mulleres e homes.

Afogando tamén despois por outro lado, ou pretenden afogar ou van afogar, de feito –como dicía a señor Pontón–, co que veñen de aprobar no Consello do pasado xoves, os centros de información á muller, porque na práctica vostedes saben que non van poder manter o ritmo nin van poder manter o nivel de emprego que teñen agora mesmo coas medidas que vostedes recolleron no Consello do pasado xoves.

E agora, o que nos ocupa. Non só teñen paralizadas numerosas medidas recollidas en dúas leis, que eran moi ambiciosas e moi novidosas en materia de igualdade do anterior Goberno, senón que, ademais, veñen intentar dismantelar unha delas, e a suprimir un órgano que leva vinte anos traballando en prol da igualdade das mulleres en Galicia.

É moito o que queda por facer, moitos os mandatos legais autonómicos pendentes de cumprirse e desenrolarse, e o actual Goberno da Xunta de Galicia atópase –como xa nos ten acostumados– nunha situación de parálise xeneralizada, en particular no que atinxe á igualdade.

Falaba vostede de frustración, señor Rueda. Frustración é a que sentimos nós cada vez que vimos falar aquí de políticas de igualdade, porque normalmente é para falar da supresión dun órgano, da desaparición dunha medida ou dunha actuación que se estaba levando a cabo e que beneficiaba ás mulleres de Galicia.

Neste caso non só estamos falando de inacción e desidia, de falta de interese nas políticas de igualdade por parte do Goberno da Xunta de Galicia, senón da aniquilación dun organismo consolidado na realización de políticas de igualdade, o Servizo Galego da Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

No seu día alguén dixo: “Buscamos por iso un organismo capaz de dar resposta a situacións discriminatorias, onde se vexan capaces de modificar se é preciso as actitudes, as actividades e as estruturas sociais que fagan falta”. Isto dixo a señora López Besteiro neste Parlamento.

A continuación tamén resaltaba a señora López Besteiro –e recórdolle o dito por un membro, neste caso, por unha deputada do seu partido, porque vostedes non só esquecen o feito polos seus antecesores, polos membros do seu propio

partido, senón que ademais bótano por terra, non xa só o feito por gobernos progresistas–; dicía: “A continuación a señora Besteiro resaltaba a necesidade e a importancia de que este organismo autónomo fora independente, non un mero servizo administrativo”. Aínda que non se aprobou a creación dun órgano como o que pretendíamos desde o Partido Socialista, que era a do Instituto Galego da Muller, a semellanza do Instituto da Muller de España, que xa comezara a funcionar no ano 83 e que leva dende entón traballando e segue aínda hoxe traballando pola implementación de numerosas políticas para a consecución da igualdade real das mulleres en España, e vai seguir facendo, porque ao señor Rodríguez Zapatero si lle parece importante a existencia deste organismo.

Como dicía, a pesar diso, dende logo, aínda que non fora o que nós exactamente pretendíamos, mellor que nada era, ¿non?, e coincidimos e podemos estar de acordo en que habería aspectos mellorables do Servizo Galego de Igualdade, e diso estamos dispostos a falar. Podíamos traer aquí unha modificación deste órgano, unha modificación do enfoque, unha modificación da súa estrutura. Como dicía a señora Pontón, había un estudo para mellorar esta estrutura, non para facer que desaparecera. Diso si se podía falar, porque, evidentemente, este órgano foi creado hai case vinte anos e podería necesitar dunha revisión, non dunha supresión.

Un órgano cuxo obxectivo –como dicía e xa lle teño dito noutras ocasións– era promover e é promover a igualdade de dereitos e a non discriminación entre homes e mulleres; a participación e integración das mulleres na vida social, cultural, económica e política de Galicia; a promoción da igualdade no ámbito familiar, laboral e político –insístolle–.

E tamén dicía na súa exposición de motivos que este organismo debería existir en tanto existisen os motivos que deron lugar á súa creación. Nós consideramos –supoño que vostede tamén considerará– que seguen existindo desigualdades en Galicia no que se refire á igualdade entre homes e mulleres.

Ben, van suprimir un órgano que –como dicía– leva traballando moito nas políticas de igualdade en Galicia. Aínda queda un longo camiño por percorrer. Nunhas ocasións traballou con máis intensidade e noutras ocasións traballou con menos intensidade.

Entre o ano 2005 e o 2009, non só o Servizo Galego de Igualdade, senón o Goberno de Galicia, particularmente en materia lexislativa, pero en xeral tamén noutras políticas, traduciu unha aposta real e decidida pola implementación de numerosas políticas que si se levaban á práctica dun xeito transversal. Reforzáranse o que vostedes agora debilitan: os fins, puxéranse en marcha numerosas medidas das recollidas na Lei de igualdade no traballo, na Lei de violencia de xénero, e todo isto reforzado por suposto pola maior aposta que se leva feito pola igualdade, a de José Luis Rodríguez Zapatero, loitando contra as posturas inmovilistas, cando non retrógradas e rancias, dunha dereita á que lle molesta que exista o Ministerio de Igualdade, á que lle molestou e molesta a existencia de paridade por lei, á que lle molestou e molesta a existencia do Servizo Galego de Igualdade, a que mirou e mira de bloquear a opción e liberdade da muller a decidir sobre o seu propio corpo. Esa é a dereita contra a que pelexa Zapatero e as outras son as políticas que defende José Luis Rodríguez Zapatero. *(Aplausos.)*

Como dicía, en seis anos de Goberno socialista en España, en catro anos de Goberno progresista en Galicia, foron moitos avances acadados, pero de nada serve que se constrúa unha casa, incluso que os cimentos desa casa sexan firmes e sólidos, se vén un furacán e arrasa con todo. Neste caso estamos falando do furacán Feijóo. Está levando por diante todo o improbo traballo feito en tempo récord por un Goberno comprometido coa igualdade, o presidido por Emilio Pérez Touriño.

Vostedes adicanse a destruír o feito por outros, que é moito máis fácil, moito máis rápido, e mentres non teñen ideas, veñen a este Parlamento normalmente pois para botar por terra o feito por outros; a ver se entre tanto se lles vai ocorrendo algo que consista en construír e non en destruír.

E xa digo, non só o feito polo anterior Goberno da Xunta de Galicia, senón o feito incluso polos seus, por Manuel Fraga Iribarne, un presidente que polo menos un pouquiño máis cría na defensa da igualdade que o actual, que o señor Núñez Feijóo; á vista está.

Non podemos coincidir en que, despois de vinte anos, este órgano —como dicía— non necesite unha adaptación; si a necesita; podemos coincidir na súa reforma, pero non en que se suprima por un capricho puntual.

Un órgano independente, o Servizo Galego de Igualdade, que garante a permanencia e a existencia das políticas de igualdade independentemente dos cambios do Goberno, independentemente dos distintos organigramas da Xunta de Galicia. O feito de que este organismo estea regulado por lei dota as políticas de igualdade da estabilidade necesaria no tempo, porque a creación dun organismo autónomo por unha administración faise co obxectivo de desenvolver determinados fins da propia administración que os crea, ao tempo que se lle dá a participación á sociedade facendo a xestión administrativa premiable á cidadanía. O feito de que este organismo estea regulado por lei —como dicía— dota as políticas de estabilidade no tempo.

Cuestión tamén importante é a da visibilidade. Falaba vostede que era un dos seus tres eixes fundamentais da política de igualdade, e o feito de que exista un organismo autónomo parécenos unha forma máis que axeitada de que se visibilicen as políticas de igualdade, e vostede pretende suprimilo. Porque a supresión deste organismo, á parte, tamén supón —como dicía— a desaparición da vertente permeable e participativa que tiñan as políticas de igualdade da Xunta de Galicia, porque supón a desaparición do seu consello, un órgano colexiado do Servizo Galego de Igualdade, integrado por cinco persoas de relevante prestixio no eido das ciencias sociais, económicas e xurídicas alleas á Administración autonómica, sendo agora unicamente o Goberno galego quen deseña e poña en marcha as políticas de igualdade, sen contar coa conxunción de propostas de determinados colectivos sociais.

Falaba, falan vostedes no proxecto, na exposición de motivos, da racionalidade e da transversalidade. Ningún destes obxectivos se cumpre coa supresión do Servizo Galego de Igualdade. É verdade que en algo se teñen que escudar, e —como dicía a señora Pontón— en argumentos neste caso bastante vacíos de contido. A nova estrutura non vai servir para aplicar con maior transversalidade e eficacia o principio de igualdade e todas as políticas e accións desenvolvidas pola Xunta, senón todo o contrario, porque —como dicía— suprimir o Servizo Galego de Igualdade implica suprimir o Consello do Servizo Galego de Igualdade. No Consello Galego de Igualdade estaban representadas todas as consellerías con categoría de dirección xeral; entón, é bastante absurdo e contradictorio afirmar que coa súa supresión o que se pretende é unha maior transversalidade.

Tampouco se vai levar a cabo unha maior racionalización das estruturas administrativas, e tamén lle digo: parécenos que antes de suprimir o Servizo Galego de Igualdade poderían suprimir outros organismos bastante máis inútiles e innecesarios que o Servizo Galego de Igualdade.

As funcións que realiza a secretaría xeral e as que realiza o Servizo Galego de Igualdade vostede sabe perfectamente que non son exactamente as mesmas, que ademais é importante que exista un organismo autónomo que permaneza no tempo –insisto neste matiz–. Este organismo autónomo debe seguir existindo, e o máis coherente é que á fronte do mesmo puidera estar no seu caso –se esa é a súa máxima preocupación, como está *de facto* dende a aprobación da resolución do presidente da Xunta de 4 de maio do 2009– a secretaria xeral de Igualdade.

E insistimos: non se vai producir ningún aforro real significativo de acordo co establecido no proxecto de lei, porque vai manterse –e vostede mesmo o recordou hoxe aquí– o patrimonio, o persoal que actualmente pertence ao Servizo Galego de Igualdade; o único aforro que se vai producir é o dun alto cargo. E insisto en que podería producirse igual se vostede decide adaptar o seu actual organigrama á realidade e se realmente a súa intención é que se produza ese pequeno aforro.

Insisto: o Grupo Parlamentario Socialista non está de acordo coa supresión do Servizo Galego de Igualdade e moito menos nos parecen válidos e fundados os seus argumentos para suprimilo; nin racionalización, nin optimización de recursos, nin maior transversalidade, e –como dixen– desaparece o reforzo que supón para as políticas de igualdade o feito de que se implemente un organismo que está recollido por lei, responsable de implementación das mesmas en Galicia.

Ademais, isto, que xa nos parece preocupante, aínda nos preocupou un pouquiño máis cando vimos na lei unha expresión ambigua como a que utilizaron aludindo ao departamento da Administración autonómica competente en materia de igualdade para referirse á institución pola que serán asumidas todas as funcións, persoal, dereitos e deberes do Servizo Galego de Igualdade, fuxindo da opción –é dicir, xa que teñen unha aposta tan decidida polo actual rango institucional das políticas de igualdade– de aludir á Secretaría

Xeral de Igualdade, evidenciando que o seu compromiso e convencemento non é tan forte como nos queren facer crer, pois non queren reflexalo nunha lei.

En fin, presentamos esta emenda de devolución porque consideramos que debe existir este órgano en tanto sigan existindo as cuestións que motivaron a súa creación: a desigualdade entre as mulleres e os homes en Galicia. Porque segue faltando moito por facer, porque segue quedando moito que traballar para conseguir a igualdade da muller en Galicia.

Abordaban tamén –creo que non me vai dar tempo, pero o que non me dea tempo agora xa llo digo despois– a modificación de varios artigos da Lei de igualdade no traballo. Vemos que as cuestións que tocan, entre elas –para nós a máis grave– a cuestión de que xa suprima esa alusión concreta no que atinxe aos bancos de tempo e á conciliación da vida familiar e laboral da contratación de mulleres desempregadas e con especial dificultade de inserción social para a posta en marcha...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Fraga.

A señora FRAGA SANTOS:... –sí, remato, señora presidenta– dos bancos de tempo. Parécenos absolutamente irresponsable e dunha falla de respecto enorme que en plena crise económica vostedes supriman a obrigatoriedade de contratar persoas en situación de desemprego, porque parécenos que se están burlando das mulleres, neste caso, que se atopan nesa precaria situación económica.

E non só non traen aquí o seu tan cacarexado Plan de emprego feminino, a pesar de que se comprometeron publicamente a traelo antes do remate do 2009, senón que atacan cuestións como a que acabo de mencionar. E despois, bueno, o que abordan...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor.

A señora FRAGA SANTOS:... –sí, xa remato– é –digamos– os líos ou leas internos que poden ter vostedes nese Goberno, que, como dixo algunha vez aquí xa un deputado nesta Cámara, a pesar de que vostedes presuman de que teñen un Goberno mono, parece que teñen lías e leas dentro dese Goberno tan mono. Porque falaba vostede antes...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Fraga.

A señora FRAGA SANTOS:... de problemas de coordinación...

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

A señora FRAGA SANTOS:... e deben de ter... *(A señora Fraga Santos pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Rolda de portavoces para fixar posicións.

Ten a palabra polo Grupo Popular de Galicia dona Paula Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidenta.

Señorías, quixera comezar hoxe a miña intervención glossando en dúas ideas a actitude dos grupos da oposición: fáltales coherencia e sóbralles hipocrísia. Fáltales coherencia e sóbralles hipocrísia porque foi no ano 1991 cando un Goberno do Partido Popular creou o Servizo Galego de Igualdade, un organismo autónomo dirixido á promoción e á adopción de medidas encamiñadas á consecución da igualdade efectiva das mulleres e dos homes, cun obxectivo principal: remover os obstáculos que impedisen a participación e a integración da muller na vida social, cultural, educativa, económica e política de Galicia. Organismo que se creou a través dunha lei que foi debatida nesta Cámara en decembro do ano 1990.

A señora Fraga falou aquí do que dixo a señora Besteiro, pero non falou do que dixeron os grupos da oposición. ¿E sabe o que dicían vostedes no ano 1990? Quizás non o lembren ou quizás pasaron as páxinas das súas intervencións e por iso agora onde dixeron “digo” agora digo “Diego”. O Partido Socialista pedía no ano 90 que este servizo quedase adscrito á Presidencia da Xunta de Galicia, xa que desta maneira dotaríase a este organismo dun carácter supradepartamental que permitiría articular estas accións de carácter interdepartamental cunha coordinación plena dende a Xunta de Galicia –leo textualmente–. E os nacionalistas secundaban a idea e dicían textualmente que é un problema –como todo o mundo sabe ou como todo o mundo debería de saber– pola

súa propia natureza intersectorial e interdisciplinario, e, polo tanto, debería abranguer a acción de todas as consellerías.

Dicían daquela no debate de aprobación desta lei que no desenvolvemento de todo tipo de normativas, accións, etc., é no presidente da Xunta onde reside a máxima capacidade de actuación e de competencia sobre a intervención nos distintos ámbitos en que se fíxese necesario traballar. Isto, señora Fraga, é o que permitirá favorecer a transversalidade, que vostede non ve na asignación das políticas de igualdade a unha secretaría xeral dependente do presidente da Xunta. Algo que no ano 90 vían claramente vinte anos despois seguen sen velo. Eu xa sei que non lles serve, xa sei que non lles gusta; por iso digo que lles falta coherencia e lles sobra hipocrísia.

En canto ao BNG, mente, señora Pontón, cando di que as políticas de igualdade retroceden con este proxecto de lei, cando o obxectivo é que as políticas de igualdade estean coordinadas dende a Secretaría Xeral de Igualdade, dependentes directamente do presidente da Xunta. É que non estamos eliminando absolutamente calquera organismo ou calquera órgano que dirixa as políticas de igualdade na Xunta de Galicia. Non, estámolles dando ás políticas de igualdade o lugar e o papel que se merecen dentro do novo organigrama da Xunta de Galicia. Todo o demais é demagogia e falsidade por parte daqueles que non aceptan ver como os seus erros dun período de Goberno bipartito, no que andiveron a liortas continuas no tema da igualdade, se enderezan, dotándoos de coherencia, de sensatez e de proximidade aos problemas e preocupacións reais da maioría das mulleres galegas.

Cando no ano 1990 un Goberno do Partido Popular creaba un organismo dirixido á promoción e adopción de medidas encamiñadas á consecución da igualdade real en todos os ámbitos (social, económico, educativo, cultural e político), o Bloque Nacionalista Galego dicía daquela que iso era demasiada aspiración, que eran palabras maiores aspirar á plena igualdade. Entón o que pretendía o Bloque Nacionalista Galego era enmarcar unicamente o organismo de igualdade só ao mundo laboral, porque dicían que era mellor dedicarse só a unha cousa que abarcar todo o que pretendía o Partido Popular.

Pois co paso do tempo temos demostrado que esta aspiración, estas palabras maiores que dicían os do Bloque

Nacionalista Galego eran realistas. Efectivamente, tiñamos que aspirar á consecución da plena igualdade, e non só da igualdade laboral, á plena igualdade. Iso non lle gusta. Hoxe son vostedes os que veñen aquí manifestar a importancia de acadar a plena igualdade, a importancia deste organismo, a importancia de que abraza todas estas funcións que agora parecen desatendidas. Por iso lles digo que lles falta coherencia e lles sobra hipocrisía.

Señora Fraga, naquel debate dos anos 90 vostedes dubidaban de todas estas funcións que acabo de dicir que puidesen abarcalas o Servizo Galego de Igualdade. Vostedes dubidaban de que todas esas funcións se puidesen levar a cabo. Vinte anos despois demostramos que non, que efectivamente se puideron levar a cabo todas esas funcións e que se podían abarcar todas as políticas de igualdade dende un organismo. Esas reticencias e esas desconfianzas son as mesmas que manifestan hoxe vostedes aquí, son as mesmas que vostedes manifestan, como que esas funcións non as vai desenvolver a Secretaría Xeral de Igualdade. Pois mire, o tempo daranos a razón e daranos a razón de que esas funcións, todas, cada unha delas, van ser desenvolvidas pola Secretaría Xeral de Igualdade, dependente do presidente da Xunta de Galicia.

Mire, señora Pontón, é unha mala herdanza, claro que é unha mala herdanza; non estamos facendo oposición a un Goberno anterior; é que o Goberno do Partido Popular comezou a gobernar a mediados do ano 2009, cun orzamento aprobado polo Goberno bipartito e cun orzamento que estaba deseñado para unha estrutura orgánica. O que pasa é que o Bloque Nacionalista Galego creou unha Secretaría Xeral de Igualdade onde tiña que poñer a unha secretaria e tiña que poñer a unha directora no Servizo Galego de Igualdade. Porque a pervivencia de dous altos cargos era crucial. Era crucial porque tiña que atender ás diferentes faccións do Bloque Nacionalista Galego. Daquela pois claro, tiñamos máis BNG e menos UPG; agora as tornas cambiaron, agora xa temos máis UPG e menos BNG. E cando dicían que hai un informe no que pretendían mudar as funcións do Servizo Galego de Igualdade, efectivamente, hai un informe pagado pola Secretaría Xeral de Igualdade, cun custo superior a 3.000 euros, para convertelo en axencia pública. E claro que non querían suprimilo, claro que non querían suprimir o Servizo Galego de Igualdade, é que manter os dous altos cargos era crucial para vostedes. ¿Como ían suprimir vostedes un alto cargo? *(Aplausos.)*

Miren, señorías, a inflación dos mecanismos de garantías de dereitos non asegura a súa eficacia, senón que pode provocar o efecto contrario: a dispersión, inseguridade, ineficiencia e a desorientación da cidadanía. O sistema de garantía de dereitos ten que ser o adecuado á súa protección, non ten que ser nin moi grande nin moi pequeno, ten que ser o adecuado, e isto é o que vai facer a Xunta de Galicia.

Falan vostedes de descoordinación. Pois claro que había descoordinación. Pregúntenlles vostedes ás asociacións de mulleres cando querían invitar á inauguración dunha xornada ou dun congreso as dúbidas que tiñan a que alto cargo... —si, diga vostede que non coa cabeza, que vostede sabe moi ben do que estamos falando— había que invitar e cando chegaba unha, se estaba a outra, cando estaba a outra se estaba a unha, pois, claro, tiñan que marchar. Que llo expliquen, que llo expliquen as súas compañeiras.

Señora Fraga, dubidan vostedes do aforro que supón isto. Pois mire, voulle dicir o que supón: un aforro anual de 60.000 euros do salario da directora xeral, pero que ademais supón un aforro de 58.694 euros anuais que custaba o aluguer do local onde estaba o Servizo Galego de Igualdade, porque agora está en dependencias da Xunta de Galicia en San Lázaro, no edificio administrativo, e coordínase dende alí; por tanto, afórrase.

Nós xa sabemos, señorías, que vostedes non entenden de aforro, vostedes son os reis do despilfarro. Mesmo agora que xa non poden despilfarrar en Galicia, tanto que falaba a señora Fraga do Instituto da Muller de Madrid, claro, agora mandaron á señora Seara alí coa política de despilfarro a gastar 12 millóns de euros na nova sede na elitista rúa de Serrano; 12 millóns de euros na reforma da sede. Nós non, nós non temos esa política de despilfarro. Xa sei que a palabra aforro non se atopa no seu vocabulario, pero no Partido Popular si temos claro onde temos que aforrar e si temos claro onde temos que investir.

E por iso a semana pasada —que é o que lle doe á señora Pontón— o Consello da Xunta aprobou unha orde de subvencións ás entidades locais para o mantemento dos centros de información á muller. Unha orde con 3.245.000 euros, isto é, 330.300 euros máis que o ano anterior. E, mire, está informada favorablemente pola Fegamp —pregúntenlle ao presidente da Fegamp, que é un alcalde socialista—, e está infor-

mada favorablemente pola Fegamp. Pero non se preocupe, señora Pontón, que o problema que había xa está resolto. Os CIM van continuar, si, mal que lle pese. Xa sei que estaba vostede moi contenta porque, mire, os CIM só correron perigo nunha época, na época na que gobernaron vostedes. A vostede o único que lle preocupa son as oficinas de I+B, e agora, claro, estaría encantada de que desaparecieran tamén os CIM. Pois mire, non, pois –xa lle digo– incrementamos en 333.300 euros esa orde de axudas.

O Goberno do Partido Popular ten claro onde ten que investir. Por iso incrementou nun 45 % a partida do salario da liberdade. E por iso apostou polo fomento das liñas de investigación na universidade cun proxecto novidoso e unha orde de 900.000 euros para esas liñas de investigación na universidade. E é moi fácil facer demagogia e vir aquí dicir que se reducen as partidas de conciliación. Na partida do programa de conciliación da vida persoal e familiar e protección social das mulleres pasaron de 523.000 euros a 600.000 euros. Bueno, eu non sei se iso é subir ou baixar, para vostedes é baixar, para nós de 523.000 euros a 600.000 é subir.

A vostedes preocúpalles a desaparición do Servizo Galego de Igualdade, cando non vai supoñer ningún recorte de recursos, nin de servizos, nin de programas, nin de atención ás mulleres. Porque a vostedes o único que lles preocupa é a utilización das políticas de igualdade como ferramenta política. Porque, miren, non lles preocupaban cando gobernaban as vítimas de violencia de xénero. E vostedes teñen no seu haber o peche de dúas casas de acollida no seu mandato; esa é a protección que tiñan vostedes ás vítimas de violencia de xénero: o peche de dúas casas de acollida.

Non lles preocupaba gastar os cartos de forma suntuosa co único fin de facer política. Por iso gastaron máis de 1 millón de euros nun baño de masas femininas co señor Quintana no acto de Silleda. Iso non lles preocupaba. Pero, mire, vostedes gastaron máis de 1 millón de euros niso e nós temos unha partida presupostaria de 1.600.000 euros para mulleres vítimas de violencia de xénero que están cobrando o salario da liberdade.

A vostedes non lles preocupaba gastar os cartos en cuñas radiofónicas, porque vostedes ata anunciaron o Anteproxecto de lei integral de violencia de xénero. Si, señorías, anun-

ciaban na radio o Anteproxecto de lei integral de violencia de xénero, pero iso non era en beneficio das mulleres, non, porque o anteproxecto de lei non saía da Xunta de Galicia, non. ¿Saben vostedes de onde saía? Da Vicepresidencia de Anxo Quintana, porque daquela tiñan nome e apelidos as vicepresidencias e as consellerías. Iso si que era, en fin, facer políticas de igualdade con fins partidistas.

Mire, nós non imos consentir no Partido Popular que vostedes nos den leccións de políticas de igualdade, non imos consentir que un partido que ten nos seus estatutos como fins a teoría práctica dos principios políticos de Marx, Lenin e Engels nos den leccións políticas a un partido que nos seus estatutos ten uns fins moito máis modernos... (*Murmurios.*) Cando queiras che explico a teoría feminista do marxismo. Ese é o seu ideario político, non o do Partido Popular (*Aplausos.*) Ese é o seu ideario político.

E tampouco estamos dispostos a recibir leccións do Partido Socialista, un partido que predica unha cousa e fai a contraria. E nos derradeiros meses estamos asistindo á descomposición dese espellismo social que creou o señor Rodríguez Zapatero, ese que vostede veu a defender hoxe aquí. Ese non escribiu unha páxina negra na política deste país, ese leva escrita xa unha enciclopedia con páxinas negras, señora Fraga, (*Aplausos.*) unha enciclopedia de páxinas negras. E mire, xa llo dixen un día e vólvollo a repetir, o señor Rodríguez Zapatero, o adalid das políticas de igualdade, o que fai son meros xestos, e así despois os ministros saen en entrevistas dicindo cousas como que “*el señor Rodríguez Zapatero me cesó por la paridad y por una chica joven con más glamour*”. Mire, eu espero que ningún conselleiro do Goberno do Partido Popular vaia ser cesado en aras da paridade ou en aras de que o substitúa unha muller nova e con moito máis *glamour*, porque eso si que é un fraco favor ás políticas de igualdade, iso si que é unha actitude machista; esa é a actitude machista do señor Rodríguez Zapatero.

–Vou rematando.– Mire, resulta particularmente curioso que ningúns dos seus aliados sindicais fixeran alegacións a este anteproxecto de lei, nin Comisións Obreiras nin a UGT, fixoas a CIG, eso si, pero a CIG ¿sabe para que? Para incidir en que, efectivamente, xa denunciaron no seu día unha duplicidade de servizos. O Partido Popular se presentou ás derradeiras eleccións autonómicas cun programa electoral

no que se incluía a simplificación das estruturas administrativas de igualdade na Xunta de Galicia, e o Goberno galego está a cumprir as súas promesas electorais. Nós non enganamos a ninguén; vostedes enganar a xente. Señora Fraga, ¿que están vostedes a decidir en Castilla-La Mancha? ¿Que están vostedes a decidir alí coa supresión do Instituto da Muller de Castilla-La Mancha? Diga aquí... ¿Que pasa, que aquí din unha cousa e en Castilla-La Mancha din outra? ¿Alí non pasa nada por suprimir o Instituto da Muller de Castilla-La Mancha?

Mire, nós...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señora Prado, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Si, señora presidenta.

Simplemente dicirlle que nós estamos a cumprir o programa electoral e estamos a cumprir as propostas de resolución que vostedes plantexaron no derradeiro debate sobre o estado da Autonomía, no que vostedes pedían a simplificación de organismos, a simplificación de entes; e, se non, digan vostedes cales, cales hai que suprimir. Pois dígaos, señora Fraga, dígaos, porque, xa lles digo, lles falta coherencia e lles sobra hipocresía.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios emendantes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Pontón Mondelo.

A señora PONTÓN MONDELO: Ben, a verdade é que, despois de escoitar a portavoz do Partido Popular, hai moitas cousas que teño claras, ¿non? Primeiro, é que hai unha obsesión por parte da portavoz e unha persecución das ideoloxías. Bueno, a min recórdame a caza de bruxas que se deu nalgũa época —que foi unha época bastante oscura— (*Aplausos.*) en Estados Unidos; creo que responde vostede perfectamente a ese perfil. En todo caso, o que me demostra é que a súa preocupación por este tema, a preocupación que vostede ten pola situación das mulleres e o desenvolvemento

to das políticas de igualdade é limitado, non sei se máis ou menos limitado que a preocupación e a importancia que lle dá o Goberno galego, pero creo que andan por aí máis ou menos no mesmo nivel. Porque vir aquí, ante un debate tan serio como esto... Porque esto non é unha cuestión de trámite... —xa sei que non lle importa o debate—. Como esto non é unha cuestión de trámite senón que se está falando de suprimir un órgano onde se canalizaron as políticas de igualdade ao longo dos últimos vinte anos, non é unha cuestión menor. Non é unha lei na que vamos a cambiar esto dun sitio para outro, ten unha transcendencia política moito maior, e vostede o reduce aquí, bueno, pois a unha especie de circo, que é moi aplaudido por parte dos seus compañeiros e compañeiras, pero que, en todo caso, para nós non é iso, porque, cando falamos aquí e falamos das políticas de igualdade, nós cremos que realmente os gobernos teñen unha responsabilidade. Para vostede é unha cuestión de floritura e de vir aquí a dicirnos catro frases eu creo que nunha parte moi importante desafortunadas, moi desafortunadas, primeiro, porque vostedes agora mesmo non sei se se enteraron de que teñen a responsabilidade de gobernar. E o seu discurso podería estar moi ben para cando facían oposición, pero é que levan máis dun ano gobernando —o 25% da lexislatura—, e o único que fixeron no ámbito da igualdade foi destruír. Dígame qué política nova fixeron. Ningunha, cero; desfacer, eliminar axudas, reducir servizos de información ás mulleres.

E agora está moi ben que vostede nos diga que había un problema coa orde dos CIM. Ao mellor xa modificaron a orde que se aprobou no Consello da Xunta, porque, evidentemente, a orde que aprobaron o xoves pasado no Consello da Xunta iba supoñer o peche de moitos centros de información ás mulleres, porque sabe vostede que non cumpren esos requisitos, sábeo perfectamente, e que esa orde é unha barbaridade. Nós queremos que as retiren e que fagan unha orde que garantice a pervivencia dos CIM, porque hasta lles molestan os centros de información ás mulleres. Estamos nesta fase na que hasta lles molestan os centros de información ás mulleres. E eu supoño que o conselleiro de Presidencia tamén é a mostra máis evidente de como a igualdade non depende do señor Feijóo, a igualdade depende do señor Rueda. O señor presidente, que lle dá tanta importancia ás políticas de igualdade, non veu nunca a este Parlamento a responder polas políticas que en teoría dependen directamente, non veu nun ano a dar explicacións unha soa vez, unha soa vez, sobre cales eran os resultados das políticas de

igualdade, en ningunha das interpelacións que este grupo trouxo; é máis, neste Pleno todos os debates que houbo sobre igualdade viñeron sempre a raíz de iniciativas da oposición, nunca veu o Goberno a comparecer para explicarnos nada en Pleno sobre políticas de igualdade. E se, en teoría, dependen do presidente, ¿por que non está hoxe el aquí? ¿Por que non vén a comparecer el aquí? Temos exemplos noutras cámaras. En Euskadi, o Emakunde depende tamén do presidente do Goberno vasco, e o presidente do Goberno vasco vai ao Parlamento a comparecer. Aquí vén o señor Rueda, porque, evidentemente, vostedes simplemente se moven no terreo do aparental.

E creo que hai cousas que non se poden tolerar. Que veña vostede aquí outra vez máis, ante un tema tan serio como é a violencia de xénero, a facer as frivolidades e a dicir as mentiras que acaba de dicir, é que non se pode tolerar (*Aplausos.*) Porque isto demostra que esta escalada que estamos vendo nas filas do Partido Popular, nas filas do Goberno, de ataque á igualdade, non é un problema de que non teñamos a mesma concepción da igualdade, é un problema de que vostedes teñen unha planificación clarísima para eliminar a igualdade do Goberno galego e para ir reducindo recursos que favorezan que realmente se modifiquen os roles. ¿Saben por que? Porque a vostedes lles parece moi ben o rol tradicional das mulleres. Xa nolo demostraron aquí durante os debates que tivemos a respecto da consideración que para vostedes teñen as mulleres como suxeitos de dereitos políticos que nin tan sequer lles confiren o dereito a poder decidir sobre o seu propio corpo en liberdade.

Lamento realmente que este debate se poida dar con este nivel de frivolidade, que creo que deixa en moi moi mal lugar ao Partido Popular e a este Goberno.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Fraga Santos.

A señora FRAGA SANTOS: Gracias, señora presidenta.

Mire, de falta de coherencia, nada, e de hipocresía, menos. Nós decimos hoxe o mesmo exactamente que hai

vinte anos; eso si, a ideoloxía, a mesma, o que pasa é que cada vez con metas máis elevadas e máis ambiciosas, porque, cos logros que nós vamos conseguindo, vamos sendo nós os que, co respaldo das mulleres galegas e españolas, pois nós vámonos trazando metas cada vez máis e máis altas. Vostedes non se poden trazar metas elevadas porque nunca chegaron a ningunha, e para trazarse unha nova meta, primeiro, hai que ganar unha carreira. (*Aplausos.*)

E dígolle eu a vostede: ¿como se atreve a dicir que vostede..., que nós non podemos darlle leccións en materia de políticas de igualdade? Pois claro que llas podemos dar, pois claro que llas podemos dar, pero é que llas podemos dar, pero ¡vamos!, sen poñernos rojos. E a min o que me chama a atención é que vostede non se poña colorada ao vir a dicir isto aquí. ¿Donde están as políticas de igualdade da actual Xunta de Galicia que non consistan, como dixo a señora Pontón, en destruír e en botar por terra o feito por outros? ¿Donde están? ¡Home!, nós xa sabemos..., e insisto no símil que lle puxen antes: facer unha casa leva equis tempo, porque hai que ir a modiño, poñendo ladrillo sobre ladrillo, bloque sobre bloque. Normalmente tirar, tírase moito máis rápido, pero gustaríanos saber realmente cales son esas políticas das que vostede fala.

Falan vostedes dun gran aforro, 60.000 euros. Eso é o que vale para vostedes a existencia dun organismo autónomo en Galicia que implemente políticas de igualdade, ese é o seu precio, 60.000 euros, a verdade é que o aforro é enorme, tremendo. Ao mellor a ese aforro poderían chegar sendo un pouquiño máis austeros; para empezar, a propia secretaria xeral de Igualdade —e non me gusta incidir neso, porque parece que estamos falando sempre do mesmo—, paseándose un pouquiño menos ou sendo máis austera á hora de facelo.

Miren, falan vostedes do aforro do señor Gallardón..., perdón, da señora Seara, e non teñen presente o que gastou, por exemplo, o señor Gallardón, que gastou máis no palacete que de presuposto ten o Ministerio de Igualdade. Falan vostedes de aforro, si, si, si.

Falan vostedes da descomposición e do espellismo das políticas de Rodríguez Zapatero, de “ese”, lle chamou vostede. Mire, vou empezar por comentarlle que a min pode gustarme máis ou menos o que fai o señor Feijóo, pero para aludilo chámolle señor Feijóo, señor presidente, o noso pre-

sidente, porque, aínda que non me guste, tamén é o meu. E a vostede pediríalle que respecte un pouquiño ao señor Rodríguez Zapatero porque de momento é o presidente que elixiron todos os españoles e españoas e, entón, como tal, debería respectalo (*Aplausos.*)

Falan vostedes tamén de Castela-A Mancha. Si, en Castela-A Mancha parece que lles gusta mirarse neste momento concreto porque lles interesa. Pois mire, dígolles, mírense tamén, xa que lles interesa tanto o modelo de Castela-A Mancha, mírense e supriman, reduzan o número de consellerías, porque, polo que aquí vemos pleno tras pleno e no que implementan as políticas que levan á práctica, sobran a metade ou incluso máis, porque pouco traballan ou non vemos o resultado do que traballan ou do que fan.

Decía, non nos queda claro e seguimos sen saber cales son as súas propostas en materia de políticas de igualdade: afogar, suprimir, reducir; afogar, suprimir e reducir. Agora mesmo o que está de actualidade, a última, porque hai novidades constantemente, non deixan que nos aburramos: o afogamento dos centros de información á muller, que vai a supoñer a orde que veñen de aprobar. Teñen vostedes a todos os alcaldes e alcaldesas en pé de guerra, incluídos os seus, incluídos os seus. E agora vemos un pouco de luz e vamos tendo claro por que vostedes insistían tanto cando nós lles dicíamos: miren, pero é que todas esas funcións que para vostedes, todas esas prestacións de servizos que vostedes pretendían atribuírlle a esa red paralela privada de amigos seus, poden realizalas a través dos centros de información á muller. ¡Ah!, claro, pero é que vostedes iban fastidiar, afogar e apretar os centros de información á muller, así, dunha forma velada —que son vostedes moi elegantes e discretos—, ata o punto de que desaparezan e, entón, alguén ten que realizar as funcións que a vostedes lles interesan, as que defenderon o outro día, non as demais, unha parte só. Agora vimos a descubrir cal era a súa verdadeira intención.

Miren, como lle decía, está pasando un furacán polas políticas de igualdade en Galicia. Esperamos...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señora Fraga.

A señora FRAGA SANTOS:..., aínda que parécenos que non vai ser así, que despois deste furacán, que despois des-

tes catro anos de goberno do Partido Popular en Galicia, quede algo en pé.

Pensamos que vamos a ter que empezar de cero, pero o triste é que seguramente non teñamos que empezar de cero, teñamos que empezar con saldo negativo nestas e noutras moitas cuestións. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Fraga.

Continuamos co punto segundo.

Debate de totalidade do proxecto de lei de augas de Galicia

A señora PRESIDENTA: Para a presentación do proxecto de lei ten a palabra o conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, don Agustín Hernández Fernández de Rojas.

O señor CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS (Hernández Fernández de Rojas): Bos días, señora presidenta.

Señoras e señores deputados, hoxe xustamente fan quince meses da existencia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e non podería ser outra forma mellor de celebrar estes quince meses que presentar ante a Cámara o novo proxecto da lei que trata de darlle unha axeitada resposta a unha necesidade cada día máis acusada no noso territorio. Permítame que inicie esta presentación do proxecto de lei con algunhas ideas que non son miñas pero que sintetizan a necesidade e a urxencia de acometer unha reforma lexislativa como a que agora se propón.

Galicia ten problemas de auga. Temos moita auga, pero usámola mala. Temos unha cultura moi complexa da auga e debemos entender que se necesita un uso moi racional, porque usala e devólvela ao río ou ao mar costa moito, e iso o pagamos todos os galegos e as galegas.

Neste marco é preciso crear a futura Axencia Galega da Auga, na que, xunto co modelo de xestión, unha parte moi importante a imos dedicar á educación ambiental no uso racional dos recursos. Non podemos pensar: eu deixo a billa aberta porque temos moita auga. Porque iso logo hai que

depuralo e vas a pagar por metro cúbico consumido e por metro cúbico depurado. Vas pagar por auga consumida e por auga depurada.

A Directiva marco da auga establece que o prezo a partir dun determinado consumo ten que acabar sendo un elemento disuasorio. Estas palabras pronunciadas en abril de 2007 polo anterior conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible poderían resumir con meridiana claridade a filosofía e o contido deste proxecto de lei; un proxecto de lei que trata de resolver as deficiencias detectadas no vixente marco lexislativo e de xestión da Administración hidráulica de Galicia e da adaptación á mesma da Directiva marco europea da auga.

Galicia posee un recurso hidráulico importante, cifrado para a demarcación de Galicia-Costa en 11.532 hectómetros cúbicos ao ano, o que representa un 10,6% da totalidade dos recursos hidráulicos españois, que ascenden a 109.000 hectómetros cúbicos/ano, moito máis, por certo, que a proporción do noso territorio e, por suposto, que a proporción da nosa poboación. Deses 11.532 hectómetros cúbicos/ano, un 3,5%, é dicir, 404, é a cantidade de auga actualmente demandada polos núcleos urbanos para diferentes usos a través das redes municipais de abastecemento.

Temos un valor nos nosos recursos hídricos que debemos protexer, que debemos mellorar e, por suposto, que debemos poñer en valor.

O gran volume de auga dispoñible e a necesidade de regulala e xestionala adecuadamente para satisfacer a demanda actual e futura da poboación é un reto que afronta este proxecto de lei a través do que se pretende: en primeiro lugar, evitar a duplicidade de funcións, coa unificación do organismo autónomo Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servicios Hidráulicos. Se pretende, en segundo lugar, reformular un tributo, como é o actual canon de saneamento. En terceiro lugar, crear un modelo de xestión eficaz para a explotación das depuradoras. En cuarto lugar, darlle cumprimento á planificación. En quinto lugar e, por último, trasladar ao marco normativo galego as disposicións da Directiva marco da auga.

O Proxecto de lei de Augas de Galicia consta de 92 artigos, divididos en sete títulos: o título I, artigos 1 ao 6, enu-

mera as disposicións de carácter xeral; o título II, artigos 7 a 23, está adicado á Administración hidráulica de Galicia. Neste título créase a entidade pública Augas de Galicia, na que se fusionan o organismo autónomo Augas de Galicia e a Empresa Pública de Obras e Servicios Hidráulicos nun único apartado administrativo.

Esta medida, ademais de dar cumprimento ao compromiso de austeridade do actual Goberno, vai a conseguir unha maior flexibilidade organizativa, evitará duplicidades e logrará unha maior eficacia e eficiencia na administración e xestión hidráulica de Galicia. Ademais de sinalar os órganos de goberno da nova entidade, a presidencia, o consello de administración e a dirección, este título II recolle a creación do Consello para o Uso Sostible da Auga; un órgano de participación dos cidadáns e das distintas entidades públicas e privadas con competencias e intereses vinculados cos recursos hidráulicos.

O título III, artigos 24 ao 39, trata do abastecemento de poboacións e do saneamento e depuración das augas residuais. Nel regúlanse as políticas de abastecemento e saneamento a desenvolver pola nova entidade Augas de Galicia e polas entidades locais. Estas políticas teñen o fundamento claro de garantir o subministro de auga en cantidade e calidade adecuada para todos os núcleos de poboación que indique a planificación hidrolóxica –caso de abastecemento– e contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas, caso do saneamento e depuración das augas residuais.

Cabe destacar a declaración que se fai do interese da propia Comunidade Autónoma para todas as actuacións de depuración de augas residuais urbanas, o que implicará unha mellora da calidade das augas de Galicia e as disposicións específicas para os instrumentos básicos de planificación en materia de abastecemento e saneamento.

O título IV, artigo 40 ao 74, está centrado na política de recuperación dos custos dos servizos. Este título incorpórase ao principio europeo de recuperación de custos dos servizos relacionados coa auga, conforme o que se crea o canon da auga. O canon da auga, que vén a substituír o actual canon de saneamento, está concibido como un tributo finalista, dado que se dedicará exclusivamente a actuacións en materia de abastecemento, saneamento e explotación de depuradoras de augas residuais.

Os principios do novo réxime económico-financeiro que se propón son, como se indicou anteriormente, os de suficiencia financeira, recuperación dos custos dos servizos relacionados co recurso hidráulico, solidariedade interterritorial, fomento do uso racional do recurso e xustiza tributaria a través do coeficiente de vertido, que se crea como tributo propio da Comunidade Autónoma coa natureza de taxa destinada a financiar os gastos derivados dos servizos de depuración de augas residuais e aplicarase nos concellos onde a Administración hidráulica de Galicia estea prestando o servizo, cuestión que agora non se fai.

Con este coeficiente conseguirase, en primeiro lugar, unificar os custos de depuración entre os diferentes concellos, cuestión que cremos que é moi importante, acabar coa discriminación entre concellos e implicará un cambio de receptor do canon, ya que os concellos deixarán de recadar a taxa de depuración como consecuencia da aplicación, por parte da Administración hidráulica, do coeficiente de vertido.

Ao igual que no actual canon de saneamento, no novo canon da auga tamén se diferencia entre usuarios domésticos e industriais. Partindo do principio de que aceptamos todos e todas en maior ou menor medida a calidade das augas, toda a cidadanía debe contribuír tamén a acadar un bo estado ecolóxico das masas de auga, é un proxecto común de todos os cidadáns. Por este motivo o canon da auga será universal, e será aplicado a todas as aglomeracións urbanas, así como aos usuarios de captacións propias e de traídas veciñais —comunidades de usuarios, por exemplo—, aínda que nestes dous casos se contemplan —e tamén hai que dicirlo— importantes bonificacións, de tal xeito que na práctica totalidade destes supostos, estes usos non estarán sometidos ao pago. Volvo a repetir, os usos das captacións propias e de traídas veciñais non estarán sometidos ao pago como consecuencia de que tamén son traídas veciñais e actuacións donde a Administración hidráulica non tivo ningunha participación no investimento nin na explotación desas redes.

O modelo tributario establece cuatro obxectivos principais: que incentive o consumo responsable; que dependa do número de residentes da vivenda, como consecuencia de que ese é un factor que incide no consumo; que teña en conta as familias numerosas; e que conte cunha tarifa social.

O modelo fixa para o consumo doméstico catro treitos de consumo aos que lle corresponden outras tantas tarifas variables que se van incrementando gradualmente dende os cero euros ata os 0,41 euros/metros cúbicos. A singularidade céntrase en que quedarán exentos da tarifa variable os consumos reducidos estimados ata 6 metros cúbicos/mes para familias de tres persoas, 8 metros cúbicos/mes para familias de catro persoas e 10 metros cúbicos/mes para familias de cinco persoas.

Con esta estrutura tarifaria todas as familias afectadas actualmente polo canon e que non superen eses consumos reducidos pagarán menos que co actual canon de saneamento. No modelo tributario tamén se contemplan deducións para familias numerosas e tamén, como dixen, para comunidades de usuarios e captacións propias de particulares —é dicir, pozos— constituídas, que contarán cunha bonificación do 80%.

Como é coñecido, dentro das comunidades de usuarios é habitual que o volume da auga concesionado non sexa exclusivamente destinado ao consumo das persoas, senón que na maioría dos casos a auga é destinada tamén á rede agrícola e ao uso gandeiro. Estes dous últimos usos, para a rega e a gandería, están exentos da aplicación do canon, na nova configuración do canon, polo que no total do volume a liquidar haberá que descontar o volume destinado a eses usos.

Igualmente, o Proxecto de lei de Augas de Galicia prevé que os usuarios que non dispoñan dun mecanismo de medición directa, é dicir un contador, poderán acollerse ao sistema de estimación obxectiva. Polo tanto, a lei, o texto legal que sometemos á aprobación desta Cámara, non obriga en absoluto á instalación de contadores naqueles supostos que non teñan esa instalación.

No tocante ao canon da auga para usos non domésticos ou industriais, contéplanse dúas variantes ou modalidades, como ata o de agora: a modalidade de volume e a modalidade de carga contaminante.

Continuando coa estrutura do proxecto de lei, o título V (artigos 75 a 78) regula a institución da planificación hidrolóxica, concreta a participación de Galicia na elaboración da planificación hidrolóxica e lembra determinados principios,

como o da participación pública, canalizando a mesma a través do Consello para o Uso Sostible da Auga e tamén as competencias que ten a Comunidade Autónoma nesa materia.

O título VI (artigos 79 a 82) aborda o réxime especial de protección da calidade das augas das rías galegas ao considerarse convinte prestarlle unha especial atención a un ámbito tan propio e específico de Galicia como son as rías, cunhas masas de auga que deben ser obxecto de especial protección.

No título VII (artigos 83 ao 92) trátase do réxime de infraccións e sancións, regulando un réxime sancionador propio aplicable á intervención e control do dominio público hidráulico nas concas internas de Galicia.

Neste derradeiro título adícase unha atención especial á reparación do dano causado e á reposición das cousas a su estado primitivo, no caso de vertidos.

O proxecto de lei conta, ademais, con catorce disposicións adicionais, seis disposicións transitorias, unha disposición derogatoria, dúas disposicións finais e tres anexos.

Este é o contido e alcance do Proxecto de lei de Aguas de Galicia que a partir de agora inicia o seu debate parlamentario; un proxecto de lei, na nosa opinión, necesario para Galicia, que se fundamenta no compromiso da austeridade, simplificando e unificando a actual Administración hidráulica, que lle dá cumprimento á Directiva europea da auga, que fomenta un uso máis racional do recurso, que asegura unha tarifa social no canon da auga, que garante o carácter finalista do canon, que servirá para darlle cumprimento á planificación hidráulica galega, e que, en definitiva, vai conseguir implantar un modelo de xestión en materia de explotación de depuradoras con criterios de xustiza tributaria e de solidariedade territorial.

Desexo que a responsabilidade e o rigor que merece este tema non dea lugar a posicionamentos demagóxicos e que o diálogo e a participación que se propoñen neste proxecto de lei como base para a xestión do recurso hidráulico presidan tamén os debates e os traballos deste texto legal.

Entre todos podemos facer deste proxecto de lei un instrumento eficaz –así o espero que sexa– e tamén que sexa un

instrumento duradeiro que permita orientar e desenvolver unha política axeitada que mellore un servizo básico, que garanta ese servizo básico a todos os cidadáns, independentemente do seu lugar de residencia, que mellore e proporcione unha maior protección ao medio natural, que contribuya a acadar un bo estado ecolóxico dos recursos hidráulicos, que mellore a situación das nosas rías e do noso saneamento e que permita, en definitiva, que se garanta a calidade das nosas augas. E os mil ríos de Galicia que, polo tanto, teñan asegurado non soamente a súa existencia, senón a súa permanencia no tempo e o seu uso e aproveitamento para as diferentes posibilidades que se veñen facendo dende séculos na nosa terra.

Polo tanto, creo que agora se inicia un camiño, un camiño donde –volvo a reiterar–..., e remato a miña intervención ofreciendo as máximas posibilidades de chegar a acordos e de atopar puntos de encontro para conseguir a mellor organización e a mellor xestión dos recursos hidráulicos no noso territorio.

Moitas gracias e máis nada. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, conselleiro.

Defensa das emendas á totalidade de devolución.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Sánchez Montenegro.

A señora SÁNCHEZ MONTENEGRO: Grazas, señora presidenta.

Bos días a todos e a todas.

Señor conselleiro, ¡menuda celebración! Preferimos que non siga celebrando. Galiza, señor conselleiro, é o país dos mil ríos –decía Otero Pedrayo–; somos, en fin, Galiza, un país de auga e arredor dela medrou a historia da nosa xente e conformouse a nosa identidade. Pero tamén en Galiza a auga é un recurso natural que, sendo imprescindible para asegurar a subsistencia de calquer forma de vida e para asegurarnos a todos e a todas unha digna calidade da mesma, está sometido á constante presión da súa crecente demanda de usos e calidade. Neste sentido, os nacionalistas non podemos menos que concordar plenamente coa Directiva marco

da auga na súa consideración de que a auga non pode ser unha mercadoría, de que a auga non é un ben comercial coma os demais, senón un patrimonio colectivo que é preciso protexer, defender e tratar como tal.

Consideramos, polo tanto, necesaria unha ordenación e regulación dos distintos usos da auga que, recollendo todas as casuísticas do territorio galego, das demandas e o acceso á auga na Galiza, faga compatible garantir a auga como un servizo universal para todas as galegas e os galegos coa protección e conservación do medio ambiente. Defendemos, en consecuencia, unha política de auga que, empezando por considerala en todo o seu ciclo como un recurso de dominio público, esté fundamentada na responsabilidade e na participación pública e teña como obxecto a garantía da calidade e da sostibilidade ambiental e social.

Mais, señor conselleiro, teño que decirlle que o texto que vostede nos presenta hoxe neste Parlamento nada ten que ver con eses requisitos. O texto que vostede nos presenta hoxe pouco ten do que debería ter unha auténtica lei de augas de Galiza. Porque neste proxecto de lei non se regulan nin todos os usos da auga do noso país nin se establecen obxectivos medioambientais propios e específicos. Non contempla tampouco estratexias nin para evitar a contaminación das augas, tanto superficiais como subterráneas nin para recuperar, mellorar e preservar os sistemas acuáticos. Tampouco contén medidas para a prevención de secas e enchentas, nin regulación algunha sobre as súas consecuencias. Este proxecto de lei, señor conselleiro, non diseña política eficaz algunha para o uso máis racional da auga, máis aló, eso si, do que poida resultar da creación de dous novos tributos, e ignora as imprescindibles políticas de reutilización. É significativo tamén o feito de non introducir ningún aspecto de regulación e protección dos ríos e augas interiores, malia terse aprobado a Lei 5/2006, para a protección, a conservación e mellora dos ríos galegos, froito dunha iniciativa lexislativa popular.

En resumo, señor conselleiro, desatende, en fin, este proxecto de lei toda regulación sobre os usos e demandas da auga e sobre a compatibilidade destes coa calidade da auga e a conservación dos ecosistemas acuáticos. Mais en cambio si introduce innovacións importantes en dúas materias: en materia organizativa, proponendo unha nova organización para a administración da auga na Galiza; e en materia tribu-

taria, proponendo a creación e a universalización de dous novos tributos. No referido á organización da administración instrumental de augas, o proxecto de lei crea un novo ente, Augas de Galiza, en substitución das dúas entidades actuais en materia de xestión hidráulica, sen que –tal como advirte o Consello Económico e Social no seu ditame– se xustifique a súa necesidade desde o punto de vista organizativo nin as vantaxes da súa creación desde a perspectiva económica. Ademais, o CES entende que, dadas as competencias que o novo ente ten asignadas, debería garantirse en todo caso a prevalencia do dereito público. Porque, señor conselleiro, a simple fusión do organismo autónomo Augas de Galiza e da Sociedade Pública de Obras e Servizos Hidráulicos nun único ente non garante de por si unha maior eficacia, pero si facilita a fuxida cara ao dereito privado na meirande parte das súas decisións.

Por iso, señor conselleiro, no Bloque coincidimos co CES ao sinalar que, dadas as competencias que o novo ente ten asignadas, debería garantirse en todo caso a prevalencia do dereito público, incluída a súa aplicación á regulación do persoal e ao réximen de contratación –engadimos nós– no exercicio das potestades públicas conferidas á entidade Augas de Galiza.

A outra materia na que este proxecto de lei introduce importantes modificacións é, como dicía anteriormente, en materia tributaria. Esta motivación económica é en realidade a verdadeira finalidade deste proxecto de lei. Si, señor conselleiro, o afán recadatorio é a verdadeira razón de ser deste Proxecto de lei de Augas de Galiza; un proxecto mediante o cal –lembremos– se crean dous tributos: o canon da auga, definido como un tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de imposto indirecto, e o coeficiente de vertido, definido tamén como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa. A principal consecuencia da introdución destas novas figuras tributarias é un incremento exponencial dos impostos que gravan o uso e o consumo de auga na Galiza, nomeadamente no que atinxe aos usos domésticos, que en función do consumo e do número de membros da unidade familiar podería chegar a soportar incrementos de máis do 350% na carga tributaria que soporta mensualmente no seu recibo de auga.

Non se ten tampouco en conta nesta materia o Ditame do Consello Económico e Social que recomenda reflexionar

sobre a oportunidade de incrementar a presión fiscal en tempos de crise. De feito, os incrementos máis drásticos van afectar precisamente aos consumos domésticos e asimilados, é dicir, sobre os consumos que constitúen un servizo básico á cidadanía. Os maiores incrementos van afectar ao groso da poboación, xa que, segundo os datos máis recentes da enquisa sobre o suministro e tratamento de auga publicada polo INE en xullo de 2009, o consumo medio dos fogares galegos sería de 143 litros por habitante/día; que, aínda estando 14 litros por baixo da media estatal, situaría este consumo ao consumidor medio galego directamente no tramo terceiro da escala de gravame definida no proxecto de lei. Consumo medio diario tendo en conta esos 143 litros por habitante/día, saíría un consumo de 4,29 metros cúbicos ao mes; é dicir, tramo terceiro. O mesmo acontecería nunha familia tipo de tres membros que realizase un consumo igual ao consumo medio galego por persoa. Agás no caso de que a finalidade sexa meramente recadatoria –que semella ser a motivación principal desta lei– non ten senso definir unha escala de gravame donde o groso da poboación se sitúe de entrada, xa de partida, no tramo inmediatamente anterior ao máis alto. Este elemento desvirtúa a suposta progresividade da escala de gravame, máis aínda se se considera que o cuarto tramo é un tramo residual que apenas se aplicará; de feito, o Goberno exclúe por esa razón ese tramo da estimación de ingresos polo canon da auga. Ademais, o incremento tarifario redúcese a medida que avanzamos na escala, sendo menor o incremento porcentual precisamente no tramo de consumo que algúns denominan suntuario. A propia memoria que acompaña o proxecto de lei reconece que é menor o salto porcentual das tarifas entre o terceiro e o cuarto tramo que entre o segundo e o terceiro. ¿U-la progresividade?

Da finalidade recadatoria deste proxecto de lei dan ademais boa mostra as propias previsións de ingresos polo canon da auga e coeficiente de vertido contidos na memoria. O Goberno prevé que no primeiro ano de aplicación destes dous novos tributos –2011– a súa recadación duplique a recadación prevista no ano 2010 para o canon de saneamento. En concreto, prevese que no 2011 a Xunta recade polo canon da auga 48,6 millóns de euros; polo coeficiente de verquido, 19,8 millóns de euros; en conxunto suman 68,4 millóns de euros, un incremento do 97,6% respecto dos 34,7 millóns de euros que prevé recaudar a Xunta en concepto de canon de saneamento no 2010. Pero é que, ademais, na

memoria do proxecto de lei prevese un incremento adicional da tarifa do canon da auga do 2% anual ata o 2016.

Outra das principais novidades do POL é que o canon da auga grava por igual o consumo ou utilización de auga procedente de captacións propias, pozos ou traídas, e a procedente de sistemas públicos de abastecemento. Señor conse lleiro, permítame que lle lea o artigo 41, feito impositivo: “Constitúe o feito impositivo do canon da auga o uso ou consumo real ou potencial da auga de calquera procedencia con calquera finalidade e mediante calquera aplicación, mesmo non consultiva, por causa da afección ao medio que a súa utilización puidera producir”. Polo tanto, está claro que afecta a todos por igual. Debemos partir de que no medio rural a existencia de captacións propias é a regra xeral, que inicialmente era a única vía posible para cubrir as necesidades de auga dos seus residentes. Por iso consideramos que darlle o mesmo tratamento fiscal aos abastecementos públicos e ás captacións privadas ou comunais é profundamente inxusto e discriminatorio para as persoas que residen no medio rural. Non se recoñecen os investimentos necesarios para realizar eses aproveitamentos soportados polos propios titulares das captacións e que na maior parte dos casos obedecen á falta de provisión dos servizos por parte das administracións públicas. Ademais, tampouco se explica como se adapta isto, como encaixa isto, coa política de recuperación dos custos dos servizos, que, según o título IV do proxecto, é filosofía do plan.

En contra do que vostede vén de afirmar aquí hoxe, a lei só contempla unha redución no artigo 53.6 no caso de que os contribuíntes non dispoñan nin de abastecemento público nin de rede de saneamento. E estas dúas condicións, tal como está redactado o artigo –léao, por favor–, deben darse simultaneamente. Neste caso, efectivamente, se contempla unha redución do 80%, pero só neste caso. Lamentablemente, no rural galego son moitos os núcleos donde aínda se cumpren estas dúas condicións, pero tamén son moitos os núcleos que viron como nos últimos anos chegaba algún destes servizos, principalmente as traídas municipais. Mais, como sinalaba anteriormente, a redución contemplada no artigo 53.6 aplícase só no caso de que as súas condicións se dean simultaneamente. Está claro que este xeito vai prexudicar particularmente a poboación residente no rural, que coa nova lei terá que soportar os mesmos impostos que se a auga procedese de sistemas de abastecemento público. Eso é

o que se recolle na lei. Se as súas intencións son outras, evidentemente a lei tería que ser outra.

É preciso tamén sinalar que o artigo 48.2 establece a obriga dos usuarios de instalar e manter ao seu cargo contadores homologados. É máis, se ben a lectura do artigo 48.3 parece derivarse da lectura dese artigo, a posibilidade de que os usuarios que non dispoñan deses mecanismos se acollan ao sistema de estimación obxectiva, esta posibilidade queda difuminada cando na definición do réxime sancionador se definen como infraccións sancionables con multas de até 30.000 euros o incumprimento do deber de instalar un contador homologado, artigo 84.o); ou o incumprimento da obriga de medición directa dos consumos, artigo 84.p). Eso é o que recolle a lei.

Por outra banda, o proxecto de lei non prevé ningún procedemento nin ningún réximen transitorio para a regularización da inmensa maioría dos pozos hoxe existentes no rural carentes de autorización. E lembremos que a lei entrará en vigor ao día seguinte á súa aprobación.

En definitiva, non hai dúbida de que son os usos domésticos, e nomeadamente os residentes no rural, os que van a sufrir un maior incremento da presión fiscal derivada deste anteproxecto; anteproxecto no que, ademais, se reduce o consumo a considerar doméstico dos 3.000 metros cúbicos anuais do canon de saneamento a 2.000 metros cúbicos anuais. Isto ten consecuencias moi importantes na suba que vai experimentar a cuota do canon para determinados usos que se atopan nesta marxe de consumo: os colexios, centros de saúde, restaurantes grandes, lavanderías, pequenos lavados de coche, etc. Eso si, é chamativo o feito de que, sendo os usos e os consumos industriais de auga, por regra xeral, moito máis voluminosos que os usos domésticos, o tipo de gravame aplicable a estes usos industriais, na modalidade de volume, na súa parte fixa é só un euro superior á dos usos domésticos. Evidentemente, respecto á capacidade económica das empresas, este incremento é totalmente insignificante. Pero é que, ademais, na súa parte variable o tipo de gravame aplicable é de 0,421 euros/metro cúbico, inferior, por certo, ao establecido para os usos domésticos que superen os 8 metros cúbicos por persoa. En conclusión, e tal e como sinalaba anteriormente, todas estas modificacións van supoñer na realidade unha suba brutal do canon aos usos que na actualidade son domésticos, nomeadamente á pobo-

ación residente no rural, aos comercios e ás pequenas empresas.

En fin, señor conselleiro, este Proxecto de lei de augas de Galiza non é unha verdadeira lei de augas, é simplemente unha lei recadatoria encuberta baixo o principio de recuperación de custos da Directiva marco de auga europea.

Pero, sen embargo, esquece os principios de equidade e nada contén sobre os obxectivos e medidas para garantir a calidade da auga e a conservación e recuperación dos sistemas acuáticos.

¿E que dicir, por certo, sobre os obxectivos e medidas...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Sánchez.

A señora SÁNCHEZ MONTENEGRO:...—remato, señor presidente— para a preservación da calidade das augas superficiais e subterráneas, para a conservación e protección dos ecosistemas fluviais? ¿Ou acaso non corresponde a unha lei de augas redefinir os usos da auga e que nuns ríos tan sobre-explotados como os nosos se faga prevalecer a conservación sobre a explotación?

En resumo, señor conselleiro, este proxecto de lei non vai garantir o cumprimento estrito da Directiva marco de auga nin vai establecer unha regulación e ordenación integrada dos usos da auga que fomente o seu uso sostible, garanta o ciclo completo da auga das galegas e galegos e prevea e reduza a contaminación da auga.

Por todas esas razóns é polas que presentamos a emenda á totalidade a este proxecto de lei pedindo a súa devolución.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Sánchez Montenegro.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, señores do Partido Popular, o Grupo Parlamentario Socialista pediu na Xunta de Portavoces, alá polo mes de xuño, que o Pleno do Parlamento de Galicia, o Parlamento de Galicia, estivera hábil durante todo o mes de xullo para facer tanto plenos como traballo nas comisións, basicamente para poder facer o noso traballo político, para poder propoñer a todos solucións e políticas que resolvan os problemas dos cidadáns. Vostedes, os do Partido Popular, non quixeron ese acordo, pero, logo, cando se deron conta de que nos medios de comunicación se criticaba esta postura do Partido Popular por non querer traballar no Parlamento de Galicia no mes de xullo, anunciaron un pleno extraordinario no que comparecería o presidente da Xunta, iso si, sen dar lugar a propostas de resolución, e hoxe estamos nese pleno extraordinario. E eu dígolles: para o que acabo de escoitar na primeira proposta de lei que acaban de traer vostedes aquí, de recorte de dereitos para as mulleres, para o que acabamos de escoitar ao conselleiro de Medio Ambiente sobre o Proxecto de lei de augas, para subirlles os impostos ás familias e para facer propaganda, máis valía que vostedes se houberan quedado na casa.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, vostede hoxe vén a celebrar aquí quince meses de Goberno presentando un proxecto de lei de augas que dixeron no debate de investidura –o señor Feijóo– que o ía ter presentado nos primeiros cen días de Goberno, e que logo vostede, cando se deron conta de que non cumprían iso, anunciou que o ían a presentar nos primeiros seis meses.

Nin nos primeiros cen días nin nos primeiros seis meses nin nos primeiros quince meses, porque esta, señor conselleiro, non é unha lei de augas, é unha lei para crear un imposto e unha taxa sobre a auga en Galicia, para iso si, pero non unha lei de augas.

O Goberno Feijóo, o da falsa austeridade, o que presume de non subir impostos e mesmo fai rebaixas economicamente irrelevantes e socialmente regresivas como as aprobadas no Consello da Xunta pasado, sube impostos ao conxunto da cidadanía no vran, a ver se non se enteran, súbelle a auga ás familias, castiga máis ás familias máis humildes e castiga menos aos que máis consumen. Esquecen vostedes facer

unha auténtica lei de augas que ordene o ciclo integral da auga.

Os concellos, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, chegan incluso a nomear esta lei, nalgúns das reflexións conxuntas que fixeron e que intentaron que vostedes asumiran, como a lei de ordenación tributaria e administrativa dos servizos de saneamento e abastecemento. Está claro que tampouco aos concellos lles parece que isto que vostede vén a presentar hoxe aquí sexa unha lei de augas.

Esta lei podería servir, señor conselleiro, para calqueira outra comunidade autónoma, para calqueira lugar de España, porque en ningún caso contempla as especificidades de Galicia, a nosa relación cultural coa auga, a xestión da auga no rural, o esforzo das traídas veciñais.

Vostede dixo na súa intervención que apelaba ao diálogo construtivo para facer unha lei de augas entre todos, e eu dígolle, señor conselleiro: acordouse un pouco tarde de apelar ao diálogo. Mágoa que non se acordara de dialogar cos concellos de Galicia, cos usuarios, coas traídas veciñais, co Consello Económico e Social e mesmo cos outros departamentos da Xunta de Galicia, como a Dirección Xeral de Orzamentos ou a Dirección Xeral de Tributos, que bastante lle teñen dito sobre esta lei, que, por certo, ao noso xuízo, e dado o contido, a debería de presentar a señora conselleira de Facenda e non o señor conselleiro de Medio Ambiente.

Se de verdade quere dialogar, faga hoxe unha aposta, faga que este Pleno sirva para algo, retire esta lei e volva traer outra lei a este Parlamento que si cumpla coa Directiva marco da auga e que si ordene os usos e o ciclo integral da auga, porque con esta, señor conselleiro, non vai resolver ningún dos problemas que hoxe ten a auga en Galicia.

Mire, perdeu vostede a oportunidade de regular a confusa e diversa fiscalidade sobre a auga, mais ao contrario, seguen afondando na desigualdade entre os cidadáns en función do territorio onde vivan ou a conca hidrográfica á que estean suxeitos.

Era necesario abordar un diálogo con todas as administracións implicadas na xestión da auga, coa Administración local e coa estatal, para entre todos establecer unha fiscali-

dade progresiva e equitativa que garanta que o conxunto da cidadanía teña dereito á auga suficiente e de calidade, e que todos e todas paguen en función do seu consumo o mesmo en todos os territorios, independentemente de se a bacía que o regula é competencia estatal ou autonómica, e vostede perdeu esa oportunidade. Era necesario facer unha auténtica lei da auga, que ordene o ciclo integral da mesma e que incorpore os preceptos da Directiva marco da auga e da lexislación básica do Estado, e tamén fracasou nesta necesidade.

Por enumerarlle só algunhas das cuestións que incumpre ou que non contempla a lei do que é a Directiva marco da auga, direille as que non figuran: non figuran na súa lei, señor conselleiro, a utilización sostible dos recursos hídricos, a necesidade de protección e mellora dos sistemas acuáticos, a protección do recurso auga, a prevención e redución da contaminación e, en xeral, a protección do medio ambiente. Tampouco se regulan –só se fan leves referencias– as situacións de enchentas ou secas nin á necesidade de levar a cabo tarefas preventivas nestes campos, e debería de telo vostede en conta isto despois dos anegamentos e inundacións que se sufriron, mesmo xa estando vostedes no Goberno, e tamén nalgúns casos de aparicións puntuais de secas que se deron no pasado e que anos atrás eran impensables en Galicia. Non se fai referencia ás zonas inundables nin ás zonas protexidas. Falta unha regulación efectiva do rego, donde se garanta unha xestión eficiente e sostible do mesmo. Tampouco están contempladas previsións en materia de augas subterráneas nin de reutilización do recurso.

Garantir o cumprimento da Directiva marco da auga implica asumir esta concepción do recurso, e en particular garantir a sostibilidade ambiental, a eficiencia de todos os usos da auga, a racionalidade económica e a participación pública nos termos establecidos tanto na Directiva marco como na demais lexislación vixente. Pola contra, este proxecto de lei non asume o novo modelo de xestión da Directiva marco da auga, que implica o recoñecemento dun recurso limitado, cuxa xestión se basea na demanda, mellorando a eficiencia do uso dos recursos hídricos, reducindo o consumo e incentivando o aforro da auga.

Este proxecto só atende a fórmulas e criterios de xestión da oferta, e baséase nunha política de infraestruturas e recadatoria para sufragar estas infraestruturas. Só se preocupa de

maneira destacada da creación do ente de Augas de Galicia e dos aspectos recadatorios.

Esta lei, en definitiva, señor conselleiro, só ten un obxectivo contrastado: recaudar máis, subir o prezo da auga para o conxunto da cidadanía. Os galegos e galegas van pagar a auga o dobre ou o triple, ou mesmo a prezo de desaladora do Levante, en función do seu consumo. Esta é a súa receita, esta é a receita do Goberno Feijóo: a auga máis cara para todos e para todas.

O Consello Económico e Social dice, no ditame que fai sobre esta lei respecto do novo canon da auga –imposto, en termos literais–: “Cómpre unha reflexión sobre a oportunidade de incrementar a presión impositiva sobre a cidadanía, familias e empresas na conxuntura actual de crise económica”. Semella que esta reflexión non foi feita no seo do Goberno de Galicia.

Este imposto se establece, ademais, sen contar cos gobernos locais, co total desacordo dos concellos, que terán que aplicar despois o imposto ao conxunto da cidadanía. Pretende vostede cercenar a autonomía local e as competencias que teñen asumidas os concellos. Súbelle vostede a auga ás familias de Galicia, pero quere que a cobren os concellos de Galicia. O Goberno Feijóo non foi capaz de chegar a un acordo de mínimos cos concellos de Galicia para a elaboración desta lei, a pesares de que os concellos, a través da Federación Galega de Municipios e Provincias, presentaron unha e outra vez propostas construtivas para facer unha auténtica lei de auga de Galicia.

Son demoledores os informes e opinións de administracións locais, concellos e deputacións gobernadas polo conxunto dos partidos do arco parlamentario. Os alcaldes e alcaldesas non queren esta lei, nin os socialistas nin os nacionalistas nin os do Partido Popular.

O Goberno pretende facer crer ao conxunto da opinión pública que neste imposto se paga por primeira vez en función da auga consumida, pero esta afirmación é falsa, posto que no canon de saneamento existente xa se paga en función dos metros cúbicos consumidos e se fixa o prezo cada ano nos orzamentos da Xunta. Por se vostede non o sabe, lémbrolle que neste ano estamos pagando en usos domésticos 0,209 euros metro cúbico pola auga en Galicia.

Tamén é falsa a afirmación de que haia por vez primeira tarifas reducidas para as familias numerosas, porque na actualidade xa as familias numerosas teñen unha bonificación do 50%. O que si é certo é que a auga a van a pagar todos os cidadáns, e bastante máis cara do que o viñan facendo, sen contraprestación algunha. Por vez primeira os usuarios de traídas veciñais pagarán a auga, e inda que vostede tentou camelalos dicindo que non, o certo, é que, tal e como está a lei e como lle acaba de ler a señora portavoz do BNG, van a pagar.

Nós cremos que todos os cidadáns de Galicia teñen dereito a auga suficiente e de calidade, e que este dereito debería de aparecer así na lei. Tamén cremos que todos os cidadáns que teñan auga deben pagar polo seu uso, o que non entendemos é como non se recoñece nesta lei unha realidade galega, como son as traídas veciñais, que naceron a finais dos anos sesenta en ausencia dunha administración que garantira abastecementos, que son froito do esforzo cidadán para manter no rural de Galicia auga en cantidade e calidade suficiente, alí onde non chegaba nin chega a día de hoxe nin a Xunta de Galicia nin os concellos, incapaces de garantir este dereito aos cidadáns.

O que rexeitamos profundamente é que vostedes, señor conselleiro, queiran cobrarlle a auga a eses cidadáns que se abastecen das traídas veciñais e non lles garantan o mantemento desas traídas, que aínda hoxe son reparadas, construídas e mantidas co esforzo solidario dos veciños e veciñas do rural, aportando o seu traballo e o seu diñeiro. O que denunciemos é que vostedes nin tan sequera se dignaron a falar coas asociacións representativas desas traídas veciñais ata que se deron conta de que lles empezaban a facer lío na prensa.

O diálogo estivo ausente, señor conselleiro, na elaboración desta lei. Non dialogaron coa Federación Galega de Municipios e Provincias, non foron capaces de chegar cos concellos a un acordo de mínimos, non dialogaron cos cidadáns, cos veciños do rural, que teñen auga grazas ao seu esforzo, non dialogaron co Goberno de España. Por ter, ata teñen mal os nomes das confederacións hidrográficas que teñen competencias en Galicia. Ata nin iso está ben, e total só por citalas, porque nada din delas nin do que se espera delas. Unha oportunidade perdida para unificar criterios en canto á fiscalidade da auga en todo o territorio galego.

E, por último, señor conselleiro, respecto da fiscalidade, asoma de novo nesta lei a vella receita que parece outra vez nova; xa nas vixentes leis dos anos 93 e 2001 se vinculaba o canon aos investimentos en obras hidráulicas, e o resultado está á vista.

Galicia incumpriu sistematicamente as directivas comunitarias de calidade de augas residuais e de calidade de augas para a cría de moluscos, con mesmo sancións –como vostede sabe– dos tribunais comunitarios, e imos a peor. Este mesmo ano, xa con todas as previsións feitas e programadas para cumprir co saneamento das rías, vostedes rebaixaron en 17 millóns de euros os investimentos en obra hidráulica.

Ademais, señores do Partido Popular, señor conselleiro de Medio Ambiente, ¿quen garante que vostedes vaian facer os investimentos alí onde son necesarios? Retire a lei. Eu ofrézolle o noso apoio –como sempre o fixemos– para que traia unha auténtica Lei de augas que cumpra coa directiva marco, unha lei consensuada cos concellos, consensuada coas traídas veciñais, unha lei que ofrezca o dereito da auga a todos os galegos e a todas as galegas, unha lei que ofrezca unha fiscalidade progresiva e equitativa.

Non se ampare, señor conselleiro, na directiva marco e na política de recuperación de custos para subirlles a auga ás familias galegas. A directiva marco di que hai que implantar unha política tarifaria no ano 2010, efectivamente, e que debe ser eficaz. Pero para iso hai que saber: demanda da auga, da que de momento hai escasa información –e recomenda desenvolver técnicas para controlar os consumos–; elasticidade da demanda da auga en relación co seu prezo; custos financeiros, ambientais e de recursos. E para que sexa aceptada esta política tarifaria, a directiva marco da auga di que se deben ter en conta as preocupacións de orde social, que é necesaria unha avaliación dos efectos sociais da implantación da política tarifaria.

Ningunha destas premisas foi tida en conta para elaborar esta lei, pero non o dicimos nós, os socialistas; dío o Consello Económico e Social de Galicia, no seu informe sobre a mesma; a propia Xunta de Galicia, a través das direccións xerais de Orzamentos e Tributos, que fan informes moi duros cos contidos desta lei e botan en falta estudos previos que nos digan cal é a fotografía actual da auga en Galicia e mesmo rexeitan por irrealis...

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Remate, señora Gallego.

A señora GALLEGO CALVAR:... as previsións de recadación e a memoria económica que acompaña a lei.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, non bote en saco roto o ofrecemento de diálogo e de apoio do Grupo Parlamentario Socialista, pero non faga deste ofrecemento o que fixo co ofrecemento que lle fixeron os concellos e as traídas veciñais. Se ten vontade de traer a este Parlamento unha auténtica Lei de augas para Galicia, retire este proxecto e volva empezar de novo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señora Gallego.

Ten a palabra polo Grupo Popular o señor Varela Suanzes-Carpegna.

O señor VARELA SUANZES-CARPEGNA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor conselleiro, señorías, a auga é a vida, o principio de todas as cousas –deixounos dito Tales de Mileto–. A auga é o ben máis prezado do planeta Terra e por iso tamén o maior tesouro de Galicia. A diferenza doutros recursos naturais, é insubstituíbel e está moi desigualmente repartida. Cobre o 70 % da codia terrestre, aínda que a auga doce representa só o 3 % do total, do que a maior parte, o 2 %, concéntrase nos casquetes polares e glaciares e o resto, o 1 % aproximadamente, en acuíferos, na atmosfera e nos ríos.

Nun principio pensábase que era un recurso ilimitado, pero a explosión demográfica, o crecemento económico global, os modelos de vida, a contaminación estano convertendo nun ben escaso. Emerxe o transporte e o comercio mundial de auga potable. A Organización Mundial do Comercio empeza a analizar as necesidades e límites deste comercio internacional. En China practican a caza de nubes, a chamada *cloud seeding*, bombardeo químico de nubes para obter choiva. A auga é esencial para a vida, pero tamén para o é como a materia prima máis importante para a actividade económica, converténdose nunha arma estratéxica de futuro mesmo para a seguridade nacional.

Os grandes analistas políticos e económicos afirman xa que quen controle a auga controlará o mundo. Non é futuro, señorías. Seguro que lembran como no ano 2008 Barcelona viuse obrigada a recorrer ao transporte de auga en buques contedores. Este é realmente o debate mundial que se fai en Nacións Unidas e actualmente na Unión Europea sobre a chamada crise da auga. ¿A quen pertence? ¿Hai dereitos de propiedade? ¿Falamos máis ben dun ben común, estamos diante dun novo dereito humano básico e universal ou será tratado como unha simple mercadoría?

Voltemos a Galicia. Por razóns xeográficas, climatolóxicas e edafolóxicas, somos uns privilexiados. ¿Somos realmente conscientes diso? ¿Do que posuímos, do que despilfarramos, do que contaminamos? ¿Das nosas posibilidades se administramos ben, é dicir, mellor, este recurso, das nosas potencialidades, presentes e sobre todo futuras para nós e para outros nun planeta sedento de auga? E, pola contra, ¿sabemos que esta situación pode mudar, que nós mesmos estamos a estragar esta riqueza? Señorías, coido que estas son as reflexións que deberíamos facer seriamente neste Parlamento nun debate en Galicia sobre a auga.

Sexamos autocríticos. Cecaís porque a natureza foi xenerosa con nós non valoremos suficientemente os nosos recursos naturais. Aquí dinamítanse no mar os recursos pesqueiros, aquí incéndianse no monte os recursos forestais e aquí contamináanse nas rías os nosos proverbiais recursos marisqueiros. Aquí un día si e outro tamén descubrimos nos xornais ríos contaminados, ofrecendo o espectáculo noxento de destrución e morte da nosa biodiversidade.

Galicia, a terra dos mil ríos. “Adiós ríos, adiós fontes, adiós regatos pequenos” –permítaseme un inciso agora que lembramos os 125 anos do pasamento da nosa máis insigne poetisa–. Sempre penso se a autora de “En las orillas del Sar” pensase hoxe aquel recuncho de paz e de beleza que ela cantara como está hoxe convertido nunha auténtica cloaca. Creo que isto sería unha boa homenaxe: a recuperación integral do río Sar, o máis literario dos nosos ríos, por certo dentro da zona de Rede Natura.

Sexamos autocríticos –digo– e sexamos tamén construtivos. Deixemos de botarnos as culpas os uns aos outros, que aburre á cidadanía, dicindo: ti máis, fuches ti, eu non fun, fomos todos, pero construíamos xuntos o futuro desta Terra,

polo ben de Galicia, que é para o que estamos aquí, para o único que estamos aquí. E falar da auga é falar dun asunto deses que chamamos de país. ¿Non podemos acadar un acordo neste asunto?

Temos un problema –apuntabámolo aquí cando trouxemos a nosa proposición non de lei para saneamento integral das rías–. Diciamos entón que falta concienciación medioambiental. Falabamos entón que só nas rías había máis de 7.000 puntos de vertidos contaminados, fecais, industriais, químicos. ¿Cantos nos nosos ríos? Vertidos sen depurar ou mal depurados polo mal funcionamento das nosas depuradoras. Señorías, ¿como solucionamos este problema? ¿Canto custa? E ¿quen o paga?

Velaí as claves dunha nova política de augas. Digámolo alto e claro: aínda que non sexa unha boa nova, a época da auga barata rematou. Pertencemos a unha cultura da auga –é certo–, pero unha cultura da auga da abundancia e da auga barata, e a auga barata contribúe como vía directa ao seu espolio.

O que quere algo, algo lle custa –como di o noso refrán–, e a mellor maneira de sabelo é cando lle afecta ao seu propio peto, ou, como di ou dixo o anterior conselleiro de Medio Ambiente, hai que buscar un prezo, señor Vázquez, hai que buscar un prezo máis alto para que sexa disuasorio; textualmente: subministrar, sanear e depurar a auga ten un custo moi elevado, e nos casos actuais o prezo asignado non contempla esa realidade. Por iso a Unión Europea esixe a política do *Full cost recovery*, que non é outra cousa que a recuperación integral do custo real dos servizos prestados; non é un eufemismo, é unha auténtica realidade. E a directiva pídennos un incremento na tarificación para incentivar precisamente –e aquí se ten dito– o aforro e o consumo responsábel.

Esta política, señorías, non é popular, pero todos os expertos e as nacións máis avanzadas coinciden en que é o único camiño posíbel para explotar a auga de xeito racional e solidario.

Neste cumprimento da directiva, vai o canon do proxecto de lei, que, por certo, aínda así será o máis baixo de toda España, a excepción feita da Ríoxa, regulándose –como se ten dito– por tramos de consumo, para obter consumos exentos, reducións, bonificacións e tarifas sociais, racionalizando os actuais gravames. É curioso que os socialistas falen dun

novo imposto aquí que vai afectar a todas as familias, cando eles aumentan o IVA para todos os cidadáns deste país, de España. Polo tanto, hai que ser un pouco autocríticos tamén nesta cuestión.

O novo modelo que se necesita, señorías, está no proxecto de lei. É adaptar a directiva europea ás nosas peculiaridades, que son moitas, fundamentalmente no rural, coas captacións propias e coas traídas privadas. Recobrar os custos sensibilizando aos consumidores, reformando a nosa administración, refundindo organismos para facela máis eficaz e máis eficiente, para unha mellor xestión da auga, e dotándoa cos recursos necesarios para afrontar os grandes retos que temos, para que entre todos, todos, contribuíamos en función dos nosos consumos. Eses son os obxectivos deste proxecto de lei.

É certo que este proxecto de lei é necesario –como se ten dito– e é certo tamén que é urxente. É certo que se pode mellorar, e estamos abertos a este diálogo que nos ofrece a oposición, e tamén desde o Grupo Parlamentario Popular tentaremos de facer melloras a través das nosas emendas. Pero mellorar non é rexeitar, pola urxencia que necesitamos neste momento para acadar a calidade da auga e a depuración dos nosos ríos e rías.

A oposición critica nas sendas emendas á totalidade que formulan e que hoxe aquí defenden, por certo, sen presentar un texto alternativo, cuestión curiosa se temos en conta que xa no ano 2006 tiveron un texto de anteproxecto de lei, por certo, encargado en Zaragoza e, por certo, polo que pagaron 150.000 euros, texto que está nun caixón evidentemente, porque chegamos ao ano 2009 sen esa lei, pero tamén é curioso sinalar que no ano 2007 o entón conselleiro de Medio Ambiente, o señor Vázquez, anunciou que no mes de setembro dese ano, o ano 2007, Galicia contaría cun novo Proxecto de lei de augas. Como todo o mundo sabe, non temos, non fixeron ese Proxecto de lei de augas; evidentemente, o conselleiro anterior falaba de que había que unir os dous organismos que tiñamos agora na administración, que había que recuperar os custos, en definitiva –como sinalou o conselleiro na súa intervención–, todas as cuestións que están agora neste proxecto de lei.

Polo tanto, ¿que pasou? ¿Por que non presentaron ese texto? Sería importante que neste turno que teñen todavía

nos digan por que non foron capaces de presentar ese texto a pesar de que o tiñan xa preparado. Cecaís porque había que cobrar máis pola auga. Cecaís porque había que recuperar, en aplicación da directiva, os custos. Cecaís porque o anteproxecto de Zaragoza que vostedes tiñan creaba catro impostos novos: unha taxa de abducción, unha taxa de depuración, unha taxa de tratamento e un xuro ecolóxico. Cecaís porque había que regulamentar as traídas veciñais e as captacións propias. Ou cecaís porque afectaba a xestión municipal e aos seus propios ingresos.

En definitiva, señorías, sexamos claros, porque é unha cuestión complexa, e porque é unha cuestión que non é verdadeiramente popular. É dicir, falando de auga, é obvio que non se quixeron mollar e abofé que non se mollaron. Pero agora cambian as cousas e o Partido Popular, que goberna, efectivamente afronta este reto, con todos os riscos que ten, porque efectivamente é necesario para Galicia.

E tamén é certo, ademais, que vostedes neses argumentos dos que nos están a falar agora aquí –non sei se é que en realidade tamén o que ocorreu foi que houbo un desacordo entre os propios socios de Goberno, como ten sido habitual–, pero o feito é que agora veñen predicar sen texto alternativo e véñennos dicir efectivamente, por exemplo, que o pecado inconfesábel, parece ser que a maior crítica deste proxecto de lei, é para recadar máis.

Si, é para recadar máis. Nós non facemos un proxecto de lei para recadar menos, pero aplicándoo da maneira que hai que aplicalo, para que aqueles que consomen máis teñan que pagar máis e aqueles que poden estar exentos teñan que estar exentos del.

Din que hai dous impostos máis, e non é certo. Hai dous impostos novos, é certo, pero non máis, porque substitúen a dous: o de auga e o de saneamento, e o coeficiente de vertido substitúe a taxa de depuración. Polo tanto, hai unha racionalización dos gravames e hai unha aplicación modulada mediante exencións, bonificacións, tramos de consumo e unha tarifa social. Esta é a realidade. Seica é unha cuestión complexa, por iso vostedes escaparon desta cuestión, aínda que saben perfectamente que é unha cuestión necesaria que hai que facer.

O proxecto de lei afronta con valentía, polo tanto, os asuntos máis urxentes en defensa do interese xeral e tendo

en conta tamén, como é lóxico, os intereses particulares. Analizaremos polo miúdo o texto no trámite parlamentario, que seguirá en Comisión. Pero a min réstame, como é lóxico, felicitar á Xunta de Galicia pola coraxe política de afrontar este reto complexo, difícil e impopular. E a vostede, señor conselleiro, unha vez máis, en nome deste voceiro de medio ambiente, pero en nome de todo o Grupo Parlamentario Popular, os nosos parabéns.

É certo que quedan todavía cousas que podemos mellorar. Eu quería rematar lembrando –como empecei– para falar da verdadeira dimensión deste problema con algunha conclusión inequívoca das Nacións Unidas nun informe do ano pasado, do ano 2009, sobre “El agua en un mundo en cambio”, que traduco eu da seguinte maneira: o mundo enfrón-tase a unha nova ameaza: a crise da auga; as causas, a contaminación de ríos e acuíferos, o cambio climático, un estilo de vida insostible e sobre todo unha mala xestión dos recursos a escala global.

Señorías, tomemos nota da dimensión do problema, afrontémolo con seriedade e con rigor, sen utilizar máis demagogias, senón indo directamente ao problema, para facer da auga unha das maiores vantaxes competitivas de Galicia no futuro. Eu acepto esa oferta que se nos fai de diálogo, porque cremos que efectivamente se pode modificar e se pode mellorar, para iso chega aquí ao Parlamento. Estaremos –espero– á altura das circunstancias dende o Grupo Parlamentario Popular, porque a miña pregunta é se non poderemos xuntos ser capaces de acadar un acordo en algo que é substancial e fundamental para Galicia. Como digo, dende o noso grupo intentarámolos co máximo interese no trámite parlamentario deste importante e transcendental proxecto de lei.

Señorías, máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Baltar Blanco): Moitas grazas, señor Varela.

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Sánchez Montenegro.

A señora SÁNCHEZ MONTENEGRO: Grazas, señor presidente.

Ben, señor portavoz do Grupo Popular, se realmente o que se pretende é mellorar este proxecto é moi fácil: voten a favor da nosa emenda de devolución e fagamos –como temos que facer– un texto que realmente sexa unha Lei de augas e que sexa froito do consenso social, do consenso coas outras administracións implicadas, é dicir, de todos os axentes afectados.

Porque, mire, as boas declaracións de intencións –que, por certo, en moitos casos o que fan é reproducir sen máis as obrigas establecidas na lexislación estatal e na comunitaria– realmente é que son só papel mollado se logo no articulado da lei esas declaracións de intencións non aparecen axeitadamente reflexadas, que é o que ocorre con este Proxecto de lei de augas de Galiza que o señor conselleiro nos presentou hoxe aquí, un proxecto que, como xa dixen na miña intervención, dista moito de ser unha auténtica Lei de augas de Galiza. De feito, eu creo que non debería de chamarse así, pois podería chamarse, por exemplo, Lei do canon da auga, perfecto, pero non Lei de auga de Galiza.

Porque, insisto, este proxecto de lei ten unha finalidade moi clara: a finalidade recadatoria. Os novos tributos creados mediante esta lei afectan fundamentalmente, como dicía antes, aos usos domésticos e diríxense ao groso da poboación. E, por certo, o canon da auga é un imposto indirecto, e os impostos indirectos, por definición, non teñen en conta a capacidade económica dos contribuíntes. Polo tanto, é fundamentalmente socialmente inxusta. Por certo, creo que é unha mostra de dobre moral, de hipocrísia, que mentres na oposición ao Goberno central en Madrid o Partido Popular se manifeste ata o punto de, bueno, proclamar a insubmisión contra a subida dos impostos indirectos e particularmente do IVE, por considerar que esa subida é insolidaria, inxusta, contraproducente e ineficaz, e que nestas circunstancias de crise, cando as familias se ven obrigadas a restrinxir o consumo e a aforrar pola incertidume, o feito de subir os impostos equivale a dar a puntilla a moitos autónomos e pequenas e medianas empresas.

Por certo, isto non o digo eu, isto en Madrid o di Mariano Rajoy; aquí vostedes o que din é: creemos un novo imposto indirecto, creemos o canon da auga. Como dicía, é unha boa mostra de dobre moral. Porque aquí na Galiza, como digo, o Goberno do PP o que fai é crear un

novo imposto indirecto que vai ter efectos económicos idénticos aos da subida do IVE que se aplica dende o 1 de xullo.

Desde logo, o Bloque votou en Madrid en contra e por iso tamén aquí estamos en contra da creación deste novo imposto. Iso si, vostedes buscan, como sempre, unha escusa de que, bueno, realmente si teñen en conta a capacidade das familias, porque introducen o que vostedes chaman un treito social; un treito social que curiosamente chega, é o primeiro treito, sería un consumo de ata 60 litros ao día. Bueno, eu creo que se temos en conta que a Organización Mundial da Saúde recomenda un mínimo de 80 litros de auga por persoa e día para as necesidades vitais e a hixiene persoal, pouco máis de 60 litros por persoa e día que corresponderían a ese primeiro treito –2.000 metros cúbicos entre 30 días; faga vostede a división, creo que é bastante sinxela–, pois ben, como digo, parece que ese treito social é unha cantidade insuficiente para atender de forma axeitada as necesidades básicas dunha vivenda.

Por certo, tamén quixera aquí recordar que cando a daquela ministra de Medio Ambiente Cristina Narbona fixera unha proposta neste sentido de garantir 60 litros por persoa e día de subministro de auga, pois alguén do seu grupo –como Rita Barberá, alcaldesa de Valencia, e que creo que Valencia si que ten un problema de auga bastante importante– acusou a Cristina Narbona de penalizar non só o consumo de auga senón a hixiene dos cidadáns. Parece que en Valencia si se penaliza con 60 litros, pero aquí non debemos de ser tan limpos os galegos ou ter tanta necesidade de lavarnos cando vostedes consideran que esa é a tarifa suficiente para cubrir o treito social.

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor

A señora SÁNCHEZ MONTENEGRO: Bueno, en resumo, señor conselleiro, hai moitas máis cousas a dicir sobre este proxecto de lei. Pero, como dicía antes, os obxectivos de protección da calidade da auga, dos ecosistemas a ela asociados que require a directiva marco da auga, para nada están nesta lei, e o afán de recadación deste canon da auga pouco ten que ver coa política de recuperación de custos e os principios de equidade que propón esa directiva.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Sánchez Montenegro.

Polo Grupo Socialista ten a palabra a señora Gallego Calvar.

A señora GALLEGO CALVAR: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días de novo, señoras e señores deputados.

Señor portavoz do Partido Popular, eu creo que a mellor homenaxe que se lle pode facer a Rosalía de Castro no 125 aniversario sería que este Parlamento de Galicia hoxe na hora das votacións non tivera en conta ese proxecto de lei que trae o Goberno de Galicia para quitarlles dereitos ás mulleres galegas. Paréceme que esa sería unha boa homenaxe, non a que propoñía vostede.

Señor conselleiro de Medio Ambiente, nós temos presentado unha emenda de devolución a este proxecto de lei, que vostede coñece e que eu tratei de explicar aquí polo miúdo. Nós cremos que o acordo e o diálogo non pode ser imposto. Vostede trae aquí un proxecto de lei que eu creo que debería de tralo a súa compañeira a conselleira de Facenda e non vostede, porque é un proxecto de lei que é na súa integridade mentira, dende o nome –Lei de augas de Galicia– ata o contido, porque evidentemente é un proxecto de lei que o que regula é un imposto e unha taxa sobre a auga de Galicia pero non ordena o uso e o ciclo integral da auga. E vostede sabe que isto é así.

Vostedes neste proxecto de lei –que o que fai é poñerlles un imposto ás familias galegas e unha taxa– téñenlles que dicir a verdade aos cidadáns, porque, se non llela din agora, os cidadáns de todos os xeitos van darse conta cando empecen a aplicala. Vostede sabe que coa súa proposta só terán algún beneficio as vivendas baleiras, as segundas residencias e aqueles que sexan grandes consumidores da auga. As familias humildes, con escasos recursos, e o conxunto das familias galegas e todas as traídas veciñais do rural de Galicia van pagar por vez primeira a auga. E as familias galegas, e sobor de todo as familias humildes, van pagar a auga o dobre ou o triplo do que a viñan pagando, e incluso nalgúns casos –como xa lle dixen– a prezo de desaladora de Murcia.

Iso, señor conselleiro, non é facer política de acordo coa directiva marco da auga, de recuperación de custos. A directiva marco da auga establece como hai que recuperar eses custos, como lle expliquei na miña anterior intervención. O que non di a directiva marco da auga é que haxa que facer negocio co prezo da auga, que é o que van facer vostedes. Van pagar máis as familias, as familias máis humildes; van pagar máis os colexios e os centros médicos, porque vostedes varían o consumo anual; e os que se van beneficiar unicamente van ser os grandes consumidores de auga e aquelas vivendas que estean baleiras ou aqueles que teñan unha segunda residencia. Señor conselleiro, paréceme que ese non debera de ser o obxectivo dun Goberno que vela polo interese xeral.

Mire, nesta lei non hai información sobre o ciclo hidrolóxico nin dos habitantes do territorio, nin estudo previo que permita extraer recomendacións sobre os dereitos da propiedade, sobre a normativa ou sobre os usos do recurso. Non se contemplan como servizos aquelas actividades de mellora ecolóxica dos sistemas acuáticos; non se respecta a autonomía municipal; non se ten en conta a importancia da auga como vertebradora da paisaxe e da cultura galega, vertebradora do territorio e garante da biodiversidade. Hai unha falla de conciencia ambiental brutal nesta lei.

Galicia podería liderar un proceso onde a calidade medioambiental dos recursos sexa unha esixencia asumida por todos. Neste proceso referido á auga, en particular, Galicia debería ser a líder e non ir de remolque da directiva marco da auga, obviando parte do seu cumprimento. Non hai obxectivos ambientais en materia de auga nesta lei, como si existen en leis doutras comunidades autónomas. A regulación da planificación hidrolóxica é pobrísima, tendo en conta a importancia que se lle dá na directiva marco da auga e nas leis doutras comunidades autónomas, un dos piares desta directiva marco, para contribuír a acadar o bo estado ecolóxico das augas no ano 2015. Non se regula o funcionamento do Rexistro xeral de augas nin o Rexistro de zonas protexidas para inscribir as concesións e autorizacións e demais aproveitamentos e para protexer as augas superficiais e subterráneas.

Señor conselleiro, o conxunto da lei –como dicía– é unha mentira, non se corresponde o seu título co seu contido. Esta non é unha Lei de augas de Galicia, esta é unha lei para

subirlles a auga aos cidadáns de Galicia. E dígolle máis: se vostede quere de verdade aplicar a directiva marco da auga en Galicia para facer unha Lei de augas que cumpra con estes preceptos, debería de retirar este proxecto –como lle dixemos– e traer outro aquí. E debería de fixarse nos seus compañeiros doutras comunidades autónomas, que teñen feito leis da auga este mesmo ano, aplicando os preceptos da directiva marco da auga...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

A señora GALLEGO CALVAR:... e que no caso, por exemplo, de Cantabria ou de Andalucía, poñen a auga moito máis barata que en Galicia. Fíxese vostede como vostedes intentan facer negocio co prezo da auga en Galicia cando os andaluces poñen a auga un 120 % máis barata que o prezo que lle poñen á auga vostedes nesta lei en Galicia.

Señor conselleiro, unha vez máis vostedes pensando nun afán recadatorio e nunca pensando nas familias galegas, que o están pasando mal por unha crise económica da que vostedes non queren ocuparse porque están empeñados en facer propaganda, en recortar dereitos e en subirlles impostos ás familias máis humildes. *(Aplausos.)*

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señora Gallego.

Pasamos a continuación á votación, comezando polas emendas á totalidade do Proxecto de lei polo que se suprime o organismo autónomo Servizo Galego de Promoción da Igualdade do Home e da Muller.

Pechamos as portas.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39599).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39649).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

A señora PRESIDENTA: Polo tanto, este proxecto de lei continuará a súa tramitación parlamentaria coa súa adscripción á correspondente Comisión.

Votamos agora, en relación co Proxecto de lei de augas de Galicia, a emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 39595).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda á totalidade.

Votación da emenda á totalidade de devolución do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 39648).

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 35; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta emenda.

A señora PRESIDENTA: Polo tanto, o proxecto de lei continuará a súa tramitación parlamentaria coa súa adscripción á correspondente Comisión.

Comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para –ao abeiro do artigo 144 do Regulamento– avaliar a situación económica e financeira da Comunidade Autónoma e informar das accións e propostas que o Goberno galego está a adoptar neste contexto

A señora PRESIDENTA: Ten a palabra o presidente da Xunta.

O señor presidente da XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señora presidenta, señorías.

Comparezo hoxe ante este Parlamento para ofrecer a avaliación que fai a Xunta de Galicia da actual situación económica e financeira, así como as perspectivas e propostas de futuro que plantexa o Goberno.

Señorías, creo que coincidirán comigo en que estamos asistindo a un momento crucial da historia da Autonomía. Entendo tamén que existen diferenzas entre as visións que cada un de nós ten desta situación de crise e das fórmulas que deberían aplicarse para afrontala. Por iso me gustaría que esta comparecencia supuxera unha oportunidade, unha oportunidade de conquistar un punto de inflexión na nosa actitude para encarar o futuro. Gustaríame, en definitiva, que o debate que vai haber nesta ágora do pobo galego quedase centrado en propostas de futuro que partan dunha análise realista da situación.

Esa análise realista lévanos a afirmar que, efectivamente, a Galicia de hoxe é un país que atravesa unha crise, pero coa mesma rotundidade lévanos a afirmar que non é unha sociedade en crise. Galicia non é un país dos chamados ricos, Galicia non é un país dos chamados grandes, pero esas dúas circunstancias obxectivas non nos convierten en suxeitos pasivos da situación actual. Contamos con tres factores inéditos que nos permiten ter un papel activo.

O primeiro deles é o autogoberno. A autonomía ten unha dobre lexitimidade: consagra unha personalidade histórica e dálle ao pobo galego un instrumento útil para mellorar a súa situación. O autogoberno ponnos diante das nosas propias responsabilidades como país adulto con dereitos e con deberes.

O segundo factor é a plena inserción de Galicia no marco europeo. Formamos parte dun conxunto que, malia os seus

erros e titubeos, se esforza por coordinar as medidas e para fortalecer a unidade. Galicia ten na Unión Europea un campo de xogo no que non sempre se gana, pero onde existen regulamentos que garantan a estabilidade e permiten ollar o futuro con esperanza.

O terceiro elemento positivo que nos diferencia das crises anteriores atinxe a propia sociedade. A Galicia de hoxe non é soamente un feito histórico ou unha realidade institucional; a Galicia de hoxe é algo vivo. Palabras como cooperación, coordinación, fusión ou acordo deixaron de ser unha excepción no noso vocabulario. Os discursos minifundistas empezan a verse como unha rareza ou unha mera artimaña de corto alcance.

Estamos por tanto nun momento no que xa non serven vellas fórmulas, e a cidadanía ten o dereito a que a clase política faga as súas propostas fuxindo duns plantexamentos que xa non teñen cabida na realidade actual e que a sociedade non entendería.

A sociedade galega espera moito de nós. Esíxenos, entre outras cousas, cumprir a palabra dada, ter iniciativa, aportar novas ideas e ter capacidade para chegar a acordos. É o mínimo que se nos debe esixir, pero tamén creo que no momento actual todo iso non é suficiente, porque creo que nos últimos tempos se tiña un pouco perdida a perspectiva da alta responsabilidade que supón xestionar os recursos que os cidadáns poñen nas nosas mans.

Parece como se tiveramos trasladado a un lugar secundario aspectos como a prudencia, a austeridade e a necesaria busca da eficacia, pero tamén –e sobre todo– da eficiencia nas decisións que tomamos. As críticas que con motivos máis ou menos xustificadas está a sufrir a clase política débense en gran medida a que en ocasións nos centramos máis na eficacia e moi pouco na eficiencia, entendendo por eficacia o simple cumprimento dos obxectivos e entendendo por eficiencia acadar eses obxectivos cos menores custos posibles.

Esa tendencia a centrarse case exclusivamente na eficacia, deixando nun lugar secundario os recursos empregados para elo, non debe ser interpretada como algo exclusivamente negativo; antes, ao contrario, esa busca permanente de novos e ambiciosos obxectivos que caracterizou a clase

política galega nestes case trinta anos de Autonomía tróuxonos numerosos logros importantes e grandes melloras para toda a sociedade, en educación, en sanidade, en servizos sociais e en infraestruturas.

Pero parecería como se a importancia de todos eses logros nos cegase de tal xeito que nos impedira ver que tiveron e teñen un custo importante. Por iso a sociedade galega espera de nós algo máis que lograr obxectivos, con independencia dos seus custos. A sociedade galega esíxenos capacidade de xestión dos recursos, esíxenos en definitiva que sexamos eficientes.

Para facer unha análise seria da situación económica e financeira da Comunidade Autónoma é evidente que debemos de contextualizala de modo adecuado, porque da marcha da economía española vai depender en gran medida a marcha da economía galega, toda vez que, por unha parte, somos unha economía con tal nivel de integración e de relacións comerciais que fai que a maior parte dos produtos e servizos que se producen en Galicia se destinen ao resto do mercado español –máis do 66 % de produtos e servizos que se fabrican en Galicia se venden no resto de España–, e, por outra, o noso nivel de interrelación se remite tamén ao escenario das finanzas públicas: os recursos dos que dispón a Comunidade Autónoma están condicionados polo nivel de fondos transferidos desde o Goberno central e estes dependen á súa vez en gran medida da marcha da economía española.

En España tivemos no Goberno socialista, na nosa opinión, un dos principais valedores da política de expansión do gasto público, e que vén derivada dunha concatenación de erros continuados: erros á hora de admitir a existencia da crise e as súas implicacións para España, erros na diagnose das causas da crise unha vez aceptada a súa esixencia, a súa existencia –perdón–, e erros nas medidas adoptadas.

Cando aquí o *Diario de Sesións* pode testemuñar que moitos salientabamos a necesidade de comezar canto antes a tomar medidas correctoras e abordar reformas necesarias, o Goberno central seguía insistindo en argumentos como dicir que a crise viña de fóra, que tiña só compoñentes financeiros e que non chegaría a afectarnos.

¿Que se fixo dende o Goberno central? Apostar por un aumento desmedido do gasto público, o que orixinou un

rápido incremento do déficit público. ¿E a que ía dirixido ese aumento do gasto público? ¿A medidas de calado estratéxico, de mellora da competitividade da nosa economía? Non.

Semella que non foi así. Un bo exemplo desta política é o coñecido Plan E, plan consistente en beirarrúas, xardíns, en todos os concellos de Galicia e en todos os concellos de España. Unhas obras que non eran prioritarias nin estaban deseñadas para contribuír a mellorar o nivel de produtividade do país. Pois ben, un Plan E no que o Goberno central gastou 14.000 millóns de euros, 14.000 millóns de euros, que é a mesma contía que agora o mesmo Goberno pretende recortar a 150.000 familias galegas afectadas pola redución do salario dos empregados públicos, a 500.000 pensionistas galegos afectados pola conxelación das pensións.

Na nosa opinión o Goberno central empeñouse en aplicar políticas de incremento desmedido do gasto público, non quixo ver a realidade do paro, seguiu aumentando constantemente, nin a recadación caendo, e en definitiva acabamos por pasar dunhas contas públicas con superávit do 2 % no ano 2007 a unhas con déficit público superior ao 11 % no ano 2009. Unha vez superado o déficit público a taxa do 11 %, Europa obrigou a cambiar radicalmente a política de gasto público, e a tal efecto o Goberno central decidiu subir os impostos, recortar os salarios, recortar as pensións e recortar as obras públicas.

A suba do IVE, vixente desde fai uns días, vai traer, segundo a maioría dos analistas, consecuencias altamente negativas. A suba do IVE vai supoñer en cada fogar galego un gasto adicional de preto de 300 euros. Os recortes do real decreto lei de maio afectan os máis débiles, afectan sen dúbida tamén a recuperación da economía.

Sosteo, señorías, que a crise nos leva dous anos de van-taxe, pola negación do Goberno central a recoñecela.

Nós pensamos que hai outra forma de facer política, de xestionar, e por iso dende o primeiro momento este Goberno está a traballar tendo en conta cinco principios básicos nos que fundamentamos a nosa actuación ata o de agora: austeridade efectiva, o rigor orzamentario, a mellora na xestión –é dicir, a eficiencia–, o apoio constante aos nosos sectores estratéxicos, o fortalecemento do sistema financeiro e a fusión das caixas de aforro.

Todos estes principios, os cinco, englóbanse nun principio básico: a planificación, que é o contrario da improvisación. Planificar é saber que queremos e como o queremos facer, e iso está fixado no Plan estratéxico 2010-2014: horizonte 2020.

Desde antes de chegar ao Goberno viñamos reclamando a necesidade de cambiar a actitude fronte á crise. Custou moito que o Goberno anterior recoñecese que había crise, pero cando o aceptou non fixo o primeiro que era necesario facer: ser consciente de que entrabamos nunha fase con menos ingresos e reflectilo así nos orzamentos.

E, por iso, falamos dende o inicio dun compromiso ético coa austeridade. Agora hai moitas administracións que seguen a senda da austeridade, o cal nos parece ben. Este Goberno leva aplicando a austeridade dende o primeiro día, e así, en quince meses, temos adoptado numerosas medidas que implican un aforro ao longo da lexislatura superior aos 135 millóns de euros.

A austeridade, señorías, ten consecuencias. A primeira consecuencia é cumprir a Lei de estabilidade presupostaria, é dicir, que Galicia estea cun déficit por debaixo do 1 % do produto interior bruto, fronte a un 11 % do Goberno de España. Ese é o principal impacto da austeridade: cumprir co rigor orzamentario e tratar de ter unha economía saneada e que xere confianza. Se non foramos austeros e non buscásemos a eficiencia, teríamos que facer o que fai agora o Goberno central e outras comunidades autónomas: subir os dous impostos máis importantes, o IVE e o imposto da renda das persoas físicas. Sen embargo, podemos acometer baixadas selectivas de impostos dirixidas a reactivar a economía, e por iso impulsamos dúas rebaixas selectivas de todos os impostos autonómicos que gravan a adquisición da vivenda, a rehabilitación da vivenda e a modificación dos préstamos hipotecarios; en Galicia na compra dunha vivenda págase 2.000 euros menos que na maioría do resto de España.

Xunto coa austeridade, o rigor orzamentario é outro pilar básico no que se debe sustentar a actuación dunha administración pública. Os orzamentos son a ferramenta de traballo das administracións públicas. Uns orzamentos mal deseñados e sustentados en supostos irrealistas non cumpriran nunca a súa misión. Uns orzamentos falsos son por tanto un pro-

grama de Goberno falso, un programa de Goberno irrealizable e por tanto inútil. E iso era o que ocorría cos orzamentos elaborados nos anos 2008 e 2009. Atopámonos cuns orzamentos nos que había unha serie de desfases nos ingresos e nos gastos, o que se deu a coñecer como burato presupostario. Un burato que, finalmente, señorías –lamento dicilo nesta Cámara–, resultou moi superior ao previsto, como comentarei máis adiante. Nós non queremos que iso volva suceder, queremos facer dos orzamentos unha ferramenta útil e adaptada á realidade. E neste punto quero reiterar a importancia de ter pechado o exercicio 2009 cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria marcado polo Goberno central.

Somos unha das poucas comunidades autónomas que pode acreditar este logro de xestión fundamental para gañar en credibilidade e fiabilidade dun Goberno. E queremos que ese rigor estea presente en cada momento. Por iso tivemos que facer un axuste de 200 millóns de euros no mes de abril, despois de que o Goberno nos comunicase a súa decisión unilateral de aprazar unha porcentaxe de transferencias de fondos comprometidos no novo sistema de financiamento.

En definitiva, señorías, rigor, realismo, responsabilidade e dicir a verdade son as máximas para xestionar sempre.

Señorías, manteremos o equilibrio orzamentario; manteremos o equilibrio orzamentario tamén no ano 11, tamén no ano 10, para non ten que cargarlles aos cidadáns con contrapagos fiscais, para compensar os excesos gobernamentais. *(Aplausos.)*

Ser austeros e ter rigor obriga ademais a xestionar mellor. A nosa estratexia de actuación baséase na defensa dunha xestión eficiente dos recursos públicos, porque esa é a mellor garantía para o mantemento do Estado do benestar. Hai varios exemplos de procura dunha xestión máis responsable por parte do Goberno. Permítanme que me deteña exclusivamente nalgúns deles.

A Xunta está a cumprir o compromiso de pagar en corenta e cinco días. *(Aplausos.)* As novas formas de aforro nos gastos correntes da administración, dende a redución á metade do número de altos cargos, dende a redución dun terzo do persoal asesor do Gabinete, dende a redución á metade dos

gastos de parque móbil, dende a redución dos alugueres das oficinas da Xunta, dende a redución dos gastos telefónicos en máis de 17 millóns de euros durante a lexislatura, lévanos a un aforro estimado nuns 140 millóns de euros.

A mellor xestión é atender ás persoas que máis o necesitan. Puidemos atender en catorce meses a máis de 20.000 novos dependentes, o que supón que na actualidade estean cobrando en Galicia 34.000 persoas a Lei de dependencia. O Goberno anterior, en dous anos e medio, atendeu 14.000 persoas; este Goberno, en catorce meses, a máis de 20.000, cun incremento do 142 %.

Mellor xestión é mellorar o rendemento cirúrxico nos tempos de espera, incrementando un 11 % o número de intervencións en xornada ordinaria nos hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde e acadando un incremento ou un rendemento cirúrxico superior ao 73 % fronte ao 68,8 %.

O apoio constante aos sectores produtivos estratéxicos foi unha das nosas liñas de actuación dende o primeiro día. No último ano da lexislatura anterior, entre abril do 2008 e abril do 2009, incrementouse o paro en 51.000 persoas, é dicir, un incremento do 32 %. Por iso, coa dobre intención de axudar a facer fronte á crise e reforzar cara ao futuro, este Goberno está a traballar para paliar os efectos da crise en todos os sectores produtivos.

En todos os sectores produtivos se implementaron medidas concretas. No sector lácteo, que dá emprego a 50.000 persoas, con axudas directas de máis de 100 millóns de euros, cun Plan estratéxico do sector lácteo de preto de 900 millóns de euros e cooperación por primeira vez da marca de calidade do leite galego 100 %.

No sector forestal, que supón o 3,5 % do PIB e máis de 76.000 empregos, ensaiando unha nova figura das sociedades de fomento forestal para fomentar a creación de agrupacións de propietarios para acadar a viabilidade económica dos recursos forestais de xeito sostible.

No sector da pesca, que dá emprego a máis de 45.000 persoas, consensuando unha lei, desbloqueando o Plan acuícola, consensuando os modos e as artes da pesca e pactando unha estratexia de comercialización dos produtos do mar.

No sector naval, que supón o 5 % do PIB, cunhas axudas que supón un efecto multiplicador de ata 56 millóns de euros para axudar financeiramente aos asteleiros.

No sector do comercio, que supón un 10 % do PIB galego e máis de 110.000 postos de traballo, cun proxecto da nova Lei de comercio e cun Plan Ágora pactado co sector, que supón un apoio integral ao comercio polo miúdo de 129 millóns de euros na lexislatura.

No sector da automoción, que dá emprego a 40.000 persoas, cun plan de incentivación e rebaixa dos prezos dos vehículos do ano 9 que supuxo un incremento do número de matriculacións novas en Galicia dun 4 % fronte a un descenso do resto de España dun 18 %. Cun plan integral que supón aportar 120 millóns de euros ao sector da automoción, procurando que o coche eléctrico veña para Galicia.

No sector enerxético, que supón o 3,5 % do PIB, cunha nova Lei do sector eólico, que garante a seguridade xurídica, cun canon que xa están cobrando as administracións locais, que supón na primeira volta 23 millóns de euros en favor das administracións que posúen os parques eólicos, e cunha nova convocatoria pública de 2.325 megavatios, que, segundo os datos do rexistro pechado no día de onte, o número de solicitudes presentadas a este concurso son de 90 empresas e preto de 15.000 megavatios, é dicir, sete veces máis que a oferta que se fai na licitación.

No sector téxtil, con 14.000 empregos, 1.200 empresas e co compromiso de recolocar o 60 % dos participantes do proxecto téxtil coas empresas e coa Xunta. E tamén, por suposto, cunha facilitación da adquisición do solo empresarial, cun aprazamento de tres anos do 70 % do importe e cos obxectivos de dispoñer de 32 millóns de metros cadrados de solo industrial no entorno do 12 e de 68 millóns de metros cadrados no entorno do 15.

Pero tamén tentamos facer fronte a un dos principais problemas das empresas galegas, que está sendo a dificultade para acceder ás fontes de financiamento. Neste sentido, púxose en marcha o maior plan de avais para circulante da nosa Autonomía, na nosa historia da Autonomía: 400 millóns de euros.

Ata o momento o Igape recibiu máis de 3.180 solicitudes para mobilizar préstamos por 208 millóns de euros. En datas

recentes, acabamos de dar un paso máis mobilizando outros 200 millóns de euros sobre os 400 iniciais. E se falamos de financiamento das nosas empresas, é obrigado falar do proceso de reestruturación do sistema financeiro e do papel de Galicia no novo mapa financeiro español.

Nesta nova situación, o Goberno galego optou por unha decisión histórica: promover e impulsar a fusión paritaria das caixas de aforro, para contar cunha gran caixa que garanta a presenza de Galicia no mapa financeiro español, un resultado froito do impulso de toda a sociedade galega, froito do impulso do Goberno e da acción responsable deste Parlamento –en especial dos grupos parlamentarios nacionalista e popular– e da responsabilidade das propias caixas.

En todo caso, agora estamos nun escenario novo. Estamos facendo a fusión, cando o Goberno central decide modificar as regras de xogo coa aprobación da LORCA. Neste sentido a Xunta de Galicia, igual que o resto das comunidades autónomas, cumpriremos coa lei e, ao igual que todas as comunidades autónomas, adaptaremos a lei galega á nova LORCA, e farémolo pensando en favorecer a fusión, instando ás caixas a pechar o protocolo de fusión no prazo máis breve posible, para poñer en valor canto antes as sinerxías e os aforros que conleva este proceso. *(Aplausos.)*

Señorías, a nosa máxima será en todo caso o que aquí acordamos: caixas solventes, caixa con centro de decisión en Galicia e contribuíndo ao desenvolvemento de Galicia. Pero a fusión das caixas transcende do meramente financeiro, debe ser un revulsivo de autoestima para todos os galegos. Galicia é capaz de funcionar unida e unida é capaz de superar calquera obstáculo. Galicia é capaz de convencer con argumentos sólidos, é capaz de vencer calquera tipo de interese alleo, é capaz de desprenderse dos intereses localistas e particulares, é capaz de superar os tópicos, é capaz de acadar o difícil, é capaz de facer o necesario.

Austeridade, rigor, xestión, apoio á actividade económica non son suficientes. Non son suficientes se non existe unha verdadeira planificación para o uso eficiente dos recursos públicos. E este Goberno ten feito simultaneamente a xestión que acabo de describir cun exercicio responsable de planificación. Por iso todo o que veño de comentar enmárcase nunha estratexia na que se basea toda a acción do Goberno, o Plan estratéxico da economía 2010-2014: horizonte 2020.

Sabemos que queremos facer, e sabemos como o queremos facer. Temos claras as prioridades, temos claro a onde queremos dirixirnos e temos claro que cómpre cambiar o modelo de xestión. Cada euro público ten que cumprir con eficiencia a súa función. E neste sentido o Plan estratéxico é o instrumento no que se plasma o necesario cambio de mentalidade para afrontar as dificultades que nos agardan nos vindeiros anos.

Quixera insistir unha vez máis no que considero é o eixo principal desta comparecencia, no difícilísimo contexto actual: non queda outro remedio que facer máis con menos; e para iso só hai unha vía: ser máis eficientes, e vixiar que cada euro investido cumpra a súa función.

O Plan estratéxico 2010-2014: horizonte 2020 é un plan asentado sobre os seguintes principios: planificación, estratexia, cooperación e austeridade, e sobre todo unha idea: a idea de devolvernos a autoestima, a idea da Galicia global, a idea dunha Galicia competitiva.

Con este plan pretendemos non só establecer unha estratexia de actuación nun contexto de crise, senón que pretendemos que poida servir como marco para que a Xunta plan-texe ao tecido produtivo galego saír reforzados desta crise. Obxectivo global do Plan estratéxico da economía é lograr un crecemento económico sostible, impulsar a creación de emprego, aumentar a cohesión territorial e non abandonar –ao contrario, incrementar– o equilibrio territorial. Para acadar ese obxectivo o plan contempla cinco eixos estratéxicos de actuación: cohesión social, benestar e calidade de vida, o primeiro; a dinamización económica e o crecemento e o emprego, o segundo; a economía do coñecemento, o terceiro; a sostenibilidade medioambiental e o equilibrio territorial, o cuarto; e a administración austera e eficiente, o último e quinto. Trátase, en definitiva, tal como se dixo o día da presentación, de lograr que Galicia sexa un lugar para vivir, un lugar para traballar e un lugar para investir.

O Plan estratéxico está aberto á participación da sociedade. Neste sentido teño que lembrar que, tal e como estaba comprometido, o plan xa pasou polo diálogo social e alí recolléronse achegas e opinións de todos os axentes sociais. Aproveito para agradecer moi sinceramente o labor e a colaboración dos axentes sociais e económicos que están a participar no diálogo social. *(Aplausos.)*

O plan tivo unha valoración positiva como instrumento aberto e dinámico que pode incorporar de xeito eficaz os acordos do diálogo social. Chegouse ao acordo de incorporar ao plan un anexo no que se establece a relación entre os obxectivos estratéxicos do mesmo e as temáticas abordadas nos meses do diálogo social. Agora, cumprindo o noso compromiso, lles anuncio que este Plan estratéxico 2010-2014, horizonte 2020, será remitido a este Parlamento nos próximos días para a súa análise, o seu debate, as súas achegas de todos os grupos. (*Aplausos.*) Confío en que entre todos sexamos capaces de melloralo para que reflicta esa aposta polo rigor e pola eficiencia que a situación nos esixe. Como lles digo, o documento será remitido nestos días co fin de que a través do oportuno instrumento parlamentario, como acadamos no Debate do estado da autonomía, as achegas e suxestións dos grupos poidan ser remitidas á Xunta no próximo mes de setembro e así poder incorporalas na elaboración dos presupostos de 2011.

Estamos, señorías, na última parte desta comparecencia: os retos do futuro, as propostas do Goberno. Señorías, este é o contexto no que estamos actualmente e o que pretendín describir ao longo desta intervención. Un contexto que sigue marcado pola crise, pola necesidade de reformular un gran número de políticas que se viñan desenvolvendo ata agora. Como queda dito, a aposta que o Goberno central fixo polo déficit público e por retrasar as reformas importantes condiciona, sen dúbida, a evolución da economía de todas as comunidades autónomas. En ambos os casos, os indicadores macroeconómicos indican que aínda nos queda un longo camiño, un camiño complicado, ata volver a taxas de crecemento económico e creación de emprego.

A evolución da economía no último cuatrimestre deste ano vainos impedir acabar con taxas de crecemento positivo. Lamentablemente, os recortes aprobados afectarán, sen dúbida, á recuperación económica de Galicia e do resto de España. Neste sentido, o propio estudio das caixas de aforro españolas, FUNCAS, vén de anunciar que España volverá a entrar en crecementos negativos no terceiro e no cuarto trimestre deste ano, o que significa volver á recesión. Polo tanto, estas medidas do Goberno central xa nos teñen obrigado a facer unha revisión das perspectivas de crecemento que fixemos pública nesta tribuna.

Fomos realistas cando a conselleira de Facenda explicou nesta Cámara a finais do mes de maio que Galicia rematará

o ano 10 cun crecemento negativo de -0,3, é dicir, cinco décimas menos do inicialmente previsto. En definitiva, fieis aos nosos principios, fomos realistas no axuste do crecemento económico; supoño que nas vindeiras semanas o Goberno de España tamén revisará inevitablemente, se quere ser realista, as súas previsións de crecemento económico. En todo caso, seguimos mantendo a nosa previsión de situar a taxa de crecemento económico de Galicia medio punto por riba da taxa de crecemento da media española. Confiamos pois en manter a previsión de diferencial positivo de crecemento para seguir converxendo coa economía española. Ao peche do exercicio 2010 os galegos pagarán menos impostos que noutros lugares de España. Galicia, un ano máis, terá menor decrecemento económico que o resto de España, Galicia terá menor déficit que o Goberno de España e Galicia terá menos paro que a media española. Galicia estará máis preto do crecemento, do superávit e da creación de emprego.

Pero ademais de valorar as perspectivas económicas é moi necesario avaliar a situación das contas públicas. É dicir, analizar con que recursos vai contar a Comunidade Autónoma galega no 2011 e –xa anticipo– nos anos seguintes. Valorar na súa xusta medida a capacidade que ten a Xunta para incidir na evolución da economía.

Lamentablemente, señorías, teño que dar as noticias realistas. As cifras de ingresos inicialmente previstas para os vindeiros anos vanse ver limitadas por dous aspectos fundamentais: por unha banda, unha menor capacidade de acudir á débeda pública, limitando o recurso ao endebedamento para financiar investimentos. O pasado 15 de xuño o Consello de Política Fiscal e Financeira modificou o Acordo marco coas comunidades autónomas para a sostenibilidade das finanzas públicas período 2011-2013. Esta modificación implica que os niveis de endebedamento autorizados inicialmente polo Estado se vexan reducidos de modo moi significativo para este período. Ademais elimínase a chamada *golden rule*; é dicir, aquela que permitía ás comunidades autónomas que cumprimos a nosa obriga de non excedernos no presuposto e cumprir a Lei de estabilidade presupostaria, e que nos daba a posibilidade de endebedarnos máis para investimentos que o resto das comunidades autónomas, foi eliminada.

Deste xeito, os límites de endebedamento para os vindeiros anos quedan como sigue: no ano 2010, 2,5% do PIB,

pasando ao 1,3 no ano 11 e no ano 12, e baixando ao 1,1 no ano 13. Esta nova senda significa, xunto coa eliminación da *golden rule*, tratar igual a todas as comunidades autónomas, xa estean en déficit ou estean en equilibrio, e significa unha redución de 803 millóns de euros na nosa capacidade de presuposto para o vindeiro exercicio 2011; é dicir, supón unha minoración de 803 millóns de euros nos orzamentos do 2011.

O segundo aspecto que condiciona as disponibilidades orzamentarias é o efecto das chamadas devolucións das liquidacións negativas derivadas dos orzamentos do 2008 e do 2009. Nos anos 2008 e 2009 as previsións de ingresos do Goberno central, validadas polo Goberno bipartito, non se cumpriron en absoluto. É dicir, os orzamentos do bipartito para o ano 2008 e 2009 non tiñan o debido respaldo de ingresos, e, polo tanto, foron irrealís. E agora o Goberno central, corresponsable destas previsións falsas, solicita a devolución das cuantías transferidas en exceso durante os anos 2008 e 2009. As liquidacións negativas que ten que devolver Galicia, según as contas do Goberno central, serían: 600 millóns de euros no exercicio 2008, e unha estimación de preto de 2.000 millóns de euros —exactamente 1.989 millóns de euros— a devolver polas liquidacións dos seguintes exercicios. É dicir, a causa das previsións irresponsables e duns orzamentos irrealís Galicia terá que devolver ao Estado preto de 2.600 millóns de euros entre o ano 2011 e o ano 2016; a saber, 119 millóns de euros no ano 2011, 517 millóns de euros no ano 12, outros 517 no 13, outros 517 no 14, outros 517 no 15 e 386 no 16; é dicir, 2.584 millóns de euros. Cando Galicia comece a recuperar a senda de crecemento económico e cando poderíamos comenzar a recuperar a nosa capacidade financeira, estaremos obrigados a devolver 500 millóns de euros de media anual ata o ano 2017.

Solicito formalmente, ante a gravidade da situación, ás forzas políticas un acordo unánime, un acordo para dirixirnos ao Goberno central cunha postura firme e cunha postura sólida en defensa dos intereses de Galicia, unha postura con dous requirimentos ao Goberno central. O primeiro, que Galicia non teña que facer ningunha devolución ata que a comunidade recupere a senda de crecemento económico e creación de emprego; é dicir, ata que a economía creza polo menos o 2% anual. A segunda, que se modifique a periodificación do pago das citadas devolucións, ampliando o reparto dos case 2.600 millóns de euros en dez anualidades.

(*Aplausos.*) Prégolle aos portavoces dos grupos parlamentarios que consideren esta proposta. Agardo as súas achegas ao respecto e seguro que as realizarán nos respectivos turnos de intervención e ao longo dos próximos días.

En resumo, señorías, entre a menor capacidade de endebedamento e as liquidacións negativas, temos que afrontar os orzamentos do 2011 con arredor de 1.000 millóns de euros menos que en 2010, case un 9% menos. Señorías, somos un Goberno responsable, faremos os orzamentos do ano 11 partindo dunha análise realista dos recursos cos que imos a contar, deso partiremos. Serán uns orzamentos, como veño de anunciar, que experimentarán unha notable redución, cercana ao 9%, 1.000 millóns de euros menos. Por iso insisto na idea de que estamos nun momento crucial, estamos nun momento no que facer máis con menos deixa de ser un desexo ou unha frase máis ou menos lúcida para converterse nunha obriga irrenunciábel.

¿Cal é a resposta da Xunta diante desta situación? ¿Cales son as prioridades e as propostas? Señorías, ¿cal vai a ser logo a resposta do Goberno galego diante desta situación de extraordinaria dificultade financeira da que —cómpre reiteralo— Galicia non é responsable? ¿Como afrontar a elaboración duns orzamentos nos que a estimación dos ingresos baixa 1.000 millóns de euros e, polo tanto, un 9% da capacidade presupuestaria?

Xa lles adianto brevemente cales serán os eixos principais nos que se basearán os orzamentos, os primeiros que integrarán unha estratexia orientada a resultados, tal e como prevé o Plan estratéxico ao que fixen referencia.

Sete novas propostas son as que quero anunciar á Cámara: a blindaxe do servizos públicos esenciais, manter a solvencia e a credibilidade da Comunidade Autónoma e da súa facenda pública, evitar o desplome do investimento público, profundizar ao máximo na austeridade; unha xestión eficaz e eficiente, apoiar a actividade empresarial para impulsar a reactivación económica e apostar decididamente pola innovación e pola sociedade da información. (*Aplausos.*)

Cando falamos de blindar os servizos públicos esenciais, falamos de garantir que a súa calidade non vai a ser afectada. Pero falamos tamén de lograr a maior eficiencia posible reducindo os gastos de funcionamento e mellorando a xes-

tión, é dicir, apostando polo público, garantindo o mantemento do peso relativo do gasto en sanidade, en educación e en servizos sociais. Garantir a solvencia e a credibilidade da Comunidade Autónoma como segundo eixo significa xerar confianza, e eso é imprescindible para demostrar a credibilidade do Goberno e a solvencia da facenda pública autonómica. Por iso comprometémonos a seguir cumprindo o obxectivo marcado pola estabilidade orzamentaria, como, por certo, xa fixemos –como digo– no ano 9 e tentaremos facelo tamén no ano 10.

Seguiremos comprometidos co rigor na elaboración da execución dos orzamentos; é dicir, temos que pagar o que debemos e non podemos gastar o que non temos. Farémolo por dúas poderosas razóns: primeiro, para manter a solvencia e o rigor orzamentario de Galicia, porque é un valor recoñecido nos mercados. De feito Galicia é unha das poucas comunidades autónomas que non experimentou unha baixada na calificación da súa débeda nos últimos meses. Por certo, Galicia foi unha das poucas comunidades autónomas que tivo ata tres ofertas para colocar a débeda pública, fronte a outras comunidades autónomas que non cubren a débeda pública que solicitan. Farémolo tamén porque a solvencia e o rigor son as mellores cartas de presentación para a atracción de investimentos e a implantación de novas iniciativas empresariais.

O terceiro eixo, señoría, é evitar o desplome do investimento público, é dicir, mitigar o desplome do investimento público. Se temos que reducir 1.000 millóns de euros o presuposto, se temos que reducir un 9% os orzamentos e, unha vez sentada a blindaxe dos servizos públicos esenciais, intentaremos compensar os efectos negativos desta redución, porque compensar os efectos negativos da redución presupostaria supón xerar emprego, supón reactivar o PIB e supón infraestruturas necesarias para mellorar a nosa competitividade.

Por eso acudiremos a fórmulas de financiamento validadas e recoñecidas en toda Europa e en España, chamadas formas de financiamento específico, como vostedes saben, os pagos aprazados.

Actuacións de pagos aprazados –o reiteramos–: hospital de Vigo, hospital de Pontevedra, 50 centros de saúde, autovía Carballo-Berdoias, autovía Ourense-Celanova-fronteira portuguesa, desdoblamento do corredor do Morrazo e desdobra-

mento do de Nabela-Sarria. E actuacións que tamén serán levadas a cabo polo SPI: plans de infraestruturas xudiciais, obras na Consellería de Educación e outras actuacións na Consellería de Medio Ambiente, Infraestruturas e Territorio.

En total, os investimentos que se levarán a cabo a través de fórmulas de pago aprazado son os que están sinalados no Plan estratéxico, os mesmos que presentamos á sociedade galega, os mesmos que presentamos aos axentes sociais e os mesmos que presentaremos aos grupos parlamentarios, de 2.500 millóns de euros ata o ano 2014.

O cuarto plan é profundizar na austeridade. Seguiremos consolidando as medidas de austeridade e eficacia, que xa alcanzan un aforro consolidado –como lles anunciei– duns 140 millóns de euros; cifra que seguiremos incrementando con novas medidas.

A esta política de xestión dos recursos non vai haber excepcións, nin tan sequera a Cidade da Cultura, por iso a Cidade da Cultura comezará a xerar ingresos dende este mesmo ano coa finalización e apertura de dous edificios actualmente en obras e coa apertura de outros dous edificios no próximo ano. Aprazaremos a obra do edificio do Teatro da Ópera ata que a situación económica mellore, e aproveitaremos espazos da Cidade da Cultura que non tiñan ningún fin previsto para que a Xunta de Galicia aforre en alugueres, ubicando toda a tecnoloxía da Administración autonómica. Señorías, eficiencia en todo.

Quero anunciarlle dúas decisións concretas que combinan austeridade e eficiencia. Utilizaremos os sotos da Cidade da Cultura para ubicar o Centro de Proceso de Datos Integral da Xunta de Galicia. Un novo centro que nos permitirá unificar os 80 centros de procesos de datos actuais, dos que o 90% non teñen posibilidades de crecemento. Un novo centro, situado nos sotos da Cidade da Cultura, que vai a supoñer un exemplo para mellorar o nivel tecnolóxico e acadar a máxima eficiencia enerxética. Un novo centro que suporá un aforro de máis do 50% do custe enerxético por metro cadrado; unha dobre decisión que implicará un aforro estimado anual de dous millóns e medio, dez millóns de euros durante unha lexislatura (*Aplausos.*)

A outra cuestión que afecta á xestión eficaz e eficiente que lle quero anunciar é unha nova medida para mellorar a

xestión en relación coa contención do gasto farmacéutico. Estamos a facer un notable esforzo para incrementar a porcentaxe de prescrición de medicamentos xenéricos, onde, pese a incrementar a porcentaxe dende o 10% ao 14% tan só nos primeiros meses, Galicia –hai que recoñecelo– aínda ocupa unha posición por debaixo da media española. Pero queremos dar un paso máis na nosa teima para racionalizar o gasto farmacéutico, apuntalando así a sanidade pública, por iso imos propoñer a elaboración dun catálogo priorizado na prescrición de medicamentos. Un catálogo que incluíra os medicamentos que cumpran os criterios de seguridade, de eficacia e de eficiencia, é dicir, os medicamentos que, garantindo a calidade e a seguridade, teñan un menor prezo. Un catálogo que definirá as prioridades para os profesionais sanitarios do Sergas e das oficinas de farmacia cando prescriban ou dispensen outra receta. Neste sentido, dende a Consellería de Sanidade iniciaranse de forma inmediata os contactos cos colexios de médicos, cos colexios farmacéuticos, así como cos profesionais sanitarios, co fin de acadar o máximo consenso posible na adopción desta medida.

O sexto eixo e penúltimo refírese á actividade empresarial para a reactivación económica. Seguiremos centrados en fomentar e facilitar a actividade empresarial con novas propostas. Un IGAPE renovado. Dende que entramos no Goberno nos esforzamos en mellorar as ratios de xestión do modelo actual do IGAPE. Durante os cinco primeiros meses deste ano 2010 as solicitudes pagadas se incrementaron nun 500% con respecto ao ano anterior, e neste mesmo período rebaixouse máis da metade o prazo de pagamento efectivo das solicitudes de cobros de axudas; exactamente de 100 días de media a 46,2 días de media. Pero non é suficiente, queremos seguir avanzando e mellorando para adaptar os retos de futuro ás ferramentas das que dispón a Xunta.

Nestes momentos de crise, coa mirada posta no futuro, as empresas galegas tamén deben de mudar de mentalidade, poñendo énfase na competitividade por diferenciación en calidade, en innovación, en modelo de negocio ou en modelo organizativo.

Dicía Paulo Coelho que *algunhas veces hai que decidirse entre unha cousa á que se está acostumado e outra que nos gustaría coñecer*. Galicia, a Xunta, os concellos, as empresas, os cidadáns, temos que superar a costume da subvención. Neste sentido, queremos que o IGAPE sirva como

elemento clave nesta transformación, e para iso é preciso comezar por unha transformación interna. Pretendemos, por tanto, que antes de finais deste ano Galicia conte cun IGAPE renovado, adaptado ás necesidades actuais; incrementar o peso relativo das actividades orientadas á prestación de servizos das empresas ligados á internacionalización dos produtos, á mellora competitiva e ao fomento e á creación de empresas. En resume, queremos que o IGAPE pase a ser un axente transformador dun novo modelo produtivo máis competitivo.

Señoría, quero anunciarlles novas deducións fiscais para fomentar a capitalización das empresas galegas. Imos apostar por facer uso do noso autogoberno en política fiscal para facilitar a creación e a capitalización das empresas galegas, e farémolo a través de dúas deducións do imposto da renda das persoas físicas. Implantaremos unha dedución do imposto da renda das persoas físicas por investimento na adquisición de accións e participacións sociais para a creación de novas empresas galegas ou ben para participar na ampliación do capital de empresas exclusivamente galegas, e a dedución acadará o 20% das contías achegadas ata un límite máximo de 4.000 euros. *(Aplausos.)*

Por outro lado, aplicaremos unha dedución por investimentos en accións de empresas galegas que coticen no mercado alternativo bursátil. Con esta dedución trataremos de incentivar e de conseguir que empresas galegas de tamaño mediano teñan máis doada a captación de recursos propios, é dicir, a súa capitalización, principalmente para acometer os seus proxectos de internacionalización, de innovación e de expansión. A dedución, igualmente, acadará tamén o 20% das contías achegadas, cun límite máximo de 4.000 euros.

Señorías, a sétima e última proposta se refire á aposta pola innovación e pola Sociedade da información. Se queremos que o tecido produtivo galego sexa capaz de basear o seu crecemento futuro na mellora da competitividade, sabemos que é esencial tomar unha maior conciencia da necesidade de aplicar solucións innovadoras. A nosa aposta de futuro neste eido pasa por converter a dirección xeral correspondente da Consellería de Economía e Industria nunha axencia galega de innovación encargada de xestionar as políticas da Xunta. Esta axencia estará posta en marcha despois do verán, facilitando instrumentos de financiamento máis eficientes e cun menor retorno do intervindo, cambian-

do un modelo baseado nas subvencións para dar paso a outro centrado nos préstamos.

Outro dos factores que hoxe en día resultan primordiais, como lles decía, é a aposta polas tecnoloxías da información e da comunicación. Esta é unha das nosas máximas prioridades de Goberno, a Axenda dixital Galicia 2014.gal, que, cun investimento previsto de algo máis de 900 millóns de euros de fondos públicos, abrangue toda a estratexia da Xunta no emprego das novas tecnoloxías.

Con esta axenda pretendemos, en primeiro lugar, crear emprego e riqueza, pasando o peso do PIB do 4,8% actual ao 6% futuro e posibilitando a creación de 12.000 empregos. En segundo lugar, construír unha administración máis eficiente. En terceiro lugar, capacitar os cidadáns para un mercado global, incrementando o emprego das tecnoloxías da información nos fogares e nas empresas. E en quinto lugar, contar con infraestruturas de telecomunicacións modernas, e non é outra cousa que garantir a accesibilidade ao cen por cento da poboación galega á banda larga en 2013.

Señorías, remato. A Xunta cre que esta é a vía que debemos seguir. Precisamos dar á sociedade galega o que nos pide, un exercicio complicado e mesmo paradoxico, un exercicio de ambiciosa prudencia. Non podemos investir máis do que temos, polo tanto, o que vamos a facer, témolo que facer ben. Por iso me gustaría contar coa súa colaboración para poder aplicar esa nova mentalidade na estratexia de apoio á economía galega e a favor da creación de emprego.

Comencei a miña intervención dicindo que Galicia non era un país dos chamados ricos, pero a súa riqueza humana é inmensa. Galicia non é un país grande en tamaño, pero a súa solidez interna faina maior que outros que afrontan a crise divididos. Galicia é tamén un país maduro. Decirlle a verdade do que pasa aos cidadáns é a mostra de confianza que os nosos cidadáns merecen dabondo. Non nos elixiron para ocultarlles a verdade nin para tratálos coma un pobo menor de idade, tampouco para adoptar medidas sen facelos partícipes. Se os gobernantes queremos cambios no modelo económico, temos que saber que o principal motor dese cambio non é unha lei que pretenda alterar por si mesma a realidade, senón actitudes que axuden ás persoas a comprender a gravidade da situación e a actuar en consecuencia.

A economía trata das persoas, non de cifras. A crise nos ensinou que a economía é algo excesivamente importante para deixalo só en mans dos economistas, de aí a relevancia de implicar a toda a sociedade nas medidas que se decidan. Da resposta desa sociedade, das decisións económicas que tomen os nosos cidadáns, depende en boa medida o éxito das políticas que fagamos. Por iso o meu desexo con esta sesión parlamentaria é que contribúa á implicación social das galegas e dos galegos.

Confío en Galicia e quero que Galicia confíe en todos nós. Creo que esa confianza require que este Parlamento teña no noso país un exemplo no que ollarse.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Rolda dos grupos parlamentarios. *(Pausa.)*

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Pois non sabe un por onde comenzar, a verdade.

Eu díxenlle, señoría, no último debate do estado da Nación, onde eu creo que vostede sabía todo isto e non nos contou nada dos recortes que había que facer, que estaba aplicando vostede o manual do mal gobernante. O mal gobernante, cando hai problemas, divide o país. No canto de unilo para afrontar as dificultades formulando proxectos favorables á maioría social, o que fai é dividilo.

Vostede dividiu o país coa lingua. Desde logo, degradando os servizos públicos está dividindo o país. Pero agora segue, está na segunda páxina xa dese manual do mal gobernante. Agora descubre vostede a verdade; xa llo dixen, nunca foi unha das súas paixóns, agora descubriu a verdade. Entón os gobernantes agora –pasou a semana pasada no Congreso dos Deputados– pensan que o que se estila, o que lle din na Unión Europea e no Fondo Monetario Internacional, é tomar medidas impopulares, a ver quen ten a man máis dura e toma as medidas máis impopulares. É curioso, ¿non?, porque suponse que un gobernante democrático o que terá é que tomar medidas populares. ¿Que significan medidas

impopulares? Medidas contrarias aos intereses da maioría social, contrarias aos intereses dos traballadores, dos autónomos, das familias, esas son medidas impopulares. ¿Por que non fai vostede unha enquisa, señor Feijóo –xa que é tan dado ás enquisas e á participación–, para preguntarlle á xente se quere que recorten o investimento en educación? ¿Por que non fai unha enquisa? ¿Por que non sae á rúa e lle pregunta á xente se está de acordo en que recorten o orzamento sanitario? Porque esa é a realidade, non a que vostede nos contou agora.

A realidade é que hoxe en Galiza para operarse hai que esperar unha media de 71 días. Non diga coa cabeza que non porque son os seus datos, señora Farjas, son os seus datos. Bueno, pois logo confésese, pero a verdade é a verdade. Seis días máis que hai un ano. Hai 36.000 galegos á espera dunha operación, 2.600 máis que hai un ano, esa é a realidade. Pero é que esa realidade non é que a digan os datos da Consellería de Educación, é o que están experimentando os galegos e as galegas todos os días. Saia á rúa, faga unha enquisa e pregúntelles.

Pero mire, vostede nos pide agora un esforzo de todos. Fala de austeridade, fala de eficiencia, falemos. Onte, no día de onte, sucederon dúas cousas simultaneamente. Por un lado, a conselleira de Facenda comparece e di: “Ímolo pasar mal. O ano que vén imos recortar nos orzamentos da Xunta mil millóns de euros”. Xa di ela, ímolo pasar mal. Vostede a semana anterior, curiosamente o mesmo día en que se publicaban os datos da lista de espera no Sergas, dicía: Como nos sigan recortando as transferencias, os recortes van afectar os servizos públicos. Xa están afectando, se xa están afectando desde abril do ano pasado que vostedes chegaron ao Goberno. Logo veremos os datos.

Pero é que onte mesmo tamén entrou no Rexistro da Cámara un proxecto de lei polo que vostedes, o seu Goberno, pretenden reducir os impostos que gravan a adquisición de segundas vivendas. ¿É curioso, non? Reducimos os orzamentos en mil millóns de euros porque baixa a recadación fiscal, e rebaixamos os impostos que gravan a adquisición de segundas vivendas. Debe ser que vostede, como defende agora esa especie do híbrido galaico-madrileño, quere efectivamente baixar os impostos que pagan os de fóra cando adquiren segundas residencias en Galiza. Esa é a súa aposta, señor Feijóo.

E agora nos anuncia outra dedución máis. Di: Queremos rebaixar os impostos no tramo autonómico do IRPF para quen invista na capitalización de empresas. Home, eu diríalle empresas produtivas, non chiringuitos deses que montan os seus amigos. Empresas produtivas que creen emprego. Vincule a dedución como moito á creación de emprego, a que sexan empresas que teñan algunha actividade, que non sexan empresas puramente especulativas. Pero non, o que vostede busca é outra cousa, xa se sabe. ¿Porque vostede baixa os impostos? Depende. ¿Sabe vostede que a partir do 1 de xullo deste ano, utilizando como escusa a suba do IVA, a peaxe nas autovías que dependen de vostede, da Xunta de Galiza, subiron aquí un 11,11%? Aquí un 11,11%, entre Carballo e A Coruña e entre Vigo e Baiona. Aproveitando a suba do IVA, subimos cinco céntimos por tramo e temos subas do 11%. ¿Iso é rebaixar os impostos ou é repartir de forma inxusta a carga tributaria, señor Feijóo? ¿Canto falta para que, igual que en Portugal, as peaxes que antes estaban á sombra saian ao sol? ¿Canto falta, con esas fórmulas tan imaxinativas de xestión, que é privatizar as infraestruturas públicas que vostede nos anunciou?

Hoxe mesmo neste pleno vimos de discutir un proxecto de lei que vai subir ate un 360% os tributos que gravan o consumo de auga para todo o mundo, teñan a riqueza que teñan, teñan a capacidade adquisitiva que teñan, teñan os rendementos que teñan. ¿Esa é a súa xustiza tributaria? ¿Baixar os impostos para adquisición de segunda residencia, subilos para todos os que circulan por unha autovía e para todos os que consumen auga? ¿Esa é a súa concepción de xustiza?

Pero sigamos falando. Fala vostede de austeridade. Eu xa lle dixen o que era austeridade, o que di o dicionario: “Prescindir do superfluo”. E vostede recorta xusto no esencial, nos servizos públicos. Austeridade, di tamén o Dicionario Xerais da Lingua: “Dise daquela persoa que ten unha conduta honrada e incorruptible”. Eu creo que vostedes teñen un problema en Gondomar, pero ¡alá vostedes!

Pero mire, a súa austeridade é falsa, porque di que van blindar os servizos públicos. ¿Sabe canto levan recortado en sanidade desde que gobernan co que deixaron de executar do orzamento do 2009, coa redución do orzamento de 2010, co recorte e axuste de marzo deste ano?, ¿canto deixaron xa de investir?, ¿canto recortaron en sanidade? Pois en sanidade

levan uns recortes acumulados de 100 millóns de euros. Os resultados xa llos dixen, incrementos na lista de espera cirúrxica.

¡Ah, eso si, hoxe en Ourense están desviando pacientes de urxencias á privada! ¿Para a privada non hai recortes? Iso está pasando hoxe en Ourense. Concertan urxencias, atención de urxencias, coa privada, ¡o nunca visto! Para a privada si hai cartos. Vostede xa o dixo nunha entrevista aos poucos días de chegar ao Goberno: Teño como obxectivo incrementar o aseguramento privado sanitario en Galiza. ¡Abofé que o está conseguindo!

Educación: recortes acumulados de 63 millóns de euros desde que gobernan. Iso si, na pública non hai ordenadores porque o proxecto Abalar vai para a privada. Hai bocadillos nos comedores, claro. Tampouco hai cartos nin para pagar a electricidade nin as prazas de comedor, pero cando se trata de concertar centro privados que segregan os alumnos por razón de sexo, para iso hai cartos. Cando se trata de dar cartos tamén á patronal privada do ensino, para iso hai cartos. Cando as universidades lle piden cartos, di o seu director xeral: Educación plantea nas universidades que vendan edificios para ahorrar costes. ¿Esta é a austeridade, señor Feijóo, que as universidades vendan edificios para aforrar custos? Esta, se cadra, é a súa austeridade, desde logo non é a austeridade que queren os galegos e as galegas.

Sigamos. Servizos sociais: segue tendo vostede centros de día sen abrir, escolas infantís sen abrir, residencias que levan quince meses pechadas. Pero, ¿cal é a súa prioridade? Liquidar o que fixo o Goberno anterior. Liquidan vostedes o Consorcio, pero os estatutos desa nova Axencia de servizos sociais non estarán preparados até finais de ano. O fundamental é derrubar; construír, xa virán outros, ¿verdade?

Di vostede que agora hai 34.000 dependentes atendidos. ¿Onde, señoría? Eu acáboo de comprobar, está na pantalla do meu ordenador. Poden, se queren, os medios de comunicación velo. Os datos publicados –bueno, marchou, ten algo de vergoña o conselleiro– na web da Consellería de Traballo e Benestar seguen sendo os datos correspondentes a 27 de novembro do ano 2009. E fala non de 34.000, fala de 18.000; pero non de 18.000 persoas atendidas, non, de 18.000 persoas con dereito a prestación. Sabemos que hai

máis de 25.000 dependentes que están esperando a súa prestación en Galiza. ¡Ah, pero esa non é a súa prioridade!

Risga, ¿sabe vostede que está pasando coa Risga? Que a persoas que cumpren as condicións para poder acceder á renda de inserción social o que lle están decindo na consellería é: non, ten que esperar vostede que se cause algunha baixa, porque non temos máis cartos. Conxelaron, esa é a austeridade. Conxelaron o orzamento do Risga para este ano. Esa é, señoría, a súa austeridade. Iso si, para privatizar os servizos sociais, para iso hai cartos.

E fala vostede da nova forma de xestión das infraestruturas. Mire, o hospital de Vigo, a obra, a construción do edificio, vale 289 millóns de euros. Aos galegos vainsos costar 860 millóns coa fórmula que vostedes colleron. Imos pagar o hospital de Vigo tres veces. Pero é que na autovía Carballo-Berdoias –está no DOG no anuncio de licitación– o custo da obra son 216 millóns de euros, iso é o que custa facer a autovía. ¿Sabe canto vamos pagar os galegos e as galegas por esa fórmula que vostede escolle? ¡Ate 1.089 millóns de euros! Imos pagar esa autovía catro veces. ¿Esa é a súa eficiencia? ¿Ou se tratará de mellorar as contas de resultados dalgunhas empresas construtoras? Por certo, ultimamente –e non é nada sospeitoso sabendo de quen vén– todas elas de fóra. Isto é o que está sucedendo.

E di vostede que apoian os sectores produtivos. Mire, o leite en orixe rexistrou este semestre os prezos máis baixos do último lustro. Nin sequera foi vostede capaz de mellorar as marcas de Fraga, que xa non eran moi altas. Os prezos máis baixos dos últimos cinco anos, xa sen contar o impacto da inflación. Ese é o resultado das súas políticas de apoio aos sectores produtivos, señor Feijóo.

E bueno, polo menos fala do autogoberno e di que o autogoberno é un dos elementos positivos que temos. ¿Por que daquela se nega, señoría, a incrementar o autogoberno de Galiza? ¿Por que critica que Cataluña incremente o seu autogoberno, defenda o Goberno e a cidadanía na rúa o seu dereito ao recoñecemento nacional, o status xusto para a súa lingua, incrementar as súas competencias, mellorar o seu financiamento? É que...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO:... agora o noso referente é Ceuta. Ese é o seu referente. E ¿sabe por que Ceuta é o seu referente? Di que o Apóstolo veu por mar e debeu de pasar por Ceuta –dixo– cando estivo aquí. Non, non. Pero, ¿sabe por que Ceuta é o seu referente? Porque vostede asinou o sistema de financiamento, clandestinamente, media hora despois que Ceuta. Por iso é Ceuta o seu referente. Vostede asinou este sistema de financiamento que agora critica, e agora quere pedir o aval do conxunto da Cámara, cando ese aval o tivo hai un ano. Hai un ano tivemos un debate eiquí tamén, no mes de xullo, sobre o sistema de financiamento, e saíu vostede cun mandato e co apoio unánime de toda a Cámara para defender os intereses de Galiza. ¿Que fixo con ese aval?, ¿que fixo con ese apoio unánime, señor Feijóo? Asinar finalmente ás agachadas un sistema de financiamento que xa lle dicíamos desde o BNG que é discriminatorio e lesivo para Galiza, e agora estamos pagando as consecuencias.

Sabe que o Bloque Nacionalista Galego sempre vai estar aí...

A señora PRESIDENTA: Remate, señor Aymerich, por favor.

O señor AYMERICH CANO: ... defendendo os intereses de Galiza. Sabe que imos estar aí defendendo que este país teña máis competencias, que a nosa lingua teña plena oficialidade e que o recoñecimento nacional de Galiza se recoñeza nun estatuto. Imos estar aí, o que non sabemos é se vai estar vostede. Esperemos que por unha vez estea á altura das circunstancias como presidente deste país e, en vez de darnos aquí sermóns, actúe como presidente e governe. Non nos conte as súas dificultades, xa as sabemos, díganos que vai facer para que este país saia da crise. Sobre todo para que persoas, a maioría da poboación, que leva en crise non desde o ano 2007, desde moito antes, comece a saír dela.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Señoras e señores deputados. Señor presidente.

Señora presidenta, espero da súa xenerosidade un pouco de tempo neste debate desigual. Un debate donde o señor presidente manexa cincuenta minutos para falar do interés de Galicia e aos grupos da oposición se nos despacha con dez minutos para tratar de colaborar activamente no debate sobre Galicia.

Mire, señor presidente, permítame que empece este debate facendo unha análise. Despois de escoitalo, o título da película é “Investidura 3”, e vostede volve co terceiro debate de investidura. Vostede volve a facer unhas proposicións sorprendentes, pero realmente este debate o que constata é o fracaso do seu modelo político e económico. Vostede pasou, señor presidente, de “esto lo arreglo yo en cuarenta y cinco días” a que 450 días despois o titular é “no se como cerrar las cuentas del 2011, vamos a tener que cerrar muchos servicios públicos”. (*Aplausos.*)

Señor Feijóo, hoxe con este pleno metémoslle carpetazo ao 37% do período da lexislatura, case ao 40%, e co 33% liquidado, ayer a súa conselleira iba de heraldo da catástrofe, e agora chega vostede a ratificar, e nos veñen a decir unha cousa moi importante: neste 40% do período de sesións tuvemos un fracaso espectacular. E cando todos quedamos coa cara preocupada, dice: non, non, pero o peor vén agora, o peor é o que vai a pasar no 2011, no 2012 e no 2013.

Señor Feijóo, mire, hai uns feitos que son irrefutables. Por moitas voltas que vostede lle veña dar aquí, a realidade é que todos os parámetros que miden a economía e o emprego galego están doblemente mal. Mal con respecto a fai ano e medio coa propia Galicia, e moito peor que España no comparativo diferencial que temos todos os elementos.

Vostede veu aquí a facer o que fai sempre, e permítame que non sei se de casualidade –nunca hai casualidades– este pleno reflexa perfectamente o que fixo vostede neste 40% do período de sesións.

Primeiro punto da orde do día, recorte de dereitos dos cidadáns, da igualdade das mulleres, recorte de dereitos para igualdade no traballo.

Segundo punto da orden do día, subida de impostos. Subida de impostos lineal que entra en todas as casas, esa si que entra en todas as casas. Ese é o modelo impositivo que

faí vostede. Baixa os impostos donde non consume nadie –¿quen compra hoxe unha vivienda, señor presidente?, ¿quen compra hoxe unha vivienda?– e vai vostede a baixar unha segunda vivienda (*Murmurios.*), e mentras tanto méte-lle o cuchillo...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... a todos os paisanos, casa por casa, desde abaixo a arriba. (*Aplausos.*)

E o último elemento, señor Feijóo, o último elemento é moi claro. Vén vostede aquí a facer o que fan todos os mal pagadores, botarlle a culpa a alguén. A culpa antes era de Touriño, antes era do bipartito, agora é de Zapatero, un pouco tamén lle toca á oposición. Menos vostede, ten culpa todo o mundo, señor presidente. Pero resulta que vostede é o presidente de Galicia e meteu este país nunhos datos macroeconómicos e laborales que, se Galicia fora unha empresa e vostede o xerente, estaba despedido fulminantemente. (*Aplausos.*) Eses son os problemas que ten que volver aí.

Señor, a vostede que lle gusta dicir: quero contar a verdade, cóntenlle a verdade aos homes e mulleres deste país. Cóntenlle, señora conselleira. Non ande buscando o peso relativo, non ande buscando comparativos. Dígalle de verdade –como xa llo ocultaron o ano 2010– que van a recortar a sanidade, que a van a recortar. Pero é que eso non é unha novidade. ¿Ou non é certo que recortaron o modelo quirúrxico, que dispararon as listas de espera? Señora conselleira de Sanidade, ¿non é verdade que subiu o gasto farmacéutico? –¡mire que promesa!–. ¡Pero se acaban de subir o dobre que en España o gasto farmacéutico no seu primeiro ano! Pero, ¿como lle van a crer se fixeron xusto o contrario do que están decindo?

¿Que van a facer en educación? En educación mire que lle diu usted voltas para mellorar a educación, pero eu llo vou a poñer máis fácil. ¿Sabe o que vai a pasar na educación o ano 2011? Van a reducir 1.000 profesores, vai haber 1.000 profesores menos nas escolas do noso país; van a tirar os libros, van a gastar e reducir comedores escolares e van a subir o prezo de todos.

Na dependencia –¡pero se é moi fácil!– conseguiron un récord moi importante, porque nas cifras relativas en depen-

dencia meteron vostedes a este país á cola das prestacións de toda España, ¡e agora resulta que inda van a seguir aplicando o modelo! Mire, fai cinco días tuvo vostede –é raro en vostede– un ataque de sinceridade. E vostede, que non é frecuente que diga a verdade, tuvo que mandar a conselleira por diante onte: Oye, desbrózame esto un pouco que esto está moi mal. Vaille dicindo ti para que non os colla eu mañá de sorpresa. (*Aplausos.*) E, claro, de repente vostede... no, no, claro, claro...

Vostede vén hoxe aquí, señor presidente –que vostede é un valiente–, a explicar un modelo económico distinto, novo en todos os manuais. Non temos diñeiro para os servizos públicos e vamos a baixar os impostos. A ver, vólvalo a explicar. Ou sea, non temos diñeiro para pagar a educación, non temos diñeiro para pagar os médicos, non temos diñeiro para pagar a dependencia, ¡ah!, pero o presidente Feijóo decide que vamos a baixarlle os impostos aos galegos. Claro, ¿onde está a trampa? Que vostede non lle baixa os impostos a nadie. ¿A trampa que é? Que esto é publicidade e propaganda, pero non lle baixa os impostos a nadie.

Mire, señora conselleira, non hai tanta dificultad para sacar os presupostos do ano que vén. É moi fácil, vólle botar unha mao. Usando palabras que vostedes manexan con moita frecuencia: austeridade. Vamos facer un pouco de austeridade. Por exemplo, en vez de adxudicarlle a autovía de Carballo á empresa máis cara, adxudíquenlla á máis barata. (*Aplausos.*) Anque non é unha gran teoría económica. Por exemplo... No, perdón, no, é que lle vou xuntar 800 millóns de euros para que salga contento; xa vai a salir de aquí con 800 millóns de euros. Mire, pudo aforrar na autovía de Carballo 400 millóns de euros, xa os dilapidaron por un capricho. Pero aínda pode aforrar 252 millóns de euros. O hospital de Vigo fágao vostede moi fácil, costa 300 millóns de euros... (*Interrupcións.*)

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Silencio.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... non gaste 800 millóns de euros.

Permítanme que siga falándolle de austeridade. Vostede deixe de gastar en publicidade e propaganda 5 millóns de euros. E, por exemplo, conselleira, déalle un toque ao conselleiro de Política Territorial, que acaba de batir o récord da

baixa menos baixa de Europa. Unha adxudicación na auto-vía de Noia cunha baixa de 5,25 euros, *(Aplausos.)* 5,25 euros en 40 millóns de euros.

Señor Feijóo, mire, en vez de baixar impostos, se temos dificultades para pagar a sanidade e a educación, ¿non sería mellor, como fixeron outras comunidades autónomas, incrementar a fiscalidade no tramo autonómico ás rendas de máis de 100.000 euros? No, se aos seus amigos eso non lle gusta, xa o sei, pero vostedes terían que falalo.

Mire, señor Feijóo, datos de coyuntura, ¿que lle vou a explicar? Subiu o paro, e pasamos de ser os segundos que menos subía o paro en España a ocupar xa os sétimos. O PIB, que non é moi complexo, vostede en quince meses conseguiu unha caída de 1,7 puntos do PIB. As explotacións da pizarra caeron un 7%, as do granito un 46%, o peixe un 31%, o naval o 94%, o desemprego aumentou un 23,5%, a taxa de ocupación caeu un 32,8%. ¡Menos mal que o fixo ben, se o chegan a facer mal, temos que pechar o país. *(Aplausos.)*

Vostede, señor Feijóo, no que é especialista, señor Feijóo, é en retórica e en palabrería. E eu lle veño hoxe aquí a pedir claramente que deixe de falar tanto de España e fale máis de Galicia. Non era malo, señor Feijóo, que en vez de pedir eleccións anticipadas en España cumprira nas eleccións que acaban de suceder en Galicia co seu compromiso electoral, e non vir aquí agora a contarlle á xente que ten outro plan. Cando vai o 40% da lexislatura, ten outro plan, ocurriuselle outro plan, un plan magnífico. Un plan, a verdade, que non sei quen o escribiu, moito traballo non levou: 4 por 11, 44; Plan estratéxico, 4 por 11.000 millóns ao ano, 44.000 millóns. Pero ¿vostede cre que lle vai a crer alguén eso, señor Feijóo? ¿Vostede cre que lle vai a crer alguén eso?

Mire, déixese de enganar a xente, déixese de subir os impostos á auga dicindo que os baixa, déixese de baixar os impostos cando realmente non os baixa. E, sobre todo, crea en Galicia, crea neste país. Vostede acaba de pedir un compromiso, nós queremos colaborar con vostede; conte co Partido Socialista para tomar decisións. Sólo lle vamos a poñer dúas condicións, pequenas: a primeira, que eu creo que merece a pena falar dela, é cambio de Goberno. *(Risos.)* Cambie o Goberno, señor Feijóo. Este Goberno ou non traballa ou non sabe traballar. Temos un problema. Se traballando a tope vamos en picado, e en todos os datos que lle

acabo de dar aí, pois é evidente... Dende logo, en economía...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... –remato, señora presidenta– en industria, en educación, en sanidade, en mar, en traballo, non hai máis... Señor conselleiro de Industria, ¡pero se a usted non hai máis que mirarlle para a cara para ver o que traballa! *(Risos.) (Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: A vostede sólo mirándolle para a cara sabemos o que traballa.

E, señor presidente, deixo para o final –remato, señora presidenta–...

A señora PRESIDENTA: Si, vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ:... ao conselleiro de Política Territorial.

Do conselleiro de Política Territorial sólo lle quero pedir unha cousa, señor presidente. O conselleiro de Política Territorial é tal o acúmulo de problemas que plantexa que, ou vostede e o conselleiro suben aquí e explican o que pasa antes de setembro, ou en setembro presentaremos unha comisión de investigación para saber as adxudicacións, a malversación e o derroche de fondos públicos que está facendo aí.

Remato, señora presidenta.

Conte co compromiso. Acaba de decir pouco menos que esto está en quiebra, que non podemos devolver os cartos. Cando alguen non pode devolver os cartos é que ten unha quiebra. Conte co apoio do Partido Socialista de Galicia para falar deso. E facémolles unha contraproposta: pactemos todos unha fórmula de presupostos, de orzamentos de gasto e de goberno, e axudaremos tamén a pedir en Madrid que prorroguen, se é que se pode prorrogar. E conte con nós para salir adiante neste modelo e neste proxecto de país.

Mire, señor Feijóo –remato de verdade, señora presidenta–...

A señora PRESIDENTA: Si, porque creo que a pesar da miña xenerosidade falou vostede xa moito tempo, señor Vázquez. Por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Mire, déixese de disculpas de mal pagador. Asuma unha cousa evidente: fracasou o seu modelo. Asuma a súa incapacidade para resolver esta crisis. Deixe de mirar cara a Madrid e mire cara a Galicia. Temos que buscar solucións reformando o Estatuto, dando exemplo de austeridade, de ética, de eficacia e, sobre todo, asumindo a súa responsabilidade.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Vázquez.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señor Feijóo, pídlle un favor, non convirtan vostedes ao Parlamento de Galicia no muro das lamentacións e das disculpas do Goberno galego. Convirta o Goberno galego na solución dos problemas de Galicia.

Nada máis, moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Gracias, señora presidenta.

Señoría, a verdade é que o noso grupo pouco tería que engadir despois de haber escoitado ao presidente, que creo que é a única persona que aquí falou con seriedade, con rigor, con realismo (*Aplausos.*), o único que vive e sigue vivindo os problemas deste país. Ou vostedes viven enganados ou viven permanentemente no engano. ¡Ter que chegar a escoitar aquí, señor presidente, que non nos conte as dificultades do señor Feijóo! ¿Pero non se dan conta que as dificultades son as de Galicia?, ¿que as dificultades son precisamente os medios e os instrumentos que temos para solucionar os problemas de Galicia? ¿Non se dan conta que vostedes siguen sendo alleos ao que están vivindo os nosos paisanos?

Falaba o señor Pachi Vázquez dalgunha cara. Eu lle digo que a súa cara falaba nin máis nin menos de que non se creía vostede nin o que di. (*Aplausos.*) Falaba vostede de que o

debate era desigual. Mire, eu non lle vou a falar da anterior lexislatura, esta é a segunda vez que se comparece por petición propia para falar da crisis. Ou non lle vou a falar que o señor Touriño, tendo un solo grupo de oposición, falou aquí cincuenta minutos, máis cincuenta na réplica, máis o que quixo. Pero, mire, o debate con vostede, con igualdade de tempo ou fóra de tempo, é imposible que sea de igual a igual, porque usted demostra que cos seus argumentos está verdadeiramente moi abaixo do que esperan os galegos dun líder da oposición. (*Aplausos.*)

Mire, pónase como se poña, a situación de crisis foi agravada, e foi agravada polos que a negaron, e foi agravada por aqueles mesmos que, negando a crisis, dicían que nós tiñamos un plus de resistencia. Foi agravada por aqueles que, en vez de cambiar o rumbo do barco, que era a economía de Galicia, convertiron aquel barco nun cruceiro de luxo cos seus dispendios, cos seus gastos e coa súa falta de austeridade. (*Aplausos.*) Polo tanto, eu sei que a vostedes non lles gusta escoitar esto nin lles gusta escoitar que nin máis nin menos a crisis está agravada pola necesidade de pagar un déficit que vostedes xeneraron coas súas políticas de gasto irracional desde o primer momento. Mire, o señor Feijóo foi aquí o único que estuvo sobre o terreno, que falou da realidade e que ademais fixo propostas. A súa proposta, ¡home!, perdónese se non lla tomamos en serio, pero a verdade é que vostede foi de todo aquí menos serio, menos o líder da oposición que necesita Galicia.

Mire, aquí se falou de eficacia e de que esa palabra non sea de novo unha palabra baleira de contido. E eficacia é cando se incrementa nin máis nin menos a actividade quirúrxica en horario ordinario, non como facían vostedes. Si, señor Aymerich, ¡si foron os reyes de aumentar os conciertos!, ¡si con vostedes precisamente a privada se frota as mans!, porque vostedes poden dicir unha cousa e facer toda a contraria cando están no Goberno. Ahora precisamente, con menos recursos, a palabra eficacia é cando ten todo o seu valor. Hai que facer máis con menos. (*Aplausos.*)

Mire, nós temos ben clara cal é a situación, e eso nos leva a pensar que tamén sabemos, primeiro, o Goberno que temos, no que temos unha confianza total e no que traballan todos e cada un dos seus compoñentes. Por eso sabemos que nos temos que dedicar a unhas medidas que son nin máis nin menos a curto prazo, para que aqueles que están sufrindo a

crisis, as persoas, as familias, as empresas, podan verse axudadas. E á parte temos outras medidas, que son nas que vostedes son importantísimos, a súa posición, que hoxe non se escoitou aquí, de inserir nin máis nin menos que a economía galega dentro dun mundo globalizado e dentro do que, precisamente, se non sabemos adaptarnos, seremos como unha nuez no medio do océano.

Mire, o noso rigor, a nosa austeridade, vén de vello e xa llo dixemos alá no ano 2007 cando, falando dos presupostos do 2008, lle podíamos dicir que non se podía ir a unha política desmesurada do gasto público, que ese gasto tiña que ser sostible, e vostedes fixeron un modelo totalmente insostible. Fomos e tivemos rigor cando na campaña electoral falábamos de que íbamos a reforzar e reformar o presupuesto, e cando chegamos fixémoslo. Si, en moi pouco tempo fomos quen de facer un plan de choque e reformar nin máis nin menos o 10% do que eran os presupostos da Xunta.

Por eso desde o primer momento quixemos racionalizar o que era o gasto, por eso é irresponsable que vostedes sigan dándolle falsas expectativas aos galegos. Hai que dicirlle a realidade do que estamos; e iso non significa chorar, eso significa que se traslade desde o Goberno o mesmo que saben os galegos todos na súa casa, eses galegos que saben o que están a padecer mentras vostedes siguen pedindo máis gasto, máis gasto, máis fastos. Pois esa é a súa política, que non é a nosa.

Mire, vostedes, cando estiveron no Goberno, non foron nin quen de rebaixar a Administración, ao contrario, nin altos cargos nin a Administración paralela, non foron quen de priorizar investimentos, non foron quen de reducir débeda; é máis, fixeron unha débeda a corto que realmente era pouco razoable, e o 80% dos ingresos derivados nin máis nin menos da actividade económica fixeron que foran unha lapa de gasto corrente adosado nin máis nin menos aos compromisos que a Xunta de Galicia tiña que ter para o futuro.

Mire, houbo unha gran intervención do señor Pachi Vázquez, que si que meteu o que son precisamente as esixencias da actividade privada, e decía: Usted tiña que estar cesado fulminantemente. ¡Home!, fíjese vostede, señor presidente, se vostede, con máis crecemento, con menos paro, cumprindo a estabilidade financeira, ten que estar cesado fulminantemente, ¿que será do fenómeno de Madrid, ao que vostedes

agora non queren nin escoitar del, como se traballadores ou mineros de Rodiezmo foran? Por eso a vostedes non lles gusta que falemos do señor Rodríguez Zapatero (*Aplausos.*) nin das consecuencias que ten na política galega, porque si, o señor Rodríguez Zapatero, incluíndo a miles e miles de galegos, fixo o maior recorte de gasto público de toda a democracia, e ese recorte de gasto público vostedes, que tanto se enchen de gasto social, nin máis nin menos foi para os máis débiles e os que non podían protestar, os funcionarios –eso si, que non foran de determinados servicios públicos– e –¿verdad?– os nosos xubilados. Para eso, *si te he visto no me acuerdo, promesas electorales; ahora ya no gobierno yo, que gobierna Europa.* Si, dixerano vostedes antes, cando os demais xa llo estábamos decindo.

Mire, nós traballamos en toda a dirección contraria á súa. Galicia leva ano e medio de ventaxa a outras autonomías e ao Estado, porque Galicia é consciente desde fai moito tempo no que era a austeridade, no que era, precisamente, o que tiña que ser o camiño a seguir, e temos un plan estratéxico que por primeira vez é participativo, que o señor presidente falou nin máis nin menos aquí de tralo a esta Cámara, cando vostedes non o trouxeron. É máis, o seu, daquela, non se chamaba Plan estratéxico, chamábase Plan de competitividade. ¿Donde estaban os seus presupostos? ¿Donde estaban os seus compromisos? Señor Vázquez, non sei se agora lle veu o cursillo ese de tres tardes para aprender de economía e xa sabe o que é plan estratéxico, porque o seu nin tiña compromisos nin tiña presupostos aos que darlle cobertura; agora si, esa é a diferenza.

Mire, pasaron os tempos de festa. Vostedes non solo tiveron máis, senón que aínda por encima gastaban máis do que tiñamos, e agora temos que pagar nin máis nin menos os fastos desas festas que vostedes fixeron coa súa irracionalidade na Administración pública. E o presidente fixo aquí unha oferta: temos que devolver como comunidade autónoma 2.500 millóns, e eso vai afectar, queiramos ou non, as nosas contas públicas e eso afecta os nosos cidadanos.

Vostedes tiveron aquí ocasión de pronunciarse e vostedes dixeron que, antes de que este Goberno poda ter un instrumento que signifiquen 2.500 millóns hasta o ano 2014 ou 2016, que é mellor pagalos; pagar a irracionalidade dun goberno que precisamente nos meteu nesa débeda. Non foron quen de apoiar nin os galegos, ¿verdad?, mentras non

haia un período de crecemento ou aplazar ese pago durante dez anos. ¡Alá vostedes coa súa demagogia!

Pero, mire, vostedes emendaron os asuntos orzamentarios pedindo máis gasto. Vostedes estanlle pedindo ao Goberno de Galicia todo o contrario que o señor Rodríguez Zapatero pide ás autonomías. Vostedes están criticando a financiación público-privada que o señor Blanco, o seu líder espiritual e o seu líder —¿verdad?— aquí en Galicia, pois leva nin máis nin menos á obra pública. Vostedes, en definitiva, siguen criticando uns presupostos que teñen o 70% destinado ao gasto social, que foron quen de incrementar en 20.000 os dependentes que xa ten nestes momentos a Xunta de Galicia pois como prioritarios no seu facer. Por iso vostedes sigan vivindo no limbo, porque nós e vostedes somos polos opostos. Vostedes siguen subindo impostos mentras nós rebaixamos impostos, e hoxe o presidente dou unha clara mostra. Vostede solo fixo unha proposta, que lle quede ben claro a todos os galegos: a súa proposta foi subir os impostos. Subir os impostos, nin máis nin menos, esa foi a súa proposta. E decía, ¿que lle podo eu explicar —e despois que me digan que o debate ten que ser de igual a igual— que non comprenda que se podan deducir e que se poda nin máis nin menos axudar á compra, non de segunda vivenda senón de vivenda usada a quen non a ten? E que se lle diga: ¿quen compra unha vivenda? É que nin máis nin menos, ¿quen compra unha vivenda, señor Aymerich? Pregúntelle ao señor Vázquez. O que ten un pazo non ten unha vivenda, ten un pazo. Eso é o que hai, pero á xente que non pode ter un pazo e que paga os seus impostos nin máis nin menos haino que axudar con esas deducións e con esas rebaixas que supoñen que en Galicia paguen 2.000 euros menos que noutros lados.

Polo tanto, aquí si que tivemos rebaixas selectivas de impostos. Vostede, cando non lle queda máis remedio, solo sabe a donde recurrir, que é ao peto dos nosos paisanos. Pois, mire, eu solo lle digo que nós somos polos opostos: mentres vostedes suben, nós baixamos; mentres vostedes son o paro, nós creamos emprego e riqueza; mentres vostedes crean déficit, nós temos estabilidade presupostaria...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS:... mentras nós diriximos os investimentos produtivos aos sectores que os necesitan, vostedes fan o Plan E...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Ruíz.

O señor RUÍZ RIVAS: Vostedes non teñen capacidade de reformar, non teñen nin capacidade de reformar nin tan siquiera estando na oposición. Xa non lle vou a falar do señor Rodríguez Zapatero, que non foi quen de facer a reforma laboral axeitada que necesitaba este país, ou do marco enerxético, ou de deixar que este país acabe dunha vez a cultura do que é a subvención. Nós si o fixemos e hoxe falábamos de novo da reforma dun instrumento financeiro básico como era o Igape.

Miren, señores da oposición, vostedes hoxe tiñan un bo momento, un bo momento para que os galegos superan que había alguén que tamén está disposto, igual que eles, de arrimar o ombro. Pero xa vemos que se vostedes non son quenes de arrimar o lombo e mais o ombro, pois dificilmente este país pode crer que vostedes pensan nos cidadanos deste país.

Mire, vostedes non superon estar...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Ruíz.

O señor RUÍZ RIVAS:... como Goberno. Nós pedímoslle que, se os galegos os puxeron na oposición, cando menos sepan estar á altura da oposición que este país reclama e demanda. Hoxe perderon unha oportunidade, teñen cinco minutinhos, intenten solucionalo.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Ruíz.

Réplica do presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señoría, eu non veño aquí a descubrir a verdade, eu veño simplemente a decir a verdade.

Señoría, vostede sabía —supoño— que no seu Goberno falaban entre si. Vostede tiña que saber moito mellor que os

que estábamos na oposición que estaban gastando a sabendas de que non iban a ter ingresos.

Cando confeccionaron o presuposto do ano 2008 lle advertimos que non presupuestara os gastos da sanidade e o anticipo sanitario porque non se iba a producir. Cando volveron a presentar os presupostos do ano 2009, volvimos a advertirlles que estaban facendo unhas contas irreais, cuns ingresos pintados que non tiñan reflexo no realmente recaudado a través de impostos, tanto en Galicia como na facenda estatal.

Señoría, eu non veño a descubrir a verdade, porque esa verdade a tiñan que ter descuberta vostedes cando gobernaban; e a verdade é que vostedes gastaron 2.600 millóns de euros que nós temos que devolver. Esa é a verdade, señoría. Por eso comprendo que lle moleste descubrir a verdade das súas contas, e por eso comprendo que lle moleste que cando nós, desde o primeiro momento, vimos que había un enorme burato presupuestario, vostedes intentaron constante e continuamente desacreditar a unha facenda rigurosa e a un goberno riguroso.

Señorías, eiquí non vimos a inventar cousas. Eu espero que no turno de réplica vostede esté co Goberno de Galicia –en definitiva, con Galicia–, decíndolle ao Goberno de España que non é razoable, que unha corresponsabilidade na irresponsabilidade presupostaria entre o Goberno de España e o bipartito non a poden pagar os galegos no momento de maior crise económica e no momento de menor ingresos dos impostos en Galicia (*Aplausos.*) Supoño que estará de acordo con eso, supoño que estará de acordo.

Señoría, ten vostede a oportunidade de defender realmente os problemas da xente, e os problemas da xente cada vez que é solicitada a súa opinión. Cada vez que son consultados, como vostede dice, sempre dicen o mesmo: para o 78% dos galegos a primeira preocupación é a crise económica e o paro. Supoño, señoría, que vostede non estará nin no 0,3% desos galegos que non teñen ningún problema coa crise e co paro. O que lle podo asegurar é que aí na rúa non entenderían un debate se non falamos do que lle importa á xente: a crise e o paro.

Señoría, cando vostede me dice que fagamos enquisas para concretar, efectivamente, que a xente está preocupada

pola sanidade, non é necesario, señoría; lle podo asegurar que o Goberno está centrado nos problemas da sanidade pública.

Mire, señoría, ¿é faltar á verdade cando se dice que estamos incrementando os concertos porque vostede apoiou un goberno que fixo o maior incremento de concertos na historia da Comunidade Autónoma, cun –lle vou a dar o dato– incremento do 43,9% dos concertos da sanidade pública en catro anos; 43,9% fronte a unha diminución do 10% do Goberno actual? ¿A que Goberno se refería? ¿Ou é que agora se avergoña do Goberno que apoiou de forma constante e continua durante catro anos? ¿É que cando vostede apoiaba as políticas de concertos coa sanidade privada, incrementándose o 43,9%, vostede miraba para outro lado?

Mire, señoría, o que estamos facendo na sanidade é pagar pola mañá e non pagar pola tarde o que non se fai pola mañá, e o que estamos facendo é incrementando o rendemento quirúrxico, e o que estamos facendo é incrementar as probas diagnósticas, e o que estamos facendo é incrementar as consultas. Comprendo que cando un incrementa as consultas e as probas diagnósticas hai máis xente diagnosticada e, en consecuencia, máis xente que pode entrar na lista de espera. Se pode facer outra cousa: non consultar e non...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... as probas e dicir que non hai lista de espera. Pero eso non é o que lle interesa ás persoas.

Mire, señoría, vostede estará comigo, porque é un defensor do sistema sanitario público, en que Galicia neste momento pode dicir, no Sistema Nacional de Saúde, que é unha comunidade autónoma que cumpre o requisito do Consello Interterritorial de Saúde de que as prioridades máis graves esperen por debaixo dos 30 días, concretamente 20,8. Cando vostedes gobernaban, esperaban un 50% máis; é dicir, 42,3 días. Señoría, vostede estará comigo en que é unha boa noticia que as patoloxías, se son máis graves, esteamos no bo camiño, e incluso se son graves tamén esteamos no bo camiño porque reducimos de 64 días a espera a 61,7.

Vostede estará comigo, señoría, en que vaíamos cumprindo os nosos compromisos coa sanidade pública sen

enganar a ninguén. Señoría, incrementamos as consultas, e eso supón máis diagnóstico, e eso supón, en consecuencia, máis actividade. Señoría, os médicos, o persoal sanitario e todo o resto do persoal do Servicio Galego de Saúde traballaron máis entre os anos 2009 e 2010 que os anos anteriores, e eso é unha excelente noticia para os que defendemos a sanidade pública de Galicia. *(Aplausos.)* Supoño que para vostede tamén.

Señoría, non me quedou claro se vostede está a favor ou en contra de subir os impostos. O señor Vázquez está clarísimo, está a favor de subir os impostos. Non me quedou claro. Pero creo que ao diminuír os impostos que gravan a vivenda se está mandando unha mensaxe para 50.000 parados do sector da construción clarísima; se está mandando unha mensaxe de que en Galicia... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):... é máis fácil adquirir unha vivenda que no resto das comunidades autónomas. Se está mandando unha mensaxe que merece a pena rehabilitar porque sale máis barato e se está mandando unha mensaxe a todas as entidades financeiras: que en Galicia queremos que haxa competencia entre os bancos e as caixas, de tal sorte que a calquer galego ou galega que teña unha hipoteca non lle custe nada cambiar de banco e formalizar outra nova hipoteca. ¿Vostede está en contra desa medida? ¿Ou está a favor de incrementar a competencia entre as entidades e os bancos para facilitar o cambio de hipoteca entre as entidades e os bancos?

Señoría, nós témolo claro, é a nosa política, da mesma forma que vostede non se avergoña das súas, permítame que nós insistamos: se non podemos baixar máis os impostos que gravan a vivenda é porque non temos escenario presupostario para facelo, se non, faríamos rebaixas selectivas dos impostos que gravan a vivenda.

Señoría, do mesmo xeito que fixemos rebaixas selectivas dos impostos que gravan adquisición dos vehículos, ¿vostede está de acordo ou non está de acordo co Plan Renove? ¿Está de acordo ou non? Porque os que están en contra de baixar os impostos plantexaron un plan Renove no Ministerio de Industria, e aquí din que cómo nós baixamos os

impostos que gravan á vivenda. ¿É que é un ben de primeira necesidade un vehículo e non é un ben de primeira necesidade unha vivenda? Señoría, concrétenos exactamente o que se plantexe... *(Murmurios.) (Interrupcións.)*

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor. Silencio.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Concrétenos o que se plantexe. Si, señoría.

No Plan Renove non se distinguía entre segundo e terceiro coche, señor Aymerich. Polo tanto, un pouco de rigor porque, se non, os galegos non o respectamos suficientemente.

Señorías, seguimos. Mire, señoría, os impostos para aqueles galegos que decidan investir nunha empresa galega –que foi o único detalle que se esqueceu, “empresa galega”–, as deducións do IRPF, en empresas galegas, as deducións do IRPF no capital das empresas galegas, van a ter unha rebaixa fiscal, e me gustaría, señorías, se vostede está de acordo ou non. E, xa lle digo, a rebaixa fiscal do imposto da renta a todos aqueles que queiran capitalizar as empresas en Galicia por suposto que irá unido ao crecemento do emprego das propias empresas. Polo tanto, nese eido podemos poñernos de acordo. Me gustaría, unha vez consultada a medida, que vostede poda dar o visto bo a facer o que fan outras comunidades autónomas, por certo, de gobernos progresistas, que é: cando alguén quere confiar en capitalizar as empresas de Galicia, ese ten que ter unha discriminación positiva sobre outro que non quere confiar en empresas galegas e que capitaliza empresas en bolsa. Polo tanto, díganos se está de acordo ou non. Nós o vamos a facer, creo que é bo facelo.

Señoría, cando a economía iba ben, vostedes subían as peaxes, e nós, cando a economía xa iba mal, conxelamos as peaxes no ano 2009. E no ano 2010, como saben vostedes, non subimos as peaxes, o que fixeron os seus socios de goberno é subir o IVE, e, como consecuencia do IVE e a lei do euro, se redondea conforme a lei. Polo tanto, señoría nós non subimos ningunha peaxe, ningunha peaxe, ningunha. *(Aplausos.)*

Señoría, ¿vostede está de acordo en que se pague máis os que consuman máis ou está de acordo en barra libre? Nós cremos que os que consumen máis teñen que pagar máis, e

se se consume a auga hai que pagala, e os que non consumen a auga teñen que pagar menos. E por eso a proposta que acabamos de facer en materia de auga é unha tarifa social que supón que o 30% dos fogares galegos pagarán menos. ¿Usted está en contra diso ou está a favor? Nós, a favor. E os que consuman máis terán que pagar máis, entre outras cousas, señoría, porque nos comprometimos –e creo que isto lle interesa– a investir 800 millóns de euros en saneamentos, en abastecementos e en depuracións das rías, cousa inaprazable e cousa que temos que facer, e estou convencido que vostede tamén está de acordo en facelo. (*Aplausos.*)

Señoría, vostede sabe igual que eu que non hai recorte aos servizos públicos, ao contrario. Un goberno con esta dispoñibilidade presupostaria decidiu subir en dous puntos o que vostedes adicaban aos servizos públicos. En épocas de bonanza económica, de cada 100 euros, o bipartito gastaba 68 en servizos públicos; en época de dificultade económica, este Goberno gasta 70, o 2% máis do que se gastaba en época de bonanza económica.

Señoría, cando estamos a dicir que hai 140% de dependentes atendidos máis que na lexislatura anterior, estamos decindo a verdade, (*Murmurios.*) 34.000. Ao que non lle vamos a mentir nunca é ao Imserso...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):..., dando uns datos que o Imserso posteriormente non valida e tendo unha enorme dificultade estatística por saber o que está a ocorrer. Esos son os datos facilitados ao Goberno de España, e, se vostede quere ver as actas dos consellos onde se reúnen os conselleiros de Benestar Social, poderán acreditar a felicitación do Goberno de España a este Goberno por incrementar substancialmente o número de dependentes que están cobrando a Lei da dependencia.

Señoría, non é certo en ningún caso, como quedou acreditado, que se estén desviando fondos á privada na sanidade, xa quedou claro: co 43,9% de incremento de concertos e agora cunha redución do 10% nós incrementamos máis os concertos á privada. Un pouco de rigor, porque, se non temos rigor, é imposible.

Mire...

A señora PRESIDENTA: Señora Acuña, por favor –Perdone, presidente.–, chámooa á orde.

Siga, presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A herdanza, señoría, que acabamos de recibir –e lle pido na réplica que vostede diga se está ou non de acordo en trasladar ao Goberno central unha proposta unánime, como estivemos de acordo, polo menos o grupo nacionalista e mais o Partido Popular, en trasladar a nosa posición a favor da fusión das caixas– é a devolución de 2.600 millóns de euros. Mire, con 2.600 millóns de euros podíamos facer o hospital de Vigo enteiro, podíamos facer o hospital de Pontevedra enteiro, podíamos facer a autovía da Costa da Morte enteira, podíamos facer o corredor do Morrazo enteiro, podíamos desdoblar Nadela-Sarria enteiro e aínda sobrarían outros mil millóns pra servizos sociais. (*Aplausos.*) Esa é a diferenza entres uns e outros, señoría, e esa é a herdanza que nós estamos a plantexar.

Mire, señoría, non copie a manipulación e a demagogia do outro grupo, porque, se non, é moi difícil poder falar en serio. Vostede sabe exactamente igual que eu que a licitación do hospital de Vigo inclúe toda a seguridade, a conservación, o mantemento, a alimentación, a limpeza de todos os hospitais de Vigo. Vostede sabe exactamente igual que eu, e sabe perfectamente, que non poderíamos facer o hospital de Vigo cun recorte do endebedamento de máis de 800 millóns de euros, e tiñamos que decidir entre facer o hospital e non facelo, e nós decidimos facelo. Esa é a diferenza, señoría, (*Aplausos.*) entre uns e outros.

Mire, señoría, sobre o sistema de financiamento podemos estar basicamente de acordo. É certo que os seus socios de goberno en todas as institucións en Galicia están absolutamente satisfeitos co sistema de financiamento das comunidades autónomas, e vostedes están absolutamente insatisfeitos. Sería bo, señoría, que as coalicións das cidades e das deputacións fixeran un pronunciamiento unánime para saber se vostedes están en contra ou a favor, porque, mire, o seu socio, o Partido Socialista, dice que lle foi o mellor financiamento posible e vostede dice que foi o peor posible. Poñámonos de acordo niso porque creo, señoría, que sería bo poñernos de acordo por Galicia.

Mire, señor Aymerich, advertín en vostede o interese por buscar algúns espazos de entendemento. Nós, dende logo, vamos a traballar para iso. Se vostede quere realmente decirlle ao Goberno central que é unha comunidade autónoma que está facendo os deberes de déficit público, que é unha comunidade autónoma que está pagando o que debe, que é unha comunidade autónoma solvente que cando acude ao mercado de capitais consegue varias ofertas para colocar a débeda pública, polo menos de momento, creo que esa comunidade autónoma ben merece un apoio. Vostede ten que decidir se quere apoiar as políticas de rigor, as políticas de responsabilidade e as políticas que interesan aos galegos e ás galegas ou vostede simplemente quere ser un socio útil pero un partido inútil para Galicia. Esa é a súa responsabilidade. Eu veño eiquí a dicir a verdade, unha verdade que vostedes deberían de saber e que nola ocultaron sistematicamente.

Señorías, quixera decirlle, señor Vázquez, coa mesma simpatía da súa intervención, que eu non mandei a conselleira para desbrozar nada, eu mandei a conselleira pra que tivera vostede polo menos un día pra preparar a intervención, e vexo que non a ten preparada, señoría. *(Risos.)* *(Aplausos.)* Nin sequera a preparou; é que non lle interesa, non lle interesa, señoría.

Dice que se constata o fracaso das políticas da Xunta de Galicia. Pero ¿que políticas defende vostede?, ¿a política do incremento ao déficit público superior ao 11%? ¿Esa é a súa política de déficit público?, ¿a política de recorte salarial a tres millóns e medio de empregados públicos?, ¿a política de recorte de oito millóns e medio de fogares pensionistas?, ¿a política de chamada á orde polas autoridades europeas?, ¿a política da falta de liquidez nas [...] dos bancos e das entidades financeiras? ¿Vostede defende esa política? Eu pregunto, señoría, ¿que vostede entendería por fracaso? ¿Fracaso é cumprir a Lei de estabilidade presupostaria ou incumprila? ¿Fracaso é non gastar o que se ten ou gastar o que non se ten? ¿Fracaso é gastar 14.000 millóns de euros en beirarrúas, en parques e en xardíns e quitarlle 14.000 millóns de euros nas nóminas da xente? ¿Eso é un fracaso?

Mire, señoría, creo que, efectivamente, como algún deputado insigne da Cámara acaba de anunciar, o éxito é crear emprego; por eso, cando vostedes estiveron no Goberno, no último ano, se incrementou o paro en 51.000 persoas,

e nós, no que levamos de goberno, o paro se incrementou, á data do mes pasado, en 9.000 en total; 51.000 fronte a 9.000. Esa é a súa política económica, e esta é a nosa política económica. Señoría, esos son os datos. Comprendo que a vostedes non lles gusten os datos. Si, señorías, os datos de creación de emprego, señorías, son os que acabo de referir: 8.000 parados máis á data de hoxe que cando tomamos posesión. Vostedes, nun ano, 51.000 empregos destruídos.

Mire, señoría, creo que é bo alegrarse dos éxitos colectivos e non ten ningún sentido alegrarse dos fracasos. Se tiñamos un paro de 211.000 persoas cando tomamos posesión e agora hai un paro de 219.000, ¿a vostede non lle saen as contas? Oito mil, señoría.

Mire, seguimos rebaixando o paro e levamos tres meses rebaixando o paro, pero, señorías, non estamos seguros porque sabemos –e xa o anunciei– que no último trimestre –último cuatrimestre, mellor–, vamos a ter outra vez a crudeza da depresión económica. O paro baixou por tercer mes consecutivo, e baixa o dobre do que baixou no conxunto de España, o dobre; o dobre. Señoría, as afiliacións aumentaron por cuarto mes consecutivo, e Galicia sigue a ser a sexta comunidade autónoma con menor taxa de emprego de España. Esos son os datos, e eu creo que vostede debería de celebralos e non facerlle caso ás estatísticas que lle pasan nos escanos.

Mire, lle vou seguir falando das estatísticas do Estado, non das nosas. Os expedientes de regulación de emprego no último ano do Goberno bipartito foron 563 e afectaron a 10.000 persoas. Os expedientes de regulación de emprego no último ano foron a metade, afectaron a 4.300, un 60% menos.

Señoría, creo que estos datos, que son malos, que non teñen parangón, que son malos, que non podemos dicir que vaíamos ben en emprego, pero por favor lle pido que polo menos sexa un pouco máis honesto coas cifras, porque eso é bo para plantexar e contextualizar as intervencións.

Señor Vázquez, lle volvo a reiterar: ¿cal é a súa política?, ¿a do déficit público? O sei. Mire, en Baleares, pecharon o exercicio 2009 con cinco veces máis de déficit público que en Galicia, o 5%; e en Castela-A Mancha tamén; en Extremadura e en Cataluña, o dobre de déficit público que en

Galicia; e en Andalucía, un 75% máis; e en Aragón, un 50% máis. ¿Ese é o seu modelo?, ¿ou o modelo será non ir ao déficit público para non ter que subir os impostos ou non ter que diminuír os investimentos?

Mire, señoría, ¿vostede está a favor ou en contra de baixar os impostos? Insisto, porque lle molesta que lle suban a auga aos que máis consumen, lle molesta que lle baixen os impostos ás vivendas (*Murmurios.*) e á vez pide vostede que se suba os impostos. Mire, nós miramos con moito interese a proposta da subida do IRPF. Se non calculamos mal, o que podemos ingresar pola subida dos impostos de IRPF proposta polo Partido Socialista en Galicia –por certo, a mesma proposta que plantexa en toda España, a mesma– é entre 12 e 9 millóns de euros. Bueno, esa é unha proposta. ¿Sabe canto aforrou, canto vai aforrar a Xunta de Galicia en gasto telefónico nesta lexislatura? O dobre, señoría, (*Aplausos.*) o dobre, vamos aforrar o dobre da proposta de incremento de impostos.

Señoría, ¿vostede cre que vamos a solucionar os problemas da economía con 9 ou 10 millóns de euros? Mire, baixando os impostos da vivenda recaudamos un 10% máis no último trimestre do ano 09, no ámbito dos menores de 35 anos e no ámbito das familias numerosas. E estamos convencidos que baixar impostos selectivamente non supón unha menor recaudación senón un incremento da recaudación. Xa o fixemos. Señor Vázquez, eu estiven sempre no mesmo sitio. Vostede decía que baixar impostos era de esquerdas, ¿ou non se recorda? Suprimiu o imposto de patrimonio, simplemente, o imposto de patrimonio. Pois ben, os mesmos que suprimen o imposto de patrimonio porque baixar impostos era de esquerdas agora queren subir o imposto da renda e xa subiron o imposto do IVE. (*Murmurios.*) Póñanse de acordo nas súas políticas económicas porque, se non, é moi difícil tomarse en serio esas políticas económicas.

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Vázquez, comprendo que o falar non ten cancelas. E vostede vén aquí e dice que podíamos adxudicar a autovía da Costa da Morte con 400 millóns de euros, con menos –gracias pola apostilla–. Señorías, quero que saiban que o Goberno bipartito, do que formaba parte o señor Vázquez, licitou a autovía da Costa da Morte cun prezo de 890

millóns de euros. ¿Que significa? ¿Que se podía facer unha obra por menos da metade do que vostedes solicitaban? ¿Que tiñan detrás desta proposta, señor Vázquez? ¿Que se escondía detrás desta proposta? Pero, ¿por que non decimos a verdade? (*Murmurios.*) A verdade, señoría, é que vostede licita unha obra con 890 millóns de euros e agora dicen aquí que se pode facer por menos de 400. Por suposto; incluso, como decía un compañeiro do meu grupo, se pode facer unha cousa: non facela, e nos aforramos moito máis. Pero é que ¿temos que facer ou non temos que facer a autovía, señor Vázquez? ¿A facemos ou non a facemos?

Onte unha diputada insigne do seu grupo parlamentario criticou que unha última obra do conselleiro respectivo se adxudicara a unha empresa. E a criticaba porque tiña unha oferta que non era a máis barata. Pois ben, a proposta do Partido Socialista neste momento é adxudicar a autovía da Costa da Morte á mesma empresa. Pero, ¿que temos que facer, señoría, para plantexar un pouco de seriedade nas contratacións públicas? (*Murmurios.*) ¿Que temos que facer realmente para falar en serio á xente? Supoño que o que temos que facer é xustamente o contrario do que vostede fixo, que é non adxudicar a dedo 54 millóns de euros –por certo, sen un euro de baixa, señoría–; 54 millóns de euros –ten o récord o señor Vázquez como conselleiro dos gobernos dos últimos trinta anos– adxudicados a dedo sen un euro de baixa. E nós licitamos a autovía, constituímos unha mesa de contratación, se están avaliando as ofertas, que aínda non están rematadas, e xa somos xuzgados antes de coñecer a proposta da mesa de contratación. Se discute que hai unha empresa que o conselleiro lle deu unha obra inmerecida e agora o señor Vázquez lle propón que a esa mesma empresa lle demos outra autovía.

Señor Vázquez, non lle vamos a dar as obras ás empresas, ¿sabe por que? Porque nós non damos as obras, as empresas consiguen as obras a través das súas ofertas. Esa é a diferenza entre o concurso e a dedo adxudicar as obras; (*Aplausos.*) esa é a diferenza, non hai outra diferenza, señoría.

Remato, señorías.

Vostede ridiculizou o Plan estratéxico da economía. ¡Menos mal que os sindicatos que están a acudir ao diálogo social non están de acordo con vostede! Creo que ridiculizar

un plan estratéxico simplemente porque son 46.000 millóns... Eu comprendo que vostedes estaban acostumbrados a máis, e, se non o tiñan, dá igual. E, se gastaron 2.600 millóns de euros, agora que o pague o señor Feijóo, que vén aquí ao muro das lamentacións. Non, non, este non é o muro das lamentacións, esta é a ágora da verdade do pobo. Hai que decirlle á xente a verdade, señor Vázquez, e a verdade é que vostedes gastaron 2.600 millóns de euros sen consignación presupuestaria. Pois ben, 46.000 millóns de euros para concretar a política económica.

Mire, señor Vázquez, permítame que lle dé o último dato económico do que facían vostedes. Mire, como consecuencia de que os presupostos do ano 2003, do ano 2004 e do ano 2005, cando gobernaba o grupo ao que pertence, eran presupostos realistas, vostedes tiveron liquidacións positivas e o Estado lle remitiu 400 millóns de euros máis no 2006, 566 millóns de euros máis no 2007 e 585 millóns de euros máis no 2008; é dicir, 1.500 millóns máis que o presuposto. ¿Por que? Porque houbo un goberno que non presupuestaba o que non tiña. Vostedes, ¿que fixeron con esos cartos, señor Vázquez?, ¿fixeron o hospital de Vigo? Non. ¿Fixeron o hospital de Pontevedra? Non. ¿Iniciaron a depuradora de Vigo, da ría de Arousa ou da ría do Burgo? Non. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Iniciaron a banda larga en Galicia a través de acceso a internet? Non. ¿Que fixeron, señorías? A herdanza de vostedes son 2.600 millóns de euros a pagar e a herdanza nosa foron 1.500 millóns de euros a gastar. Esa é a diferenza substancial entre unha política económica e a falta da política económica. (*Aplausos.*)

Señor Vázquez, creo que temos máis cousas que nos unen que que nos separan. Se vostede quere facer un exercicio realista da situación económica do noso país, tanto do Estado como da Comunidade Autónoma, vostede estará de acordo en que os plantexamentos que hoxe traemos aquí son consecuencia do rigor presupostario. Se no Consello de Política Fiscal e Financeira entendemos que as enormes dificultades do Reino de España para acreditar as súas contas en Bruxelas son baixar a débeda pública e o Goberno de España lle pide ás comunidades autónomas rigor para baixar a débeda pública, e eso supón 800 millóns de euros menos nas nosas contas, ¿a vostede non lle parece riguroso baixalo? ¿Ou vostede me propón gastar e meter as facturas nos caixóns? Supoño que non. Polo tanto, se estamos de acordo neso e se estamos de acordo en que os 130 millóns de euros

que nos piden porque os gastaron no ano 08 e no ano 09, dá esa totalidade de 1.000 millóns de euros menos, ¿non cre vostede que debemos de poñernos de acordo en cales son as políticas prioritarias e facer ese axuste no presuposto? Pois, se estamos de acordo, señoría, eu non lle vou a pedir unha cousa que vostede me pediu. Vostede me pediu que para dialogar cambiara o Goberno; eu non lle vou a pedir ao Partido Socialista que para dialogar cambie o seu líder.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas.

Apertura dunha rolda especial de aclaracións. (*Pausa.*)

Ten a palabra, polo Bloque Nacionalista Galego, o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Grazas, señora presidenta.

Pois que vostede fale de rigor, señor Feijóo, a verdade é que hai que ter valor, porque, en fin, vostede meteuse agora aquí nunha enxurrada de datos, de cifras, pero que non son reais. Vostede di: ¿vai apoiar ao Goberno en pedirlle ao Goberno español que poidamos aprazar o pagamento? Si, ten o noso apoio, pero é que dá igual que teña o noso apoio ou non. Tivo o noso apoio o ano pasado para negociar un sistema de financiamento xusto para este país, e ¿que fixo co noso apoio? É que o problema é que vostede non ten capacidade negociadora; é que, claro, ese é problema. É que o problema é que vostede ten que chegar ao Congreso dos Diputados e decirlle ao Partido Popular, decirlle a Mariano Rajoy: mire, votemos no Congreso dos Deputados —que é onde hai que votar— que se aprace a devolución destes anticipos. E vai ter o apoio do BNG. Xa o ten eiquí tamén, pero o problema é que, se ten o apoio, terá que comparecer despois nesta Cámara para decirnos qué fixo con ese apoio. E vostede non tivo o valor de comparecer eiquí para decirnos por que asinou no mes de xaneiro deste ano... —en decembro creo que foi, estábamos aprobando os orzamentos— de forma case clandestina e despois de Ceuta —xa lle digo, estamos irmandados con esa cidade; xa non vou ir máis alá porque daría moito que falar, ¡eh!— un sistema de financiamento que vostede recoñeceu que era negativo. E isto é consecuencia dese sistema. Pero é que, ademais, vostede recoñeceu outra cousa. Di: temos que devolver 2.500 millóns de euros: 600

correspondentes ao exercicio 08 –como di vostede–, 1.600 ao exercicio 09. Oiga, ¿quen xestionou, quen gobernou no ano 2009? É que no ano 2009 gobernou vostede, señor Feijóo. É que o orzamento do ano 2009 xestionouno vostede. Por tanto, está vostede falando de que non foi capaz de xestionar ben ese orzamento, está vostede falando de que non foi capaz de obter os ingresos que estaban previstos nos orzamentos ou está vostede falando de que no ano 2009 gastou máis do que debía gastar. É que non sei, cónteme de qué está falando. Porque eses 1.600 millóns de euros que hai que devolver do ano 2009, de marzo a decembro, ese orzamento xestionouno vostede. Por tanto, un pouquiño de rigor; sei que é moito pedir, pero, por favor, un pouco de rigor.

Fala vostede de suba selectiva de impostos. Non, suba selecta. Vostede, a rebaixa é para persoas selectas, as que compran as segundas residencias, para eses baixámoslles os impostos. ¿Quere vostede realmente reactivar a vivenda, o emprego, no sector da construción, facilitar o acceso á vivenda? É moi fácil. Este imposto, esta rebaixa impositiva, unicamente procura mobilizar o stock de vivendas baleiras, non facer vivendas novas. É dicir, encher e millorar as contas de resultados das empresas construtoras, que teñen casas baleiras sen vender. Pero, ¿por que non lle di vostede...? Xa sei que ten moi boa relación con eles, pero, ¿por que non lles di: mire, califiquen esas vivendas como vivendas protexidas? ¡Home!, perden algúns cartos, ¿que lle vamos facer? Pero, desa maneira, ¿sabe canto pagarían os adquirentes desas vivendas en impostos? Cero, porque as vivendas protexidas non teñen ningún imposto. ¿Por que non fai vostede esa proposta, axuda a baixar o prezo da vivenda e facilita que realmente quen o necesita poda acceder a unha primeira vivenda? (*Aplausos.*) Porque á vivenda protexida acceden os que queren unha primeira vivenda, e non lle estamos pagando entre todos os galegos, coa nosa sanidade, coa nosa educación e cos nosos servizos sociais, as segundas residencias.

Pero vostede fala de austeridade. Para que se vexa o seu rigor: DOG do 14 de xullo de 2010, un contrato para unha campaña publicitaria da Consellería de Matei –de Medio Ambiente, Territorio e tal–, 1 millón de euros para difundir os valores do territorio. Era millor que os altos cargos da consellería cumprisen a lei, pero, ben, 1 millón de euros. Cinco de xullo de 2010, no DOG –tócalle ao señor Guerra–: desenvolvemento da campaña “Galicia innovadora e competitiva”, 700.000 euros. Isto é publicidade, señor Feijóo.

Súmelle 500.000 euros que van dedicar a difundir as bondades da nova tributación hidráulica, súmelle o millón de euros para difundir o seu decreto contra o galego e súmelle 4 millóns de euros para unha visita papal de 8 horas. ¿Esta é austeridade? No, no, no, non ría, ¿isto é austeridade? Porque, se vostede tamén presta ouvidos ao que se di na rúa, a xente non entende que unha visita papal de 8 horas vaia custar exactamente o que custaría poñer libros gratis no curso 2010-2011. (*Aplausos.*) Iso é o que a xente non entende.

E nós temos, señoría, propostas; si temos propostas desde o Bloque Nacionalista Galego. Queremos atallar o déficit incrementando os ingresos, que paguen máis os que máis teñen, e vostede ten capacidade no tramo autonómico do IRPF e en feitos impositivos que non están gravados –por exemplo, as grandes fortunas– para recadar máis, pero para recadar máis de forma xusta, pagando máis os que máis teñen. E nós estamos de acordo en que hai que eliminar o gasto improductivo. ¿Por que non elimina vostede as deputacións?, ¿por que non as elimina?...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: Creo que antes fun bastante comedido, rogaríalle unha pequena...

A señora PRESIDENTA: Si, pero, en calquera caso, xa se deu o tempo. Por tanto, vaia rematando.

O señor AYMERICH CANO: ... Si, vostede que di que non podemos ir ás vellas receitas, etc., etc., ¡máis vello ca as deputacións...!

¿Sabe canto aforrariamos? 300 millóns de euros. Home, xa sei que Louzán dálle xogo, pero eliminemos as deputacións. ¿Non estamos por eliminar o gasto innecesario? Aí ten unha proposta. ¿Vaina apoiar vostede, señor Feijóo?

¿Vai vostede eliminar a suba confiscatoria que fixeron das peaxes das autovías que dependen da Xunta de Galiza? ¿Vaino facer?

¿Ou entende vostede que ese redondeo do 11 % é o exemplo que dá a Xunta de Galiza aos comerciantes privados?, que, home, o IVA sobe un 2 %, nós redondeamos a suba no 11 % –si, si, 11 %, claro que si–, e ¿vai vostede, xa

que falamos de que este sistema de financiamento non serve, de que Galiza necesita máis competencias e de que temos que unir o país para acometer os esforzos, si, unidos, pero para crear un sistema máis xusto, un modelo máis xusto e para o conxunto da sociedade, vai vostede traballar tamén para que teñamos un novo Estatuto no que Galiza non teña como referente a Ceuta, senón que teña como referente...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: ... aquelas nacións do Estado que están traballando para ter un mellor financiamento, máis competencias e unha relación máis xusta co Estado?

Esas son as propostas que nós poñemos enriba da mesa.

E mire, cando fala vostede do financiamento específico, non minta. Iso non computa como déficit. Si, non, non...

A señora PRESIDENTA: Remate, por favor, señor Aymerich.

O señor AYMERICH CANO: ... Se imos pagar o hospital de Vigo catro veces, iso non computa como déficit, pero cando eu lle digo 860 millóns de euros, fállolle da construción, porque se imos ao custo total do contrato son 1.433 millóns de euros. *(Aplausos.)*

Non minta, señor Feijóo, non minta.

Máis nada e moitas grazas.

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias, señor Aymerich.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Vázquez Fernández.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Señora presidenta.

Señor presidente, vostede tivo unha oportunidade importante de acadar acordos económicos e laborais neste país. No debate do estado da Autonomía unha proposta de resolución do Partido Socialista comprometéase a crear unha Comisión parlamentaria, que vostedes boicotearon dende o primeiro día, dende o primeiro día, si, si. *(Aplausos.)*

En segundo lugar, cando tivo a conferencia política o Partido Socialista de Galicia remitinlle do meu puño e letra unha proposta para abordar os problemas económicos e laborais de Galicia, que aínda hoxe non se dignou a contestar.

O Pleno, o grupo parlamentario propuxo que este debate fose un debate con propostas de resolución para abordar acordos, ao que vostedes se negaron. *(Aplausos.)* E agora vén aquí pedir un cheque en branco, agora vén aquí pedir un cheque en branco; pois mire, fágolle unha contraproposta moi sencilla: convoque a Comisión parlamentaria que acordamos no debate do estado da Autonomía e falamos alí do que vostede queira, cando vostede queira.

Dito isto, señor Feijóo, está escollendo o peor dos escenarios e o peor dos camiños, porque vostede se está empeñando en negar a realidade. Vostede sobe aquí, manipula as cifras, méntelle a este país, non di a verdade, méntelle sistematicamente a ese país, e vaise tan tranquilo, porque xa está. Non, mire, non está, vostede é o presidente do récord, do récord de parados; con vostede Galicia acada o teito desde que hai paro rexistrado. Non, non é un invento, vostede —e non lle oín unha soa proposta para resolver problemas de parados neste país—, vostede veu aquí, escaqueouse, e dos parados, nada; Zapatero, claro, claro, claro.

Vostede, en peche de empresas, por moitas voltas que lle dea, estamos liderando o peche de empresas e de empresas en quebra, estamos liderando en Galicia e en toda España. Acaba de entrar un teletipo fai un segundo onde os economistas de Coruña din que a economía no primeiro trimestre vai en picado.

E vostede siga, fálgalle caso á conselleira, que lle di que o da sanidade vai magnificamente. Os miles de veciños que saen a manifestarse saen por pasalo ben; ou sexa, en Ferrol, en Pontevedra, en Vigo, en Valdeorras, saen de paseo. Se nunca houbo tanta xente que estea dos nervios con vostedes, ¡home!

Claro, se vostedes non teñen unha soa proposta política.

Mire, cando queira falar de política e de economía fale con lealdade. Acuda ao debate parlamentario, reúna a Comisión, levemos asesoramento e fagamos propostas. Vostede

vén hoxe aquí, señor Feijóo, facer un Pleno preventivo, un Pleno preventivo, si, para explicarlles aos galegos que isto está moi mal, e que imos de vacacións pero que ao vir xa verán o que vale un peine.

Claro, claro, claro, vostede, señor Feijóo, está asumindo o fracaso do seu Goberno no 40 % da súa lexislatura. E despois hai unha cousa que, por moitas voltas que lle dea, mire, dígallo como queira á xente, pero a xente e polo menos unha parte deste lado de acá, espero que toda, nós non permitiremos ningunha baixada de impostos a custa de cargarse os servizos públicos deste país.

Vostede está escollendo baixar impostos para reducir a sanidade, para reducir a educación, para reducir a dependencia, e o resto son películas, o resto son películas, e vostede, que di a verdade, suba aquí na réplica e diga a verdade, que lles vai subir a auga a todos os galegos, que lles vai subir a auga a todos os galegos, cunha excepción, menos os que non abran o grifo nunca –non, non o digo de broma–, menos os que non abran o grifo nunca, que son as cotas de servizo. ¿Pero a quen quere enganar, señor Feijóo? Se fixemos política municipal e sabemos diso latín, home. Claro, home, claro, claro, claro, ou sexa, poñer unha cota de servizo aos que nunca abren o grifo para recadar unha base, e o que abre o grifo vai multiplicar o custo da auga polo 140 %.

Señor Feijóo, cree unha Comisión parlamentaria. Cree non, úsea, e falemos de economía, falemos dos parados, falemos de emprego, falemos de financiación, e nós estamos dispostos a buscar unha fórmula se hai que pedir a Madrid un sistema de aprazamento de pagos, pero imos facelo. Pero ¿para que? ¿Para que sigan adxudicándolles obras ás empresas que van máis caras que naide? Non.

Vostede vén aquí contando –claro, é que vostede, xa nos imos coñecendo, señor Feijóo–, vostede conta moitas mentiras e disfrazas as súas mentiras de medias verdades. E unha media verdade parece a maior das mentiras.

Adxudicamos a dedo, claro. A obra do Umia, cando resolvemos a catástrofe do Umia, foi por adxudicación directa. Cando quedou sen auga Coruña, foi por adxudicación directa. Cando había catástrofes medioambientais, o Partido Popular esixíalle ao conselleiro, que tardaba máis de

24 horas, e agora resulta que iso era adxudicar a dedo. Hai que ter cara, señor Feijóo, hai que ter cara, hai que ter cara, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Vostede ten moita cara.

Mire, remato...

A señora PRESIDENTA: Vaia rematando, por favor.

O señor VÁZQUEZ FERNÁNDEZ: Remato, remato, señora presidenta.

Dígollo con tranquilidade. Temos un problema gravísimo de país. Vostede ten os sistemas públicos ao borde da quebra, non ten recursos para atendelos o ano que vén –palabras súas–. Conte con nós, conte co Parlamento, conte cos socialistas, cree un grupo de traballo, pero faga unha cousa previa; só lle poñemos previamente: asuma que o seu Goberno é un desastre. Cambie de Goberno, abra unha Comisión de investigación en política territorial, explíquelles aos galegos que está pasando.

Ética, ¿onde está? Austeridade, ¿onde está? Responsabilidade, ¿onde está? Solucións, ¿onde están?

Señor Feijóo, subir aquí, á casa sagrada da política galega, e mentir debía preocuparlle moito, e vostede xa o fai con demasiada insistencia. Vostede manipula datos, vostede conta medias verdades, pero así non é como se solucionan os problemas de Galicia; os problemas de Galicia solucionámoslos entre todos cando vostede queira, pero coa verdade por diante e coas políticas públicas á bandeira de todo iso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, señor Vázquez.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Ruíz Rivas.

O señor RUÍZ RIVAS: Grazas, señor presidente.

Señorías.

Bueno, en vez de falar das verdades do barquero, imos falar das verdades do señor Vázquez.

Empecemos pola auga. A directiva marco da auga establece que o prezo a partir dun determinado consumo ten que acabar sendo un elemento disuasorio –Vázquez dixit 2007–. *(Aplausos.)*

Vázquez 2010: 54 millóns adxudicados a dedo, por urxencia, sen publicidade, porque se debían a catástrofes ambientais, segundo vostede. Estame dicindo que 54 millóns que vostede adxudicou de forma directa, sen publicidade, ¿tantas catástrofes tivemos?, ¿tan pouco vixiou vostede?, ¿tantas catástrofes permitiu en tan pouco tempo que estivo? A verdade é que, bueno, vostede é digno de admirar.

Pero sigamos. Agora xa lle fai outra oferta. Xa pode vostede seguir co Goberno, pero créelle unha Comisión que di que acordaron, pero esperemos logo e imos ver o que acordou este Parlamento, a ver se por lelo moitas veces a súa mentira acaba demostrándose que é a mentira.

“Promover” –a ver se alguén, por favor, se encontra a palabra Comisión que mo diga, ¡eh!–, “promover un gran acordo cos axentes sociais e os partidos galegos con representación parlamentaria para o impulso dun programa de reactivación económica de emprego ao longo do actual período de sesións por medio do oportuno instrumento parlamentario”.

Busque vostede... *(Murmurios.)* Oia, que, oia...

A señora PRESIDENTA: Silencio, por favor.

O señor RUÍZ RIVAS: Espere, presidenta, que lle vou ensinar de novo... *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: Perdoe un momento, señor Ruíz, perdoe un momento. Por favor, ¿é que é tan difícil escoitar con respecto? Por favor, por favor, escoiten con respecto.

Señor Ruíz, ten a palabra.

O señor RUÍZ RIVAS: Eu xa non lle pido respecto; o que lle pido é que polo menos lean o Regulamento, porque un, *(Murmurios.)* que foi un estudante que non era de todo dos mellores pero cando menos intentaba ler a asignatura. Vostedes teñen unha asignatura que é o Regulamento. Hai outros instrumentos parlamentarios que non é especifica-

mente a Comisión, ¿verdade? Calquera dos trámites e das iniciativas e das comunicacións do Goberno e dos plans. Pero é que espere, por se non lle chegaba, pero espere, señora Barcón, non me lea entón o Regulamento, pero lea o que vostede acorda; espere, a min dáme igual unha que outra, pero ata non teño gafas.

Vamos a ver: que o Goberno, que está a elaborar coa incorporación de estratexias obxectivos indicadores de rendemento e compromisos orzamentarios de gasto, que será tramitado na Cámara polos procedementos regulamentariamente establecidos para que se reciban as achegas dos diferentes grupos parlamentarios; as achegas dos diferentes grupos parlamentarios; de novo ten vostede unha comunicación, ten vostede un plan, é que non saben nin o que aproban. *(Murmurios.)*

Mire, pero vamos a ver, pero ¿vostedes cren que a estas alturas da miña vida eu vounos convencer a vostedes que a súa palabra non dura vinte e catro horas? *(Aplausos.)*

Pero ¿téníolles que recordar a vostedes, téñolles que acordar a vostedes o que foi o nomeamento do director do Consello da Radiotelevisión de Galicia, o que foi a súa premura acordada entre todos pola tramitación da Lei de caixas? ¿Que lles teño eu que recordar a vostedes para que sepan dunha vez por todas, se dean conta que vostedes non teñen palabra?

Mire, claro, falan de..., é que eu sonlle de alí do lado de Noia. Mire, ten ao lado a outro que tamén é de Noia, o señor Leiceaga. Entón, que lle recorde, ¿verdade?, que aquela variante interior, que, á parte de que ía causar uns destrozos ambientais importantes, pois nin máis nin menos ía a 80, se non se crían nin os técnicos que fora posible facelo, se era máis difícil que o túnel de Guadarrama, pero sabe con todo iso, á parte de non solucionarlle os problemas, valía 80 millóns de euros; polo tanto, a solución da Xunta de Galicia, que si vertebra esa comarca, sálle 47 millóns máis de euros.

Mire, ¿que lle imos explicar ao señor Vázquez a diferenza do que é un procedemento se el xa non pasou a páxina do procedemento de urxencia sen publicidade? Polo tanto, dos concursos, ¿que lle imos explicar que se lle dá á mellor oferta, non? E a mellor oferta, como no caso das autovías, ¿verdade?, que se adxudicou por parte do último Goberno

Manuel Fraga, nin máis nin menos unha correspondía á que teoricamente, unha correspondía á oferta máis barata, a outra correspondía á oferta mellor técnica, e a outra non era nin a máis barata nin a mellor técnica. ¿Por que? Porque se suma nin máis nin menos todos os conceptos que veñen nun concurso. E iso, claro, explicar a estas alturas esas cousas a quen quere influír dentro dun concurso público que todavía, ¿verdade?, non está resolto, pois é difícil facelo.

Mire, señor Aymerich —e con vostede remato—, claro, eu fágolle unha pregunta: Ceuta, Melilla, ¿cal é a súa referencia para o Estatuto galego? ¿Pode ser como referencia nin máis nin menos a Constitución? Acláreo aquí. Porque mire, eu voulle falar algo da Constitución e da sentenza de Cataluña. Nin máis nin menos fala, ¿verdade?, que ese caramelo que teñen vostedes onde teñen a setenta asesores, entre uns e outros, as diputacións da Coruña e de Lugo non se poden eliminar así porque si, porque queira a Xunta de Galicia, a verdade. Entón, bueno, o que poden é abandonar tanto asesor e abandonar eses cargos, e seguro que, cando menos, a deputación seguirá traballando pero haberá un aforro importante.

Ou lle podo dicir que o ayuntamiento onde vostedes colaboraran tan activamente, como Coruña, acaba de adxudicar nin máis nin menos, para —chámase así— campañas publicitarias, prensa, radio e televisión, 550.000 euros anuais por dos anos, prorrogables por outros dos que entiendo que máis ou menos suman 2.200.000. Esa é a súa austeridade, e eso é como utilizan vostedes os cargos cando traballan neles.

E xa despois —e con esto remato, señora presidenta— é que, claro, falar da segunda vivenda e non saber diferenciarlo de vivenda usada ou de vivenda de segunda man, ¿que lle vou a facer? Se a min nunca me dou por dar clases, se a min o que verdadeiramente me gusta é aprender, a min me gustaría que polo menos, cando estou aquí, pois puidera aprender algo de vostedes. Pero claro, se o que teño que aprender é máis demagoxias e o que teño que aprender é que non van estar vostedes co país, que non van estar vostedes pois cun goberno que está ofrecendo, nin máis nin menos, consenso, cun goberno que lles está ofrecendo participar nun plan estratéxico, cun goberno que lles di se nos diriximos ao Estado central para que esos 2.500 que tanto disfrutaron vostedes gastando —esos 2.500 millóns de euros—, se os podemos

aplazar, e vostedes siguen pensando que esos son problemas de Feijóo e non son problemas de Galicia, pois vólvolle a repetir o que lle dixen antes: os galegos xa avaliaron que vostedes non foron quen de cumprir co seu compromiso cando estiveron no Goberno, cando menos seguen tendo un compromiso importante, que é ser oposición. Intenten arriñar o lombo e deixen de poñer pedras, porque ao final pedras como as súas vámolos a saltar co traballo e a confianza que temos no Goberno que preside o noso compañeiro Feijóo.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA: Moitas gracias.

Para pechar o debate, ten a palabra o presidente da Xunta de Galicia.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor Aymerich, a verdade é que non lle oculto que o noso modelo autonómico non é a cidade de Ceuta, pero había cousas que son interesantes aprender en Ceuta. Mire, hai moita tolerancia, na Cámara están os musulmanes, os xudeus e os cristianos. Se entenden. Non minusvalore usted a ninguén. Non minusvalore usted a ninguén, non merece a pena. Da mesma forma que non admitiríamos nunca que nunha cámara ou nun pleno de calquer concello, cidade ou comunidade autónoma se fale despectivamente de Galicia, non minusvalore vostede a ninguén. É unha proposta razoable, señoría. (*Aplausos.*)

Mire, señoría, nós entregamos 600 vivendas públicas que estaban bloqueadas polo Goberno anterior. E nós —volvo a reiterar— vamos a baixar os impostos que gravan a vivenda. Xa sei que vostede non quere, pero vostede debería clarificar cal é a súa política fiscal, porque así como o señor Vázquez fala na mesma frase de subir e de baixar impostos, a vostede non lle teño escoitado nada.

Mire, ¿sabe por que baixamos os impostos que gravan a vivenda? Porque hai 50.000 parados no sector da construción. Porque temos que dicirlle unha mensaxe a todos que en

Galicia se pode adquirir unha vivenda por, de media, 2.000 euros menos en impostos que no resto do Estado. Porque temos que dicirlle a todos que rehabiliten. Non sabía que as vivendas rehabilitadas estaban rehabilitadas e sin vender. Non, non, as vivendas rehabilitadas están deterioradas e hai que rehabilitalas, señor Aymerich, por iso –lle anticipo– non sexa vostede cativo nos seus plantexamentos e mire un pouco máis do que ten diante.

Mire, a publicidade. A vostede lle parece moito. Pois, mire, é un 25% menos do que facía o seu Goberno. ¿Lle parece moito? Entón, ¿que sería un 25% máis?, ¿moitísimo?

Vostede me criticou cando se anunciou a visita do Papa polo arcebispo de Santiago, e dixo: Bueno, a verdade é que non debería vir o Papa en novembro, tiña que vir noutro mes. Bueno, e agora vostede está en contra de que veña o Papa. Bueno, todo o mundo ten dereito a mudar. Pero, mire, a visita do Papa a Londres –permítame, señor Aymerich– custa 14 millóns de euros. A visita do Papa a Galicia, que non é Londres, custa dous millóns de euros máis outros dous millóns de euros retransmítilla pola TVG. ¿Lle parece a vostede moito? A nós non. Vamos a facela porque o feito de que o Papa decida vir a Galicia, cando solo fai sete viaxes anuais, nos parece unha honra para Galicia, unha medida de enorme importancia económica, social e por suposto relixiosa, e unha medida na que nos sentimos orgullosos de conquerila co pobo de Galicia, co pobo de Galicia enteiro, señoría. (*Aplausos.*)

Mire, dice vostede que non está de acordo coas deputacións. ¿E por que forman parte dos seus gobernos? Vostede non está de acordo coas deputacións, pero hai un récord que non ten ningún partido, iso é certo: de tres deputados provinciais que teñen vostedes en Lugo, dos tres que teñen, dous son vicepresidentes. Se chegan a estar de acordo e algunha vez tiveran maioría absoluta nunha deputación non habería sillas para sentar os vicepresidentes, señorías. (*Risos.*) Polo tanto, sexamos coherentes, se vostedes non están de acordo cunha cousa que é posible discutila, non utilicen de forma torticera a administración que cren que non é razoable e que non é útil, porque se chega a ser útil... Mire, as deputacións son boas ou malas en función de como se gobernen, do mesmo xeito que os concellos son bos ou malos en función de como se goberna. Polo tanto, goberne-

mos ben nas institucións constitucionais. E, se non, haberá que consultar a soberanía nacional para decidir se queren ou non queren as deputacións. Pero póñanse de acordo entre os vicepresidentes e os presidentes das deputacións, entre os presidentes socialistas que queren as deputacións, os vicepresidentes nacionalistas que queren as deputacións e o BNG que non quere as deputacións, porque, se non, non salimos deste atasco.

Cando vostede nos dice que no ano 2009 foi a nosa responsabilidade o presuposto, claro, lamentablemente, o que fixemos foi pagar o que debíamos para acadar o 1% de déficit público, é dicir, cumprir a Lei de estabilidade presupostaria. E cando vostede vén aquí e dice: Oiga, vostedes eran responsables do ano 9, e adicamos 1.600 millóns de euros para non engordar o burato e cando 1.600 millóns de euros non os gastamos nas partidas previstas para pagar as facturas, ¿que nos plantexa vostede?, ¿que en vez de haber un burato de 2.500 millóns ten que haber un burato de 4.000?, ¿eso é o que nos plantexa? Supoño que non.

Señor Aymerich, me quedo coa súa parte inicial da súa intervención, que é a importante. Temos o apoio do BNG para plantexarlle un aplazamento da débeda ao Goberno central, para plantexarlle que non reclame a débeda a Galicia namentras non haxa un crecemento económico. Home, a verdade é que é posible que vostedes estean moi satisfeitos da capacidade de negociación que ten o BNG no Congreso dos Deputados, pero de momento a verdade é que, en canto non foron útiles, os tiraron como un pitillo. En canto xa non eran útiles para gobernar en Galicia, nada de nada. E cando foron útiles, plantexaban uns incrementos dos investimentos absolutamente xustificadas e non executaron ningún. Vostede e eu o sabemos. Estou falando do AVE a Ferrol, estou falando do AVE a Lugo. Estou falando do AVE á Meseta. Estou falando dos estaleiros de Navantia-Fene. Todos esos compromisos que vostedes foron arrancando pouco a pouco nos seus anos de idilio político co PSOE, simplemente os utilizou. Alá vostede, señoría, pero creo que non foi útil a coalición do PSOE e do BNG para Galicia, nin aquí nin en Madrid.

Por iso, señoría, creo que merece a pena intentar buscar acordos naquelo que estemos de acordo, porque os desacordos, como é natural, son normais en política, pero neste momento que un presidente da Xunta teña menos presupos-

to que no ano 10, que teña menos presuposto que no ano 9, que teña menos presuposto que no ano 8, que veña aquí a contar a verdade e que non teña nin un só apoio dos nacionalistas, non o creio. Polo tanto, señoría, a man tendida sigue para pactar o plan estratéxico se vostede o considera oportuno e para plantexar unha política presupostaria que non nos leve a un déficit público insostenible.

Mire, señor Vázquez, dice vostede que eu non acepto as propostas. Eu quixen comparecer xustamente para falar de propostas, lamentablemente non tiveron moitas pola súa banda, é a súa responsabilidade.

Me dice que eu nego a realidade, e por outra parte me acusa de que veño aquí a laíarme da realidade. Pero ¿en que quedamos? Eu veño aquí a dicir que no ano 8 e no ano 9 se gastaron 2.600 millóns de euros e que non había presuposto. Veño a dicir que o Goberno do Partido Socialista lle está reivindicando a Galicia 500 millóns de euros ata o ano 2016, e veño aquí a ser corresponsable co Goberno socialista de Madrid e diminuír a débeda pública, e iso supón, entre unha medida e outra, 1.000 millóns de euros menos no exercicio 2011. E de vostede simplemente recibo que veño aquí a negar a realidade. ¿Iso é negar a realidade?

Dice que a nosa economía vai mal. ¿Cal vai ben? ¿Cal é o seu modelo?, ¿a economía de España?, ¿é o seu modelo a economía de Cataluña?, ¿a de Extremadura?, ¿é o seu modelo a economía de Cataluña-A Mancha?, ¿é o seu modelo a economía de Baleares? Dígame cal é o modelo, porque nos comparamos inmediatamente. Se temos cinco puntos menos de paro que o Goberno ao que vostede apoia, ¿cal é o malo? Se temos neste momento unha creación de emprego en tres meses consecutivos e un incremento da afiliación á Seguridade Social en catro meses consecutivos, ¿cal é a dificultade? Xa sei que Galicia, o 66% do que produce, o vende ao resto de España, e o resto de España está parada, señoría, e os parados non mercan. Por eso non entendo cando vostede dice que está a favor de subir os impostos pero está en contra de subir as taxas polo consumo da auga.

Lle permito, señoría, ler as propostas que vostede tiña cando era conselleiro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿é mentira? Voulle ler literalmente e xa sabe que é mentira. *(Risos.)* É unha capacidade de antelación importante.

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿As leo ou non as leo, señor Vázquez? *(Murmurios.)*

No anteproxecto que nos deixou o Goberno bipartito, de data xullo de 2007, creábanse os seguintes tributos, tres tributos: a creación da taxa de adución –“x” euros por metro cadrado, artigo 43; aplicábase sobre o volumen de auga subministrada–, a creación da taxa de depuración –artigo 44; aplicábase sobre o volumen de auga consumida–, a creación do “xuro ecolóxico” –aplicábase sobre o consumo real ou potencial da auga de calquera finalidade, en particular este xuro aplicábase aos seguintes usos: domésticos, usos industriais, usos agrícolas, usos gandeiros, usos forestais, usos non conxuntivos de produción da enerxía eléctrica–.

Señoría, isto é o que vostedes nos deixaron, as grandes... *(A señora Gallego Calvar pronuncia palabras que non se perciben.)*

A señora PRESIDENTA: Señora Gallego, chámola á orde.

Perdón, presidente. Señora Gallego, chámola á orde.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, as grandes diferencias entre o seu proxecto e o noso é que vostedes non contemplaban incentivar o uso racional da auga, dado que non estaba previsto a realización por treitos de consumo. Isto que o sepa a xente. Non contemplaban o número de persoas que residían nunha vivenda, lles daba igual. Se eran moitas, pagaban o mesmo que se eran poucas; o cual, si son moitas, non poden pagar o mesmo que se é unha, teñen que pagar menos. E por suposto non contemplaban descontos especiais das familias numerosas. Ese era o seu proxecto de lei sobre a auga.

Comprendo que vostede, antes de que o lera, xa dicía que era mentira, o que non sabemos é si é mentira que vostede tiña un proxecto ou non. Pero este era o seu, señoría, este era o seu *(Murmurios.) (Protestas.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor! ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, quero garantir, solemnemente na Cámara que Galicia cumprirá con todos os seus compromisos financeiros. Quero garantir solemnemente na Cámara que Galicia pagará a todos os seus provedores. Quero garantir solemnemente na Cámara que Galicia pagará todas as nóminas, todos os servizos públicos esenciais. Quero garantir na Cámara a solvencia da facenda autonómica. Quero garantir na Cámara que todo o mundo teña a garantía e a seguridade de que Galicia é unha comunidade autónoma solvente, que non vai entrar en déficit público, que non nos van chamar a atención nin no Consello de Política Fiscal nin en Europa, que pagaremos o que debemos, que pagaremos as facturas. E me gustaría señoría, que todas as comunidades autónomas puideran dicir o mesmo. Me gustaría. *(Aplausos.)*

Permítame, señor Vázquez, aínda que esto non ten maior importancia, simplemente polo coloquio parlamentario que estamos tendo.

Mire, é certo que vostede licitou 58 millóns de euros a dedo, é certo. Vostede xa non o nega. ¿Se acorda cando me dixo que era mentira? Xa non o nega, vale. *(Risos.)* Agora me dice vostede, e entra nesta tribuna a explicalo. Ten todo o dereito do mundo. Os políticos, cando facemos algo, temos que explicalo. Do mesmo xeito que nós estamos explicando que as contratacións na Xunta de Galicia son transparentes, e que non vamos a utilizar o modificado e o reformado, señoría, que é a forma de darlle a un amigo unha obra e despois incrementala por fóra. E que non vamos a adxudicar unha obra nin a poñer unha primeira pedra a sabendas que a empresa adxudicataria non a vai a facer. E que non vamos adxudicar e poñer a primeira pedra nunha obra donde a empresa adxudicataria tiña previsto facer só o 60% de autovía e o 40% de carretera. Non, señoría, eso era unha prevaricación. *(Murmurios.)* Mire, señoría, como a verdade é moito máis rápida que a mentira, é importantísimo manter as verdades, aínda cando un se equivoca.

Mire, señor Vázquez, é certo que vostede adxudicou por emerxencia as obras de abastecemento da Coruña, certo. Importe: 10 millóns de euros. ¿Sabe como está esa obra que vostede declarou de emerxencia? Sen acabar. ¿Era de emerxencia unha obra do ano 2008 que no ano 2010 está sen acabar? Señor Vázquez, sen comentarios, sen comentarios, señoría, *(Murmurios.)* sen comentarios. Se a

vostede eso lle parece unha obra de emerxencia, sen comentarios.

A señora PRESIDENTA: ¡Silencio, por favor!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Unha obra de máis de dous anos de execución é unha obra de emerxencia... Sigamos, señoría.

A señora PRESIDENTA: Perdón, presidente.

Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Me quedo coa posibilidade de que sexa útil esta comparecencia. Dende logo, para o Goberno, cumpriu a súa obriga, o vai a seguir facendo, garantindo a solvencia da facenda pública autonómica, garantindo a solvencia dos servizos públicos galegos, garantindo toda a calidade sanitaria, toda a calidade educativa en universidades, en comedores e en centros escolares de ensino de secundaria e primaria.

Por certo, señoría, o único que fixemos nós era pagar as débedas dos comedores escolares. E, por suposto, non darlle os libros ás rentas altas, no, no, *(Murmurios e protestas.)* eso no, señorías. *(Murmurios.)*

A señora PRESIDENTA: ¡Por favor, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Miren, señorías, a situación na que estamos non é sinxela. O escenario financeiro que se abre tampouco porá as cousas fáciles, o dixemos. Pero Galicia unida ten demostrado que é capaz de sortear as dificultades. Demostrámolo no pasado, demostrámolo noutras crisis, e demostrámolo en ocasións complexas como a fusión das caixas, señor Aymenrich. Será necesario novamente un esforzo conxunto, será precisa unha Galicia unida a través dos nosos esforzos, os esforzos de todos, dos cidadáns de Galicia, que conforman unha sociedade madura, que percibe o momento no que estamos.

Por suposto, os políticos debemos de estar á altura no noso comportamento. En primeiro lugar, a Xunta de Galicia. E a Xunta de Galicia porá todo o seu empeño en sacar o máximo rendimento aos fondos públicos para adxudicalos

coa maior eficiencia posible. Pero tamén é a hora de estar á altura os responsables municipais. Deberán ser conscientes de que se enfrontan a unhas eleccións dentro duns meses nuns contextos moi diferentes ás eleccións do ano 2007. E, por suposto, creo que somos responsables, temos que ser responsables a Xunta de Galicia e os responsables municipais. E tamén a oposición. Simplemente lles pido que dosifiquen a súa demagogia, visto que non é posible que a abandonen na súa totalidade. *(Protestas.)* Señoría, a demagogia orzamentaria do bipartito e a demagogia orzamentaria do Goberno de España está poñendo en grave risco a crise económica adicional que está pasando o país.

Señoría, non esperen deste Goberno que pinte uns orzamentos irrealistas. Non esperen tampouco que gastemos o que non temos. Estamos aquí para deixar unha Galicia mellor da que nos atopamos. Porque cremos neste país, cremos neste país.

Señoría, é máis estreita pero segue a haber marxe para a actuación. E eu reitero: queremos, se é posible, acordar o plan económico para os próximos anos; queremos, se é posible, acordar e decirlle ao Goberno central que non pode pedir algo ao que non ten, e que non pode someter á Comunidade Autónoma a apretarse o cinturón cando o propio Goberno non o fai. E que non pode tratar a todas as comunidades autónomas igual, como se todas estuvéramos cumprindo a senda do equilibrio presupuestario.

Polo tanto, señoría, as medidas que hoxe presentamos son medidas de aforro, son medidas de austeridade, son

medidas que favorecen o investimento para facernos máis competitivos, son medidas para blindar a prestación dos servizos públicos esenciais, son medidas que buscan compensar a baixada dos orzamentos, son medidas fiscais para facilitar que chegue o crédito ás empresas galegas, son medidas que supoñen un Igape máis renovado, donde se substitúe a subvención polo préstamo, son medidas alternativas de investimento público para que non se desplomen, como consecuencia da redución económica, os investimentos en Galicia, son medidas que priorizan a innovación, son medidas que priorizan a tecnoloxía; aforrar en gastos correntes, establecer un catálogo de medicamentos, utilizar a Cidade da Cultura da forma máis razoable e máis eficiente posible, é dicir, facer o máximo posible con menos.

Señoría, estou seguro de que Galicia será capaz de saír e de adiantarse á crise. Somos realistas e consecuentes. Somos un país no que se pode confiar, somos un país coa mellor materia prima posible, que son as galegas e os galegos. Somos un país acostumbrado ao esforzo, somos un país proactivo, somos –como teño insistido nesta comparecencia– un país capaz.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA: Moitas grazas, presidente.

Esgotada a orde do día, levántase a sesión.

Remata a sesión ás tres e media da tarde.



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25